



interea *visual*

10



cultura de rede



SOKRAM - Marcos Cousu

creativo - Membro do COLECTIVO DIOS KE TE CREW

fotolog.com/sokram72


sokramsoke@hotmail.com


Na póla mais alta da miña abstracción
máis retorcida...

nace en mim un espírito mutante que a
cada paso, faise máis e más grande...
facendo que eu medre ó me nutrir do
TODO que me influencia, para ben ou
para mal...

Na póla más alta da miña abstracción
máis retorcida...

Nace unha idea: **son un MUTANTE!**





Santi Jiménez
Todo un camino por recorrer 01, 02, 2007
Mixta sobre papel, 70x100 cm.

Dalgún xeito conmemorar o número dez (aínda que todos lembramos que houbo un iniciático número cero) desta nosa e, sobre todo, vosa publicación, arredor do tema *Cultura de redes* non é casual. Ten un aquel de clara intencionalidade que lle outorga unha especial plusvalía ao exemplar que tendes nas mans. Posto que o bo governo cultural debe ser, ante todo, un sistema de regulacións que procure as máximas interaccións posibles, sensibilizar polo articulamento de programas e proxectos en colaboración interinstitucional e entre axentes ben merece o esforzo. A tradicional relación gobernantes-gobernados, amodo pero decididamente encamiñase cara a unha interacción de actores individuais e institucionais que comparten a responsabilidade do ben común. O espazo público visualizado polas administracións locais debe garantir este xogo de sinerxías entre os axentes da cultura locais. Rede significa procurar xuntos uns mesmos obxectivos, de aí as múltiples vantaxes sociais e económicas de tecer redes entre nós.

Desde hai uns anos así o entendemos e assumimos por parte da área de cultura do organismo provincial. A pretendida constitución da Rede Cultural da Deputación da Coruña, cos programas de música, teatro, monicreques e compañías de danza, é unha mostra. Cun exercicio de vontade e tamén de innovación política en xestión cultural pública cara aos nosos administrados (concellos e entidades asociativas principalmente), puxemos en práctica novas canles, novos soportes e colaboramos para xerar novas relacións. En formato de rede, menos centralizadas e más sistémicas. Nesta intencionalidade na xestión, é vital a implicación de todos os actores culturais, non só no labor de uso das axudas, senón na

posibilidade que se abre a conformar outras políticas culturais más implicadoras: na definición dos seus obxectivos e das súas escalas.

Porque, en definitiva, desde esta nova iniciativa do proxecto *interea* e noutras accións de natureza formativa e investigadora que se levan implementando na nosa provincia, trátase de dar argumentos para concienciar a todos os axentes, nomeadamente aos concellos e aos seus responsables políticos e técnicos, da conveniencia de traballar en rede. Isto, entre outras vantaxes, posibilita a xeración e a activación dunha amalgama de protagonistas xa existentes e a incorporación doutros novos. Ben para intensificar as interrelacións, ben para favorecer intermediacións tendentes a procurar determinados retos definidos dende unha perspectiva de políticas públicas.

As voces dende a reflexión e as experiencias ou *boas prácticas* que aquí se amosan, ainda que escasas porque estamos nos albores de entender a acción cultural pública desde tales parámetros sistémicos, procuran explorar a creación de escenarios de suma positiva que animen a minimizar a problemática inherente e a incerteza intuída. Fornecer a densidade relacional, promover a cultura do trabalho en equipos e a intermediación semella, hoxe en día, un exercicio de pluralismo político e sentido común. Tamén de sustentabilidade cultural. Anímosvos, pois, a tecer esa rede de redes, permeable e heteroxénea que axude a proxectar a acción cultural e a provincia da Coruña cara a un tempo mellor. Velai vai o meu compromiso de colaborar na tarefa.




Salvador Fernández Moreda

Presidente da Deputación da Coruña



tema	0	Capa e contracapa / Marcos Couso
	1	Editorial
	4	Do espectacular ao relacional / Xavier Campos
	8	Manuel Larriño
	10	Cultura de redes, multimedia e segundas vidas / Fran Pérez Lorenzo
	14	Animación sociocultural e traballo na rede en Iberoamérica / Víctor J. Ventosa Pérez
	23	Santi Jiménez
	24	Transversal...Rede de actividades culturais / Lluís San Martín
	28	Novas artes para a faena cultural? / Fernando R. Lavandeira
	31	David Rubín
opinión	34	Rede, a nosa! / Lois Rodríguez
colaboracións literarias	37	O Leopardo / Manuel Veiga
chaves	38	Das bondades e riscos inherentes aos obxectivos extrínsecos no planteamento da acción cultural / Xan Bouzada
	41	A avaliación institucional / Antonio Javier González Rueda
	47	Lola Beade
	48	Federalismo, nacionalismo e racionalidade / Pedro Puy
conversa con...	52	Conversa con... Xosé Luís Barreiro Rivas
boas prácticas	58	Amimuola / Marta Maciel
	62	35 Milímetros, 36 fotos, 25 años de fotocracia en Ourense / Manuel P. Rúa
	64	Anne Heyvaert
colaboracións	65	A Tohu, os beneficios dun organismo sen ánimo de lucro
	68	Disonancias. Novos territorios para a Arte
axentes	72	CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea
	76	O Ecomuseo do Forno do Forte
	78	e-burbulla / Marcos Lorenzo
	80	Nova Xestión Cultural
	82	Recursos

 <p>Do espectacular ao relacional</p> <p><i>Kader Attia</i></p> <p>Artista tunecino que se inspira en la naturaleza y la cultura de su país natal para explorar temas como la memoria, la identidad y la memoria.</p> <p>tema</p>	 <p>manuel larriño</p> <p>Artista gallego que explora la relación entre la naturaleza y la cultura, a través de pinturas y esculturas.</p>
 <p>Transversal... Rete de actividades culturais</p> <p><i>Lorena Martínez</i></p> <p>Revista que aborda la cultura y las artes de una manera transversal, explorando diferentes aspectos y disciplinas.</p>	 <p>Animación sociocultural e traballo na rede en iberoamérica</p> <p><i>Natalia Gómez Pérez</i></p> <p>Revista que se centra en la animación sociocultural y el trabajo en red en Iberoamérica.</p>
 <p>O LEOPARDO</p> <p><i>colaboracións literarias</i></p> <p>Revista literaria que publica colaboraciones de autores y artistas.</p>	 <p>opinión</p> <p>Revista que publica opiniones y análisis de diferentes autores.</p>
 <p>Xosé Luís Barreiro Rivas</p> <p><i>Entrevista a Xosé Luís Barreiro Rivas</i></p> <p>Revista que realiza entrevistas a personalidades y autores.</p>	 <p>chaves</p> <p>Revista que se centra en la cultura y las artes de Galicia.</p>
 <p>AMIMUOLA</p> <p><i>anxos do museu de olaría</i></p> <p>Revista que aborda la cultura y las artes de una manera más práctica y aplicada.</p>	 <p>boas prácticas</p> <p>Revista que se centra en la cultura y las artes de una manera más práctica y aplicada.</p>
 <p>axentes</p> <p>Revista que se centra en la cultura y las artes de una manera más práctica y aplicada.</p>	 <p>35 Milímetros, 36 fotos, 25 años de fotocracia en Ourense</p> <p><i>Ricardo P. Sáez</i></p> <p>Revista que se centra en la cultura y las artes de una manera más práctica y aplicada.</p>

sumario

Do espectacular ao relacional

Xavier Campos

Consellaria de Cultura e Deporte
Xunta de Galicia



Mónica Rivas Casa da lúa, óleo sobre lenzo, 60 x 60 cm. / Corazón fresa, óleo sobre lenzo, 60 x 60 cm. / Paradise, acrílico sobre lenzo, 90 x 136 cm. / Pomba e flor, acrílico sobre lenzo, 89 x 116 cm.

**Unha apostá polo traballo
en rede e a implantación
sociocomunitaria das
políticas culturais**

Falaba hai uns días con amigos cos que comparto a paixón polo traballo cultural sobre as dificultades que temos actualmente os xestores culturais do ámbito público para restituír o noso papel nun contexto en que os cidadáns somos educados desde pequenos en opcións de consumo cultural esencialmente pasivas, espectaculares e orientadas a un tipo de recepción masiva que rexeita todo aquilo que considera esixente, minoritario ou incómodo de máis. E reflexionabamos tamén sobre como, pola contra, o labor que desenvolvemos desde as administracións públicas, lonxe de admitir este paradigma predominante, ten hoxe que se esforzar por atopar os camiños que repoliticen de novo á cultura, isto é, a convertan outravolta nun elemento xerador de ideas, valores e sentido para a vida cotiá. Porque unha sociedade coma a actual, diante das incertezas, tensións e desacougos que o proceso de mundialización capitalista está provocando nas nosas vidas, acreditamos que precisa da cultura –entendida en sentido amplo– como toma de terra e ferramenta útil á hora de afrontar estas mudanzas.

Pola súa banda, o cambio político producido en Galiza após 25 anos de gobernos AP/PP e as radicais transformacións que o acceso ás novas tecnoloxías provoca nos circuitos e hábitos sociais de consumo cultural confirman, tamén a nivel galego, a vivencia deste tempo coma un tempo de cambios e de crise, no sentido primixenio do termo. A necesidade neste sentido de máis análises e investigacións sobre as nosas políticas culturais e sobre as mudanzas sociais que estamos a vivir é hoxe absolutamente evidente e ineludíbel, e máis se non queremos correr o risco de acabar dando, aínda coa mellor das vontades e o máximo de esforzo persoal, pouco más que paus de cego na nosa acción cultural¹. Enténdase que este artigo está absolutamente exento de tal pretenciosidade, e véxase simplemente como un achegamento parcial a algunas cuestións, cambios de enfoque e prioridades das políticas culturais en Galiza que nos ocupan e preocupan desde a propia experiencia persoal.

O primeiro, unha herdanza envenenada

A miúdo digo e con convencemento, mais nunca como desculpa que todos arrastramos unha pesada lousa. Os creadores, os xestores, os responsábeis políticos, os activistas do tecido asociativo e amador... todos nós vimos –vívíramolo ou non en función da nosa idade– dun pasado de 25 anos de política cultural en Galiza caracterizada, basicamente, pola confusión entre cultura, espectáculo e propaganda gobernamental e pola ausencia dun modelo integral de desenvolvemento dos nosos sectores culturais. Esta ausencia de modelo e de proxecto que moitos apuxeron ao PP non deixou de ser, porén; un modelo en si mesmo de facer política, con consecuencias, iso si, acho que perversas para o conxunto da nosa cultura. Cara aos distintos sectores, supuxo a política dos despachos e das solucións particulares con resultados eficaces no seu desvertebramento e desactivación; cara a sociedade, a substitución encuberta da cultura de base pola cultura espectacular (e a poder ser, foránea) e a confusión entre o traballo cultural público e a organización de macroeventos desde a lóxica das empresas e as comisións de festas.

Sendo xenerosos, e presumindo que a acción política do PP respondeu a algúun paradigma teórico concreto, poderíamos subliñar como unha das súas principais características a apostía, case que exclusiva, polo modelo da "democratización cultural"², isto é, pola promoción da oferta de espectáculos para o seu consumo por parte da poboación. A centralidade da oferta cultural dentro das políticas culturais públicas, que supón a asunción dun papel pasivo para os cidadáns como *receptores*, foi acompañada por unha certa obsesión polos resultados, que procura e precisa grandes cifras de asistencia para lexitimar as súas apóstas, favorecendo á súa vez unha grande confusión de papeis entre as administracións públicas e os sectores privados. Así, non resulta estranxo, por exemplo, observar como aínda hoxe moitos macroconcertos de figuras mediáticas, organizados cunha lóxica de beneficio clara e lexitimamente empresarial,

seguen a ser sufragados en grande parte con cargo aos orzamentos públicos das distintas administracións, ou como con cartos das mesmas destinados ao labor cultural se financian acotío todo tipo de eventos turísticos, gastronómicos e festivos nos que a componente cultural non pasa, no mellor dos casos, de coartada meramente colateral.

O problema maior, a pesar disto, non é que a apostía pola *oferta* de espectáculos fose a opción predominante en detrimento doutras, senón que a desidia e a intención basicamente instrumentalizadora coa que se fixo provocou que nin os propios obxectivos que o paradigma da *democratización cultural* procura fosen conseguidos cun mínimo de satisfacción. Mostra disto é que só agora comeza a haber estudos e análises avaliadores do nivel de recepción das programacións públicas ou dos efectos que teñen na xeración de públicos, por poñer algúns exemplos³. E os resultados, por certo, son desoladores. Nestes anos, nin se corrixon as debilidades do mercado, nin se conseguiu aumentar o consumo cultural, nin se favoreceu a diversidade e a excelencia da oferta artística nin se sensibilizou e educou ao públicos para unha mellor recepción das diferentes propostas.

As institucións nos foguetes, e a sociedade...

Fronte á realidade triste do campo institucional –coa honrosa e meritaria excepción dalgúns concellos e cidades, sobre todo a partir de finais dos noventa–, tivo que ser en xeral a sociedade civil quen tomase a iniciativa na promoción, cara dentro e cara fóra, da nosa cultura. Desde experiencias puntuais como a Burla Negra ao labor constante das asociacións pedagóxicas, de defensa da lingua, da promoción do patrimonio etc, podemos dicir que foi a propia sociedade quen, a través da suma destas diferentes iniciativas, se conformou pasenxo como a verdadeira protagonista de grande parte dos proxectos más interesantes que se deron na acción cultural en Galiza ao longo destas dúas últimas décadas, e case sempre sen contar co apoio e co papel director dunha administración galega que, neste sentido, dimitiu decote das súas responsabilidades.

A modo de resumo, poderíamos dicir que o modelo de política cultural do que vimos caracterizouse por promover o espectáculo cara a fóra e por ocultar, cara a dentro, os grandes ocos e baleiros que viviron os sectores e os axentes culturais do país, tanto no campo sociocultural coma no dos creadores e no das empresas culturais. A herdanza recollida, en definitiva, non foi un punto de partido idóneo a partir do cal poder seguir construíndo a cultura do país, senón máis ben un caos no que ás veces cumplía primeiro deconstruir, noutras ordenar e, na maioría dos casos, resolver aquelas cuestións de maior urxencia e necesidade. Só a partir de rematada esa primeira fase de traballo, que é xustamente o momento no que estamos agora, é factíbel poñer enriba da mesa un novo modelo de política cultural, verdadeiramente transformador, para ir desenvolvendo nos vindeiros anos.

As resistencias, como é lóxico, van ser grandes. Entre algunas xa facilmente detectábeis e derivadas do propio peso da inercia destes anos encóntranse, por exemplo, a tendencia das administracións a seguir centrando o seu esforzo case que exclusivamente no campo da *oferta*, ou o propio conxunto de malos hábitos adquiridos por todos nós –xestores, creadores, responsábeis políticos– e que son difíciles de substituir no curto prazo por unha nova cultura política e social de boas prácticas e relación cooperativa.

Menos curtopracismo e máis transformacións

A cultura galega precisa hoxe, de maneira imprescindible, dun outro modelo de política cultural pública. E ese modelo ten que ser integral e estratéxico, é dicir, ten que debuxar o horizonte futuro ao que queremos chegar e ten que ter en conta todos os planos: o da creación, promovendo a formación, a investigación e a excelencia artística; o das industrias culturais, apoiando a existencia dun tecido empresarial galego que sustente con profesionalidade, saber fazer e independencia o talento artístico existente; o patrimonial, con políticas que favorezan a conservación e aproveitamento intelixente do noso patrimonio e o poñan en relación coas dinámicas creativas actuais; e, tamén e sobre todo, o dos proxectos socioculturais, que promovan e busquen a implicación activa dos cidadáns e a súa implantación comunitaria a través da cooperación dos diferentes axentes culturais -asociativos, públicos e privados- existentes no territorio.

Entendéndoo así, a Consellaría de Cultura anunciou publicamente ao longo deste 2007 a súa apostase por levar a cabo un cambio estrutural nas políticas culturais galegas. A decisión, substanciada tanto na xa emprendida reforma interna da Consellaría⁴ como no deseño e implementación de políticas sectoriais integrais –Lei do Libro, Plan Galego das Artes Escénicas etc– trata fundamentalmente de crear ferramentas administrativas más eficaces e más útiles para afrontar os novos retos que a cultura galega ten por diante. Non se trata, xa que logo, de atender agora uns ámbitos en detrimento dos outros, senón precisamente de traballar no desenvolvemento pleno de todos eles, a través de organismos especializados e cunha permanente interlocución cos sectores.

Desta maneira, nos próximos meses camiñaremos cara a un novo modelo de Consellaría, cara unha Consellaría que se esforzará por promover a cooperación e a complicidade entre axentes a nivel social e territorial e que se quere a si mesma como unha eficaz dinamo-cultural, mobilizadora de vontades e recursos e impulsora de proxectos vertebradores e colectivos. Neste sentido, os retos das políticas culturais públicas en Galiza esixen hoxe, xustamente, a promoción sen complexos da nosa cultura e da nosa identidade, a través dunha acción política que cree as condicións precisas para a creación e desenvolvemento de maior densidade cultural no territorio, para a consolidación e dinamismo de núcleos creativos de calidade e para o

fortalecemento dun certo sector empresarial máis estable, autónomo e profesionalizado.

O traballo cultural en rede, unha aposta central para os novos tempos

Mais vaimos ao que nos ocupa, porque a análise do contexto do que vimos e dos condicionantes previos cos que temos que traballar xa foron, seguramente, máis debullados do que cumpría. Centrémonos, pois, no tema do artigo e fagámolo dando conta dunha aposta: a da Consellaría de Cultura polo traballo cultural en rede, a colaboración entre axentes e os proxectos colectivos de base ampla que se sosteñan e medren vizosos a partir da súa propia natureza complexa e plural.

Aínda que a plasmación desta aposta polo traballo relacional en rede vai ter –estao tendo xa– reflexo na acción política da Consellaría a través de proxectos dos diferentes ámbitos da mesma, do campo sociocultural e artístico da Dirección Xeral ao das industrias culturais do IGAEM/AGADIC, quizais sexa no primeiro deles no que se vai facer máis evidente. E isto é así porque a especial atención que a dimensión más social da cultura vai ter na nova Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural parte de dous convecementos. O primeiro, o da crise do actual modelo cultural da sociedade capitalista, caracterizado pola homoxeneización da cultura e pola súa conversión en simple producción intensiva de mensaxes –polo demais, nada inocentes– elaborados e transmitidos segundo a lei da oferta e da demanda. O segundo, a necesidade de promover e construír, desde o ámbito público, modelos alternativos e mesmo antagonistas dos predominantes na cultura actual, que permitan devolver carga simbólica e xeración de valor a unha cultura que, entendida en sentido amplo, debe ser novamente ferramenta formadora e transformadora e que, entendemos, precisa fortalecer, para conseguilo, a súa presenza na experiencia vivencial das persoas.

Fronte ao modelo da cultura espectáculo que vivimos case en exclusiva durante anos, a aposta actual vai ir na liña de dar prioridade a outros camiños, a través de proxectos que permitan que a relación das persoas coa nosa cultura se dea tanto desde a recepción de propostas como, fundamentalmente, desde o protagonismo e a implicación na proximidade. Experiencias tan fermosas coma os obradoiros Olladas de Muller de Ribadeo, Vilar de Santos e Arousa, a creación do grupo musical Malvela de Mos ou o proxecto Leña Verde en Boiro e no resto da comarca do Barbanza son todos bos exemplos, en ámbitos distintos, de que a cultura pode e debe ser importante na achega de máis sentido e valor para a vida das persoas.

É precisamente desde esta concepción desde a que a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, dentro das súas liñas de traballo para 2008 e 2009, vai poñer en marcha unha serie de programas socioculturais que, por un lado, nacen a partir da vontade de mudar a lóxica do cidadán receptor pola do cidadán

protagonista e que, polo outro, farán pasar aos xestores e técnicos culturais de programadores do que os cidadáns poden ou deben ver a conectores entre distintas persoas, axentes e propostas culturais, cunha función moito máis relacional e orientadora.

Un novo programa sociocultural da Dirección Xeral

O programa CULTURA NOVA, que comezará de maneira piloto nas comarcas do Barbanza e A Mariña en 2008 e que será presentado antes do remate do ano 2007 baixo un outro nome de marca, será o primeiro deles. CULTURA NOVA é un proxecto de carácter sociocultural comarcal, destinado a traballar as relacións entre mocidade e cultura desde a apostila pola creación de redes de colaboración entre os diferentes axentes (asociativos, institucionais, educativos, patrimoniais, creadores etc) das comarcas devanditas. A procura dun modelo relacional para a xente nova arredor da cultura, que promova a creación e desenvolvemento de máis densidade cultural, é en si mesmo o primeiro obxectivo deste proxecto, que contará con accións formativas, con exhibición de espectáculos e con medidas de apoio aos novos creadores. Os eixes artísticos (música-escrita, imaxes e novas escenas), que darán coherencia e unidade a nivel galego ao programa, contarán no seu desenvolvemento preferentemente con colectivos, empresas e institucións das propias zonas, procurando a colaboración entre elas e procurando garantir a maior implicación e coñecemento sobre a realidade na que se pretende intervir. Para a súa xestión, a Casa da Parra compostelá será o lugar onde se centralicen os traballos de coordinación nacional e dinamización da rede de comarcas nas que ano a ano se pretenderá ir desenvolvendo este proxecto, con espazos cabeceira do mesmo en cada unha delas (o centro social de Boiro ou a Casa do Padroado de Sargadelos, por exemplo, serán os primeiros espazos vinculados ao programa Cultura Nova na Barbanza e Mariña).

O traballo en rede na proxección exterior da cultura galega

Ao tempo que se porán en marcha novos programas de tipo sociocultural ou de apoio á creación que empregarán como método o traballo en rede dos diferentes axentes, actualmente a Consellaría está xa aplicando esta fórmula nalgúnsas experiencias de interese para a nosa cultura. A nivel de programacións, a vertebración e coordinación das salas de música en Clubtura e a creación con eles da Rede Galega de Música ao Vivo, ou no ámbito musical a posta en marcha de *Galician Tunes*, como experiencia compartida polas empresas, os artistas e a administración para a promoción exterior da música galega. Porén, quizais sexa no campo da colaboración cos colectivos e axentes culturais galegos de espazos coma Barcelona, París, Lisboa ou Bruxelas no que a apostila por unir esforzos se vexa de maneira máis clara. E neste sentido,

experiencias coma a refrega francesa ou a rede.cat catalana son singularmente interesantes, porque se constitúen como redes de axentes culturais galegos neses respectivos territorios para a colaboración no deseño e xestión de programas conxunto de actividades. No caso catalán, rede.cat nace ademais da experiencia de traballo compartido noutra rede –como foi *Nunca Más* de Cataluña– e emprega a grande rede da sociedade actual –internet– para o traballo e a relación interna dos seus compoñentes. Neste 2007, froito do traballo común da Consellaría e de rede.cat fixéronse neste en Barcelona actividades de promoción da nosa cultura no exterior, coma o festival musical *SonGaliza* ou algunas das actividades recollidas na Axenda Cultural Galega en Cataluña.

Outros casos, como as actividades galegas de *Muziek Publique* en Bruxelas, programacións como a de Portugalizando en Lisboa ou proxectos que poden saír nos vindeiros meses en Gales e en Madrid están tamén integrados nesa vontade de tecer rede de colaboración entre a Consellaría e as persoas e colectivos culturais galegos no exterior, dentro dun programa definido de traballo que, neste sentido, vai promover a relación, interacción e conxestión de actividades tanto entre eles como entre eles e a propia Consellaría.



Notas



¹ Neste sentido resulta especialmente importante a posta en marcha do Observatorio da Cultura Galega, froito do convenio asinado en 2007 pola Consellaría de Cultura e o Consello da Cultura galega.


² Santerre, Lise (1999), *De la démocratisation de la culture à la démocratie culturelle*. Québec, Ministère de la Culture et des Communications.

³ Na web do IGAEM (www.igaem.xunta.es) pódense consultar a este respecto, entre outros, os estudos feitos sobre os niveis de satisfacción dos públicos da Rede Galega de Teatros e Auditórios, así como os niveis de asistencia aos distintos espectáculos.



⁴ Está previsto que en 2008 se produza a conversión do IGAEM na Axencia Galega das Industrias Culturais, un organismo que incluirá nos seus órganos de decisión ás Consellarías de Cultura, Economía e Industria, e que terá como obxectivo central fortalecer o tecido empresarial galego no ámbito da cultura. Pola súa banda, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural centralizará toda a relación cos concellos e as entidades sen ánimo de lucro e desenvolverá todas as políticas integradas dentro das dimensións máis socioculturais e artísticas.


manuel | arino





mlarino@gmail.com





Mar Vicente

Detalle Caja de reflexiones, 2005
Acrílico sobre madeira enteada. 25x25x10 cm.

Cultura de redes, multimedia e segundas vidas

Fran Pérez Lorenzo

Xornalista cultural de O Correo Galego

Poucos de nós hoxe seríamos quen de formular o noso presente fóra dese espazo integral que é Internet. Nese magma de información e de fluxos, desenvolvemos todas as accións que concirnen á nosa individualidade. En Internet somos, falamos, ollamos e ouvimos; en Internet construímos cada hora das nosas vidas, diluímos fronteiras e articulamos nexos anteriormente inexistentes. E creamos comunidades: grupos funcionais, de interese, unidos por gustos e opcións persoais, non delimitados polo ditado dun lugar, unha imposición horaria ou un contorno laboral concreto.

Esta relectura das relacións sociais ao abeiro da rede é, porén, menos utópica do que, de primeiras, podería parecer. *Second life*, por exemplo. Millóns de persoas, (entre elas quince mil galegos, segundo as estimacións da firma The Cocktail Analysis) pasean diariamente por ese contorno virtual que é unha recreación en tres dimensións do mundo que habitamos. Avatares de robóticos movementos deambulan por un universo paralelo onde é posibel mercar un coche, asistir a un concerto ou quedar cuns amigos para tomar algo. As empresas, as universidades e as institucións públicas acudiron xa á chamada desta *Segunda Vida*. Mais agora, cando esta *sociedade limitada* se converteu no *must* informativo-tecnolóxico dos xornais e das televisións, alguén deu xa a voz de alarma: *Second Life* frea o seu ascenso, as visitas non medran o agardado, o consumo non se estabiliza e o seu futuro inmediato será, pouco menos, o dun páramo desolado.

A capacidade infinita da rede de redes, a contaminación ou disolución das fronteiras entre o virtual e o real e os avances tecnolóxicos que redebuxan a nosa cotianeidade están a producir mudanzas substanciais non só no xeito de nos comunicar, senón na percepción do tempo e do espazo que habitamos. Da mesma maneira, as culturas, integradas como están por procesos de comunicación, mudan ao mesmo ritmo. E, en parte, porque o territorio que vai da realidade ás súas representacións simbólicas é cada día máis borroso, máis difícil de identificar.

A interactividade cultural do multimedia

Habitamos un contexto multimedia en que conviven todos os estímulos, canles e medios; un macroinstrumento de creación, producción, difusión e comunicación do que nós mesmos facemos parte e que está atravesado por un concepto esencial: a interactividade. Ese multimedia dixital interactivo é a nosa auténtica *Segunda Vida*, o noso contorno simbólico. Así o explica Manuel Castells no primeiro volume da súa trilogía sobre a era da información: "Quizais o trazo máis importante do multimedia, -di Castells- sexa que capture dentro dos seus dominios a maioría das expresións culturais en toda a súa diversidade. A súa aparición equivale á fin da separación e mesmo da distinción, entre medios audiovisuais e impresos, cultura popular e erudita, entretenimento e información, educación e persuasión". "Toda expresión cultural –continúa-, da

peor á mellor, da máis elitista á máis popular, se reúne neste universo dixital, que conecta nun supertexto histórico e xigantesco as manifestacións pasadas, presentes e futuras da mente comunicativa. Ao facelo, constrúe un novo contorno simbólico. Fai da virtualidade a nosa realidade".

As novas tecnoloxías que erguen ese contexto non son simples instrumentos, senón que, cada día máis, nos fan repensar a realidade e, polo tanto, transfigurala. Son un medio, claro, mais tamén un motor do cambio; sobre todo porque as novas tecnoloxías, o novo contorno virtual, a sociedade rede rompe os lazos con esa realidade que até o de agora coñecemos e pon en crise conceptos tradicionais como o de corpo, espazo, experiencia... A rede está apuntando, ademais, modelos inéditos de coñecemento, formas de tratar a información, de a almacenar.

A finais dos anos trinta do século XX, Maurice Blanchot en *Le dernier mot* escribía que xa daquela deixara de existir unha biblioteca de referencia que estruturara os coñecementos. Cada persoa debería entón construír os seus propios puntos de referencia. Desapareceu ese corpus de coñecemento organizado, académico, e cada un vese na obriga de afrontar esa construcción que é, en gran medida, unha construcción cultural. Internet veu, dalgunha maneira, exacerbar ese proceso, atomizando a cultura nun estoupiido de datos, textos, imaxes, sons e xeitos de nos comunicarmos. A rede de redes é hoxe a forma cultural privilexiada mais tamén un sistema integral de acceso público que está a provocar unha mudanza das políticas culturais tradicionais, especialmente en áreas como o patrimonio (museos, arquivos...), a lectura pública (bibliotecas, bases de datos...), a literatura ou o cinema.

Unha nova relación cultural

En relación á vida dos produtos culturais, Internet e as novas tecnoloxías veñen modificando substancialmente a nosa percepción quer de produtos quer de servizos e a consideración que deles temos como efémeros ou perdurábeis. Os produtos son cada vez menos puramente produtos e os servizos son menos simplemente servizos. Asistimos a unha globalización das propostas, unha mestizaxe, unha ampliación das marxes que nos permite falar de *situacións culturais*, un termo que, na miña opinión, cifra a diversidade de factores, públicos, procesos e resultados que inciden na recepción dunha obra de teatro, unha exposición, un concerto ou un ciclo de danza...

A posibilidade de serializar a producción de contidos culturais condúcenos, por outra parte, a un novo paradigma ou, cando menos, a unha forma diferente de nos relacionarmos coa cultura: máis aberta, máis fluída e de acceso gratuito e universal, con todo o que iso implica. O que permite a tecnoloxía acaba por ocorrer e a industria está a xerar unha tecnoloxía que cuestiona o seu propio negocio. Estámolo vendo-vivindo: descargas de películas, vídeos, música, textos... Sen

intermediario. As redes P2P (*peer to peer* ou entre iguais) son o epicentro dunha interacción cos produtos culturais que resitúa o poder simbólico dos emisores tradicionais. Esas redes (os programas cos que baixamos películas ou discos) están na base do que xa se chama *cultura libre*, un concepto que toma o seu nome dun libro referencial *Free Culture (Como os grandes medios usan a tecnoloxía e as leis para encerrar a cultura e controlar a creatividade)*, de Lawrence Lessig, un avogado experto en ciberdereito e creador das licenzas *Creative Commons*, (CC), un marco normativo alternativo que ampara a creación, producción e distribución de produtos culturais, e que aposta por compartir a propiedade intelectual e certos dereitos como o de copia, difusión, modificación ou creación de obra derivada.



Galiza, situada á cola do Estado nos índices de penetración na rede, non é allea a este proceso se ben parte dunha posición de desvantaxe. Como lembra o mencionado Castells, "a diferenza da televisión, os consumidores de Internet son tamén os seus produtores ao proporcionaren os contidos e configuran a rede. Así, a gran desigualdade no momento da chegada das sociedades á constelación Internet terá consecuencias perdurábeis para as pautas futuras de comunicación e de cultura mundiais".

Malia ese desaceleramento de partida, a cultura galega ten hoxe a rede de redes como espazo definitorio das súas *situacións*. A catástrofe ecolóxica do Prestige e a resposta social de movementos cidadáns como Nunca Máis foi, alén dun revulsivo


sen precedentes na historia recente, o punto de partida e a materialización en Galizaalgúns dos principais presupostos da cultura de redes: a comunicación horizontal e non xerárquica, a creación de estruturas alternativas e a utilización dos novos medios, do multimedia dixital interactivo, como canle privilexiada dunha mensaxe global en que concorren creatividade, mobilización social e acción política. Portais informativos, blogs e plataformas virtuais ergueron daquela unha visión da cultura como proceso colectivo, na medida en que a cultura supón a afirmación dunha identidade (vinculada ou non a un territorio) e que a identidade, na nosa sociedade, xa non é un pétreo monólito senón unha suma de identidades múltiples, permeábeis, non estáticas, mutábeis...

O influxo dos medios, a globalización, Internet, a flexibilidade do traballo, a debilidade das redes sociais..., fan que cada vez máis esa identidade se vincule ao mercado, ao seu poder e ás súas recompensas. Somos o que representamos nese mercado, como nacións mais, sobre todo como individuos, e ese valor establécese de xeito global. Paradoxalmente esa *individualización colectiva*, esa falta de soportes, esa soildade, desemboca na procura de referentes comúns, de redes de apoio e nun regreso á cultura (ao idioma propio, ao patrimonio, ao territorio...) para resituarnos no mundo e revalorizarnos, para non estarmos sós, real ou virtualmente, tanto ten. Creo que estamos nese proceso e na batalla por ese equilibrio.



Mar Vicente
Serie Ventanas, 2006
Acrílico sobre tea. 45x35x15 cm.

Damián Eiras
Sin título, 90x120 cm.
damianeiras@hotmail.com



Animación sociocultural e traballo na rede en Iberoamérica

Víctor J. Ventosa Pérez

Presidente da Rede Iberoamericana de ASC (RIA)
Profesor da Universidade Pontificia de Salamanca
Xefe do Servizo de Xuventude do Concello de Salamanca

O devir da ASC vai evolucionado ao ritmo da propia evolución da Sociedade, como non podía ser menos, até chegar a un punto no que o desenvolvemento actual das tecnoloxías da información e comunicación xunto coa deslocalización e desbordamento de culturas e fluxos humanos, económicos e sociais, están determinado unha progresiva transformación dos ámbitos e referentes topolóxicos da ASC, desde un primeiro nivel *grupal* (mediados do século XX), caracterizado pola procura de identidades colectivas en termos de clase, ideoloxías ou crenzas, até ao ámbito virtual ou ciberespacial de principios do século XXI, pasando por un estadio intermedio territorial (local e/ou nacional) (último cuarto de século XX) con predominio da procura de intereses culturais e/ou territoriais (Viché,M., 2007).

Con todo, esta transformación non é nova nin acaba de xurdir, senón que vén de atrás e corre en paralelo coa evolución da educación polo menos desde o inicio da chamada *crise mundial da educación* (Fauré, 1973; Coombs, 1985). Este proceso igualmente globalizador que eu analicei hai xa algúns anos caracterizándoo como o *desbordamento* das coordenadas espazo-temporais da intervención socioeducativa (Ventosa, 2003) afectou nun primeiro momento á educación (segunda metade do século XX) e está a afectar agora a principios do Séc. XXI á ASC:

- No espazo: o desbordamento espacial da animación vense obxectivando nos últimos anos a través do

desprazamento da intervención presencial, territorial e comunitaria ou grupal a un tipo de intervención non presencial e virtual á mercé das posibilidades de comunicación ofrecidas polas TIC. Este proceso conduce á reorganización dos espazos de animación e tempo libre cada vez más diversificados, mercantilizados e desmaterializados. Os novos espazos de lecer familiar e comercial, os Parques temáticos, o lecer virtual e o ciberespazo como espazo prioritario de encontro, diversión, relacións e comunicación (especialmente entre os nenos e novos), son algúns dos exemplos destas tendencias.

- No tempo: do mesmo xeito a ASC está deixando de ter como tempo preferente de intervención o tempo colectivo, limitado e sometido a uns horarios públicos determinados, para pasar a actuar cada vez más nun continuum de tempo indeterminado e inmediato sen horarios prefixados.

Estas dúas categorías espazo-temporais sérvennos á súa vez para describir a evolución dos modelos socioeducativos que fundamentaron no último medio século á ASC e que podemos denominar do seguinte xeito (Viché, 2007):

- **Modelo tradicional** (até os anos setenta do século XX): - caracterizado por unha intervención sociocultural desenvolvida en espazos formais a través de tempos e horarios prefixados e limitados preferentemente a unha



Damián Eiras
grandes esperanzas, 170x170 cm.

determinada etapa da vida do individuo (infancia e mocidade especialmente).

- **Modelo moderno** (desde os anos oitenta até finais do século XX): onde a ASC pasouse a diversificar en espazos educativos non formais aínda que fisicamente presenciais e a través duns tempos cada vez máis ampliados a todas as etapas da vida humana (non só a infantil e xuvenil, son tamén a vida adulta e a senectude), aínda que aínda sometido a uns horarios comúns e fixos.
- **Modelo posmoderno** (século XXI): ao que nos estamos abrindo na actualidade e que se caracteriza polas posibilidades que o espazo virtual ?non físico e non presencial? ofrece aos procesos de ASC a través dun tempo ilimitado caracterizado pola súa accesibilidade e inmediatez.

Toda esta evolución lévanos á necesidade de redefinir a ASC á luz da actual transformación social caracterizada por dous trazos fundamentais:

- A chegada dunha sociedade de coñecemento baseada na expansión da información, a xeneralización das canles de comunicación e na xestión e producción de coñecemento.
- Unha globalización ambivalente entendida como un proceso de desbordamento e difuminación das coordenadas espazo-temporais polas que discorre a nosa actual Sociedade, mercé sobre todo (aínda que non únicamente) ao desenvolvemento das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).

Esta necesaria redefinición da ASC pasa pola revisión dos seus eixes axiomáticos ancorados nos conceptos de relación, comunicación, grupo-comunidade, participación, creación, formación, cooperación e (auto-) organización á luz do novo paradigma emerxente (Blasco, 2006:102-103) ou da complexidade (Morin, 1998) e do xurdimento das TICs que prima a estrutura de rede como canle primordial de comunicación, información, relación e organización.

Este ambicioso reto de unificar e adaptar o papel da ASC ás novas tecnoloxías e coordenadas espazo-temporais da nosa sociedade a partir da súa fecunda identidade e dos seus múltiples e comúns peculiaridades socioculturais históricas e lingüísticas, é o que asumió a Rede Iberoamericana de ASC (RIA) no seu primeiro ano de existencia. Unha andaina curta pero moi intensa que intentarei resumir a continuación, a partir dos seus antecedentes más inmediatos e decisivos.

1º. ANTECEDENTES: Acontecementos precursores e indicadores da expansión da ASC en Iberoamérica

Aínda que o concepto de animación sociocultural é de orixe europea e se desenvolve na segunda metade do século pasado (Ventosa, 2002), o seu significado empeza a cobrar relevo en América Latina nos últimos 30 anos a partir das correntes da educación popular, o desenvolvemento comunitario e a educación para o tempo libre (máis coñecida alí como recreación) (Ander-Egg, 1989; Ventosa, 1977 e 2006).

Esta entronización da ASC en Latinoamérica adquire unha especial aceleración e desenvolvemento nos últimos 10 anos a medida que se van abrindo e estreitando a colaboración e o intercambio entre diversos países de A América Latina con Portugal e España, grazas aos lazos culturais e lingüísticos comúns que configuran a identidade iberoamericana a ambos os dous lados do Atlántico, así como ao establecemento dunha serie de nodos de conexión estratégicos a partir de diversos acontecementos, encontros e demais iniciativas entre os que destacamos os seguintes:

En Perú: implantar os primeiros estudos universitarios en Animación Sociocultural desde a Facultade de Traballo Social da PUCP, co asesoramento de Ander-Egg, M^a Jesús Aguilar e eu mesmo. Froito desta colaboración durante os anos 90 do pasado século, xorde unha especialidade en ASC dentro dos estudos universitarios de Traballo Social, que posteriormente daría lugar a diversos posgraos. A partir de aquí xurdiron diversas promocións de animadores e animadoras peruanos que desenvolveron programas de animación sociocultural en diversas institucións, especialmente no municipio de Lima (programas de formación en ASC de líderes xuvenís e de barrios), até chegar a constituir un movemento asociativo moi activo como a Asociación de Animadores Socioculturais de Perú Recreándonos e a Coalición polo Dereito do neno a xogar (actualmente integrados na RIA).

En Uruguai: organízanse os primeiros encontros e congressos internacionais en recreación e tempo libre grazas á colaboración entre diversos colectivos e institucións tales como o Grupo *Recreándonos*, (<http://persoais.com/uruguay/montevideo/recreandonos>) o Foro Permanente de Recreación e Tempo libre, o Colexio San Francisco de Asís de Montevideo e as Municipalidades de Montevideo e Durazno. Desta dinámica de eventos periódicos irá tecéndose unha rede de contactos e relacións persoais e institucionais entre os organizadores e congresistas invitados, fonte, colaboración e intercambio de experiencias e coñecementos compartidos en investigacións e publicacións en español a ambos os dous lados do Atlántico.

En Arxentina: tamén se desenvolve unha rede institucional e persoal implicada na animación e a recreación en estreita vinculación con Uruguai e os colectivos xa mencionados (especialmente o Foro Permanente de Recreación e Tempo Libre, xunto con realidades igualmente significativas e máis veteranas como a Revista *Recreación* da Asociación Arxentina *Recreando*, dirixida por Pablo Ziperovich (www.recreacionnet.com.ar) ou o Instituto Superior de Tempo Libre e Recreación baixo a dirección de Pablo Waitchman.

cohabitar). No fondo, traballo en rede é cooperación, entendemento e consenso; elementos imprescindibles dunha nova xestión cultural (corixo, dunha auténtica xestión cultural) desde unha administración local entendida como axente facilitador e cooperador, máis que como protagonista único da función cultural. O que sucede é que, desde o meu punto de vista, e tal e como coido que a realidade amosa teimadamente día tras día, falar de cooperación, entendemento e consenso nos actuals concellos, de facilitar e non protagonizar e dunha auténtica xestión cultural que, por exemplo, supere o frenesi do espectáculo, resulta pouco menos que unha falacia (é unha cuestión de cultura, de cultura política, que lle imos facer!)

A mesma reflexión se pode estender a unha sociedade civil de entidades en xeral febles, demasiado ocupadas no seu propio embigo e más preocupadas por rañar fondos dos Concellos que en colaborar con eles. E, finalmente, os técnicos da cultura, aqueles que temos unha conciencia maior da potencialidade e os beneficios do traballo en rede (porque alixeirarían moitas das nosas penas), debemos, na maioría dos casos, dedicar tanta enerxía a normaliza-lo obvio do noso traballo (cando non a garantir a nosa continuidade en situación precaria e lamentablemente vergoñenta), que a penas queda moral para predicar e/ou practicar a boa nova.

O problema, pois, non se deriva en primeira instancia, e como puidera parecer, da realidade tecnolóxica, pese a que fora esta a que amosou a súa crueza, senón das estructuras (e tamén das infraestructuras) sociopolíticas da presente acción cultural local no noso país. Quizás por iso a un parécelle que más que traballo en rede, con estes moldes, miras e compromisos políticos, deberíamos falar, polo menos de inicio, de redes de traballo e, na maioría dos casos, desas redes que se che enredan nos pés e che levan ao fondo.

E a pesar de todo, móvese

O certo é que, por moito que a nosa tradición colectiva así o amose, escornar contra os novos tempos poderá enchermos dunha suposta e ufana satisfacción, mais déixanos tal e como estabamos. A xestión cultural, sensata e profesionalizada, que xa era unha esixencia nacida da crise do estado do benestar, aderezada polo fenómeno da mundialización, esixe que a cultura do traballo en rede, o establecemento de redes culturais eficaces e socialmente nutrícias e, en definitiva, o cambio de actitude fronte a xestión cultural (penso nos responsables políticos dos nosos concellos), se materialice de forma inevitable e, máis valería, non demorada.

O traballo en rede é unha condición decisiva e inescusable do quefacer da administración e non só no socioeducativo e cultural. E xa serán obsesiós que un ten, mais do voo dos corvos interpreto que a actual cultura política local non vale para este cometido.

Lola Beade

Nu 034c

Óleo sobre lenzo, 73x54 cm.



Desde a miña experiencia cotiá, redes o que se di redes (aínda que só sexan nominalmente), veñen de arriba, son lanzadas polos grandes arrastreiros (Xunta e a Deputación) e teñen, en moitos casos, máis de nominativo que de operativo: rede de teatros, rede cultural... redes "espectaculares", en calquera caso. O das bibliotecas, non obstante, ten unha presenza no eido local escasa mais valiosa (velaí os exemplos de Vilagarcía, Oleiros, A Coruña...). Coido que sería oportuno reflexionar cun algo de calma por que é máis sinxelo facer funcionar con certo éxito, pese a ser necesario mellorar non poucas cousas nelas, as redes bibliotecarias locais (moito ten que ver coas características propias destes servizos, desde logo), que a programación escénica, a participación cidadá na cultura ou mesmo a educación non formal, por mencionar só algúns ámbitos que urxe orientar neste sentido.

É certo que os concellos, en tanto institucións político-administrativas, vense superadas por oficiosas competencias e minimizados recursos. Isto, claro está, complica moito as cousas. Mais precisamente será a unión de esforzos e a cooperación inter e intra local a mellor operatividade para superar estas disfuncións. O que sucede é que fai falta decisión e convicción para enfrentar os cambios (cultura política, vaia) e tamén, desde logo, medios técnicos e humanos dignamente dotados. A nova xestión debe cruzar ese rubicón que nos leve a unha política cultural realmente asentada no goberno local, nos axentes sociais e na cidadanía, na cooperación e na corresponsabilidade. A fin de contas, as redes non son máis nin menos que unha forma de organización aberta, flexible e continxente, que complementan as institucións más estables do estado, do mercado e da sociedade civil (*Yúdice dixit*). E se efectivamente isto son as redes, aquela ten que ser o tipo de xestión na que estas se desenvolvan.

Conclusión: A insoportable levidade do que ha ser

O traballo en rede é, xa que logo, inevitable (tamén inescusable). Os tempos son chegados e, probablemente, gracias á tecnoloxía. Dunha forma ou doutra, ben por iniciativa local ou supralocal, ben por imposición da realidade económica, será antes, será despois, deberemos asumir esta metodoloxía na acción cultural e aplicármonos nela.

Mais a cuestión segue pendente, estamos preparados para as esixencias da mundialización e, cabo dela, da nova xestión cultural que deben asumir e iniciar os nosos concellos? Eu penso que non; cales serían, pois, algunas das vías para implantar esta nova operatividade? Por unha banda, a creación de redes sociais, favorecendo tamén o cambio daquelas que precisen reconvertease (ou, senón, morrer). O traballo en rede necesita dunha realidade asociativa viva e dinámica e esta dunha administración copartícipe, cooperativa e ágil. No fondo trátase dun mandato da ASC que xa era predicado hai vinte anos, cando internet era cousa de poucos ou de ningúen, e que

segue sen ser admitido en toda a súa dimensión e potencialidade pola administración (calquera que esta sexa) e tamén por boa parte das entidades. No ámbito asociativo, non tan limitado pola burocracia e institucionalización de concellos, deputacións e a Xunta, crear redes pode ser moito más eficaz e incluso unha interesante cuña para forzar ás administracións a asumir as súas responsabilidades, aplicándose na modificación de perspectivas e flexibilizando e axilizando as súas intervencións e mecanismos.

As administracións, como apuntei nalgún lugar (e senón dígo agora), deben ser "facilitadoras", e cumplindo o seu papel facilitar, desde o cumio da política cultural do país ao terreo inmediato e práctico do local, habería que esmerarse na implantación dos novos modelos de xestión, vinculando, por exemplo, dotacións económicas e infraestruturais á calidad das intervencións, menos á "espectacularidade" e más ao desenvolvemento cualitativo, menos cultura de condumio e teleobxectivo e más aplicación, ampliación e dignificación de recursos humanos, materiais e económicos para a acción cultural (claro que esto, non digo mentira ningunha, fa ser unha forte conmoción para máis dun alcalde... e dunhas cantas ducias). As redes, no ámbito que nos compete, deben ir máis alá da mera distribución territorial e temporal de teatros, danzas e cines ao aire libre, modelo ao meu modo de ver só parcialmente necesario e que debe complementarse con ámbitos de auténtica participación social (en rede).

Finalmente, más que intuír, estou seguro da importancia deste facer para os técnicos e outros axentes culturais do ámbito local. O traballo en rede supón un elemento básico do noso desenvolvemento como profesionais (ao tempo que axuda a aliviar terapeuticamente soildades humanas, económicas e programáticas, que de todo hai na viña dos concellos). Pertencer a unha rede permite aproveitar a potencialidade dos máis, aprender cooperativamente, coordinarse, atopar unha estendida alfombra de corolarios e, moi probablemente, contribuír á esa homoxenización e estandarización de persoas, procedementos e recursos que, dunha vez por todas, axuden a normalizar a función técnica cultural nos concellos deste país. Porque o traballo en rede tamén posibilita instaurar unha estructura socioprofesional que contribúa a saldar esa evidente débeda que as administracións teñen cos técnicos de cultura, sexan de onde sexan.

Propiciar redes intralocais e supralocais, implica racionalizar o traballo, ordenar e optimizar recursos e afacerse a un novo modo de facer e mesmo de ser profesional da cultura. Non nos enganemos, isto supón tamén un esforzo que non todos os técnicos están dispostos a afrontar, mais... non hai, penso eu, desculpa posible. Porque tamén na nosa función técnica cultural existe un alto grao de responsabilidade cara a materialización dos novos usos e costumes (mágoa que para o estamento político só teñamos, a maioría das veces, un ridículo-cando non bufonesco-interese). Desenvolvemos un labor pedagóxico social (polo menos tan importante coma aquel que renuncian a


exercer os políticos) e, mesmo a pesar de todos os pesares (contratacións precarias, funcións espúrias, categorías profesionais ruíns, medios e diñeiro en liquidación...), teimamos en contribuír a unha nova acción cultural, xa abondosamente caracterizada. Por iso, a "obxeción de conciencia" non é nin xustificable nin defendible. O certo é que me doen as mandíbulas ao dicir isto, mais de novo teremos que ser os profesionais da acción cultural local os que asumamos a vanguarda, coa esperanza, unha vez máis, de que nas administracións (e tamén nas entidades), sobre todo nas locais, teñan a ben tomar en serio o desenvolvemento cultural dos ciudadáns e do seu territorio (é dicir, do País), ou a que a administración autonómica –e non en menor medida a provincial-, que ven sendo a que debe deseñar e construir os alicerces da política cultural galega, obrigue aos concellos a tomar en serio a súa propia acción (ou inacción) cultural. Outro reto máis que, para que negalo, cóllenlos a todos xa un tanto *cansinos*.

Mais, en definitiva... Non soa isto ao mesmo de sempre? Non se trata, unha vez máis, de dignificar o dereito á cultura dos galegos e galegas, dos seus axentes e das súas institucións, de facer e axudar a facer real e efectivamente cultura con, para e por os nosos ciudadáns? Non é esta, exactamente, a teima que se ven publicando, debatendo, mesmo ansianto, en canto foro profesional, asociativo e institucional (aquí menos) se leva celebrado en Galiza desde hai anos? Son chegados os tempos das hecatombes: a ver se os pontífices, desta volta, interpretan ben o voo dos corvos.



Anne Heyvaert
Triptico Caixas sobre cartón, 2004
Gravado collage, 62x210cm.





DAVID RUBIN



Damián Eiras

Rede, a nosa!

Lois Rodríguez

*Editor de Vieiros
Membro da Asociación PuntoGal*

Nace internet como espazo e para a creación

Mala a idea estendida de que internet é un produto do exercito USA, Castells sostén que a rede naceu e se desenvolveu como unha ferramenta para uso científico e de comunicación cultural nas universidades e coa filosofía de apertura e de liberdade. Dous grupos con ética libertaria, o mundo hacker (colaborar, producir e compartir) e da contracultura (comunidades e iniciativas de creación e comunicación cultural) ven nela o seu espazo natural.

No 95 aparece a web, como utilidade superposta á internet, peza clave do seu éxito actual. Con ela chegou a extensión do acceso individual ás computadoras e ás conexións. Os datos de setembro do 2007, achégannos que preto de 1.250 millóns teñen posibilidade de entrar na rede. Estámonos achegando á posibilidade da comunicación planetaria e universal, e isto crea tensións, medos e tamén oportunidades. Empresas, gobiernos, lobbys... fixeron súa a rede, mais os alicerces libertarios que a sustentan seguen ofrecendo posibilidades para persoas, pobos e culturas, como nunca foi posíbel até o momento.

Internet como útil de telecomunicación cambiounos a vida, os hábitos e os procesos de producción. Tamén no eido da cultura. Pensemos en como se realizaba un libro ou un disco nos 70 e no 2007. Como se documentan os creadores, como traballa o equipo de producción, como se envía á fabricación e mesmo como se promociona e como se vende. Internet transformou o proceso creativo e de producción cultural. A web é outro dos eixos desta revolución, más social que tecnolóxica.

A realidade social define e inflúe en internet... e viceversa

A popularización da web coincide no tempo coa asunción popular das ideas que comportan os procesos sociais triunfantes tras a caída do muro de Berlín e recolle, nos usos e ideais que podemos percibir en internet, moito destes movementos. Os posicionamentos fronte á vida, a cultura e as ideoloxías influen e déixanse influir pola existencia da web: globalización, desencanto fronte ás utopías, liberalismo e consumismo, valorización de efémeros e pequenos ídolos culturais e mediáticos, a fe na imaxe e no proceso de comunicación no canto da mensaxe, o inmediato substitúe o duradeiro... As liñas centrais da posmodernidade asentan na rede e dan nova vida a esta filosofía.

Os efectos desta relación tradúcense en novos comportamentos e experiencias persoais: a segunda identidade, unha nova forma de entender o tempo e o espazo e un sistema de relacións grupais, más baseado en sensibilidades e afectos comúns ca na razón e nos ideais compartidos. O anterior define unha estética de presenza individual na rede, mais ao tempo a web abre portas a reivindicacións, á solidariedade, a un tipo de activismo novo. Lembremos a rede e o Prestige, a rede e os zapatistas, o 11M en España etc.

Estas dúas actitudes que conviven e interactúan en internet proporcionannos un mapa difuso, vivo e en movemento, que levan canda si unhas cantas preguntas áinda sen resposta, moitas veces enunciadas a xeito de medos.

As dúbidas que xera internet

Podemos resumir en dous os meirandes temores que produce a rede: por unha banda a posibilidade de que as diversas culturas do mundo poidan seguir existindo nesta nova realidade global e, por outra, se a popularización de internet significa tamén a democratización da creación cultural.

Respecto ao medo de se a rede uniformiza e afoga a diversidade cultural, a miña resposta convencida é non. Unha visión panorámica do conxunto dos distintos medios de comunicación a nivel planetario preséntanos a internet como o medio aínda máis libre, más plural e más diverso. Para países e culturas como os nosos, a rede é unha grande oportunidade.

Non obstante, son consciente que a rede significa exposición e apertura ao outro, por tanto influencia ou fin. Hai exemplos abondos de relacións entre culturas que significaron a desaparición dalgunhas por asimilación da outra. Pero iso non nos ten porque pasar a nós. Dependemos da nosa capacidade. Creo profundamente que é un reto que temos que aceptar e que podemos gañar. Todas as culturas serán más mestizas, cada individuo de cada pobo estará influenciado polo contorno inmediato e pola súa tradición, mais tamén polo resto do mundo. Ese mundo está só a un clic. Acheguemos o noso ao resto, conscientes de quen somos. Non nos quedemos en defendernos. A rede é nosa.

Supoño que queda claro que comparto o optimismo de Ismail Serageldin, director da Biblioteca de Alejandría, que en 2005, no Cumio Mundial da Sociedade da Información realizado en Túnez prognosticaba: "Creo que a idea de que unha cantidade de pobos perderán a súa identidade é equivocada. De feito, isto [refírese á Sociedade da información] vai producir resultados marabillosos. As persoas de diferentes culturas continuarán expresándose e enriquecéndose por exposición".

A outra gran pregunta é se internet democratiza de feito o acceso á cultura e á creación cultural. É unha obviedade, pero quizais hai que lembraloo: Nunca tanta xente tivo tantas posibilidades de acceder a tantos bens culturais coma na actualidade. Boa parte grazas a internet: pinturas, fotografías, películas, músicas, lecturas, coñecementos forman parte da experiencia diaria de enriquecemento cultural que pode chegar a rede. A que pinturas? a que fotografías? a que músicas? ... son as preguntas que representan o medo real e están relacionadas co temor anterior respecto á diversidade. Na rede, a vida dunha proposta funciona de xeito darwiniano, mídese pola capacidade de dar esta a coñecer e, loxicamente, polo número de visitas, más aló da súa calidade. E aquí, hai quen parte con vantaxe. O idioma e a capacidade de influencia do emisor son fundamentais, pero tamén hai miles de casos coñecidos de éxito que non partiron destes dous parámetros. Volvemos ao mesmo, dependemos de nós, de facer a rede nosa, de gañar en visibilidade, de polo menos contar co contorno máis próximo, cos galegos e galegas de calquera parte do mundo, e logo ir a máis. Para isto creamos Vieiros no 1996.

Cultura e rede no noso país

A web nace en Galiza a fins do 95 e nace en galego. Creo, enténdase que con humildade, que boa parte da historia da rede até o día de hoxe dependeu da posta en marcha de Vieiros, e de que este entendese internet como galega e en galego. A seguir chegaron iniciativas das que nos podemos sentir orgullosos como pobo: tivemos o primeiro portal dunha lingua románica no mundo, as galegas estiveron entre as primeiras editoriais europeas en ter páxina web, a CRTVG creou o máis moderno e completo modelo multimedia do continente, a implantación do universo blog foi especialmente exitosa aquí. Nun mundo onde hai máis de 6.700 idiomas e o galego ocupa

opinión

un posto entre o 140 e 150 por número de falantes, a nosa Wikipedia, a Galipedia, estase a chegar aos trinta mil artigos, obtendo o lugar 39 na clasificación das 252 nas que se edita.

A día de hoxe a presenza da cultura galega e da lingua na rede é ben máis importante que en calquera outro sistema de comunicación. Vainos ben en internet. Relacionámonos ben con ela, e iso cunhas taxas de acceso baixas, e sen planos estratégicos para a sociedade da información, aprobado aínda hai uns meses. A nosa cultura precisaba unha ferramenta así: relativamente barata, sinxela e directa, e que nos permita reunificar ese espazo de comunicación que se crea entre os que vivimos aquí e os que andan polo mundo a gañalo.

Requito, a rede é nosa. De nós depende o éxito da nosa cultura nela. Por este motivo xuntámonos varias persoas para promover e solicitarlle ao organismo internacional que controla internet, a ICANN, un dominio propio para nosa lingua e cultura. É moi probable que no 2009 Vieiros pase a ser Vieiros.gal e a Deputación da Coruña, deputacióndacoruña.gal –xa que se van poder utilizar carácteres estendidos–. Gañaremos un dos maiores recoñecementos como pobo en sentido máis amplio, xente de todo o mundo que compartimos o mesmo espazo de comunicación. Seremos unhas das poucas linguas e culturas da terra que contaremos con dominio propio. Conseguiremos visibilidade e cohesión, reintegrando os de dentro e os de fóra.

Hai que correr, este tren non o podemos perder. 



Anne Heyvaert
Costa da morte, 2005
Litografía, 30x46cm.

O LEOPARDO

Manuel Veiga

Escritor.

Premio Xerais 2004 pola súa novela *O exiliado e a primavera*
e o Garcia Barros 2006 por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*.

Non lembro de onde viña, ainda que só había un instante que deixara a miña ocupación anterior. Soamente sei que volví a cabeza en dirección ao oeste, que puiden ver un grande horizonte despexado e que a terra próxima era un extenso prado de herba medio seca. Frente a min albisquei unha valgada e tras dela outra zona alta coma aquela na que me encontraba. Apenas puiden observar nada máis, porque enfronte, a uns douscentos metros, descubrín un leopardo adulto que corria na miña dirección. A sorpresa apenas durou, ante a necesidade imperiosa de defenderme. Cavilei moi rápido. Fuxir era inútil. Eu xa tiña corenta anos e el probabelmente triplicase a miña velocidade. O más natural, que sería gabear a unha árbore, non podía facelo por haber só unha á vista e desgraciadamente más perto do leopardo. Debo dicir que estaba seguro de poder ascender a calquera árbore. O terror pularía de min. Entón lembrei unha vella táctica clandestina e tomei unha decisión. Botei a correr, con todas as miñas forzas, en dirección ao felino, finxindo ser eu o perseguidor. El non se inmutou e os dous começamos a avanzar, reducindo en moi pouco tempo o espazo que nos afastaba. O medo non me permitiu a dubida. Bateríamos un contra o outro. Pensei que tomar a iniciativa ofreciame más vantaxe que ter agardado preso do temor. Non chocamos, esquivámonos xusto antes. O leopardo virou despois con habilidade innata. Vin os seus ollos, pero sobre todo a súa boca, alcei as mans en dirección a el coma se fosen garras e observei arrepiado o sangue.



Das bondades e riscos inherentes aos obxectivos extrínsecos no planteamento da acción cultural


Xan Bouzada

Universidade de Vigo

Un dos debates más fecundos que vén animando o ámbito da Acción e as Políticas Culturais é aquel que pretende peneirar o grano e a palla canto ao tipo de obxectivos orientadores se refire. Se entendemos por obxectivos *intrínsecos* aqueles que teñen como cometido central a realización de actividades no ámbito xenuinamente cultural, por obxectivos *extrínsecos* entenderemos aqueles outros que coidan que a acción cultural serve tamén para acadar transformacións e cambios que

transcendan o simple campo cultural. Por exemplo, un obxectivo xenuinamente cultural é aquel que inspira a un programador cando partindo da demanda local e dos obxectivos de desenvolvemento cultural local programa por exemplo nunha sala de arte un ciclo de exposicións e conferencias sobre arte contemporánea dado que detectou que a nivel local existía tanto unha demanda insatisfeita como una exixencia de difundir contidos e sensibilizar a nenos, mozos e adultos sobre deste ámbito

temático. Ou ben un ciclo de teatro con obxectivos semellantes etc. Noutro sentido, de carácter extrínseco son en ocasións as lóxicas que animan algunas iniciativas culturais ao considerarmos que estas poden exercer de revulsivos sociais, turísticos ou económicos dunha vila. Pensemos hoxe no efecto procurado por iniciativas artísticas e equipamentais recentes tales como o MUSAC na provinciana cidade de León ou mesmo a laboral de Xixón, noutro sentido.



Mar Vicente

Colocación de Reflexiones, 2007
Dibuxo dixital + Reflexiones, 2005
Esmalte sobre madeira, 50x50x10 cm. cada unidad.

Das bondades dos obxectivos extrínsecos

As potencialidades derivadas das propostas de obxectivos extrínsecos, resultan desde o noso punto de vista diversas. Nun sentido xenérico, derivado da percepción da cultura coma variábel independente, podemos entender que toda acción cultural ten un efecto impregnante sobre de todo o colectivo na medida na que abre horizontes e alumea destrezas que decote teñen actuado coma referentes inspiradores do desenvolvemento humano, formativo e social dunha comunidade. Ao suscitar novas inquedanzas persoais aléntanse novos proxectos de vida e novas afeccións, pero tamén proxectos comunitarios associativos ou mesmo hoxe laborais que contribúen todos eles ao desenvolvemento daquilo que hoxe denominamos *capital social*. É dicir, arquecemos e densificamos os contidos e o nivel de vertebración e diversidade interna do colectivo co cal estamos a propiciar unha maior capacidade de iniciativa dentro da comunidade. Certo é que as veces estas novas capacidades non sempre se resolven, como diría A. Hirschman, en estratexias de *compromiso* dentro do mesmo colectivo, tamén a miúdo, o que se favorecen son estratexias de *sáida* (véxase o caso frecuente de migracións intelectuais ou artísticas...), pero mesmo nese caso existen para o colectivo pegadas que permanecen do mesmo xeito que retornos de moi diversa índole.

O impacto sobre da calidad de vida interna é outro aspecto visible que está a evidenciar cada vez con maior transparencia coma un recurso relevante no prestixio e na posición das vilas e comunidades. Un exemplo moi transparente disto, que xa aparecía nos momentos fundadores das políticas culturais na Francia de inicios dos anos sesenta do pasado século, é o da calidad socio-urbanística e arquitectónica. Calidade urbanística que hoxe clama pola esixencia de entender o espazo social habitado coma territorio dos homes e non –en exclusiva– da producción de plusvalía. Un espazo

concibido de abaxo a arriba, desde o lugar do neno, o vello e o home, á sombra da árbore até o refuxio afábel nos soportais que acougan a choiva e no edificio comunitario no que se inventa o futuro de todos; tal e como nos ensinaba Christopher Alexander.

Os obxectivos extrínsecos teñen tamén hoxe sentido desde a ollada da sociedade creativa que subliñaron tanto CH. Landry ou R. Florida, ou tamén entre nós, lucidamente, Ferrán Mascarell. Non hai creatividade na sociedade do coñecemento sen arte e cultura. O territorio, ao cabo, exerce de cunco nobre de promisión para aquelas utopías pragmáticas xerminadas na sociedade creativa do coñecemento e inspiradas polo alento transversal e extrínseco que inspira unha concepción ampliada da cultura.

Dos seus potenciais riscos

Hai riscos derivados basicamente da identificación abusiva entre economía e mercado. Lembrábanos K. Polanyi, en *La gran transformación*, que se algunha liña de forza pode ser decantada no decurso histórico da humanidade é o da exixencia recorrente que confrontan as sociedades de institucionalizar os modos de facer viábel a vida das persoas ao transverso da economía. Mesmo a sociedade capitalista contou na relectura keynesiana cun abeiro para recuperar o alento desa exixencia de pertinencia humanista e solidaria. Pero no actual plexo dunha regurxitación neoliberal que algúns postulan coma imperativo racional, aniñan riscos diversos para un cabal entendemento sociolóxico do asunto da relación entre o social, o económico e o cultural que reviste interese tamén para os programadores e axentes culturais.

Se ben a relación entre cultura e economía aparecía xa nas experiencias fundadoras recentes das políticas culturais dun xeito incipiente e a miúdo difuso, podemos afirmar que esta vinculación tomou corpo a medida que un absorbente avance do mercado foi deglutindo e convertendo no seu

obxecto do desexo todo aquilo que se movía tamén no ámbito simbólico e do coñecemento.

A irrupción da mirada *marketing* neste ámbito representa un claro exemplo dunha tendencia ao tempo que dun risco. Cando desde os orzamentos dunha política de programación de actividades culturais e artísticas se opta por asumir a ferramenta do marketing, inicialmente estamos a aceptar a convención dunha centralidade estratégica dun *homo consumens*, practicante ou participante en actividades culturais ou artísticas. Esta asunción de partida, sen estar exenta de virtualidades, resulta esvaradía no sentido de que estariamos a asumir unidirecionalmente un feito que, polo menos, conta tamén con outra dirección cardinal: o feito de que o artista produtor cultural na súa calidade de creador, para selo, está compelido a actuar desde unha aspiración de excelencia e liberdade creativa que só de esguello contempla o imperativo do mercado e os seus servidumes. Algúns criterios de rendemento e avaliación, anciliares dun mimetismo *marketing*, semellan querer esquecer a condición soberante que o cultural e artístico teñen respecto da camisa de forza dun tal criterio restritivo de rendemento mercantil.

Se con algunha dimensión coincide esta *crítica artista* (Luc Boltanski e Ève Chiapello: *el nuevo espíritu del capitalismo*) é coa dimensión pública que caracteriza á cultura, os seus consumos e prácticas fronte a outros ámbitos nos que prevalece unha escala individualista, instrumental e funxible. A produción e difusión da cultura ten, fronte a outros xeitos e ámbitos de consumo, a virtualidade de contribuir a facer factíbel unha dimensión pública que transcende o mero acto de interese individual (C.D. Throsby: *Economía y cultura*). A cultura e as artes non son só precisas desde a perspectiva perentoria da existencia de fluxos de demanda individuais, o seu concurso verteira e da sentido a unha sociedade no seu conxunto. Son catalizadoras, produtoras e reprodutoras do sentido colectivo.

En virtude disto, as polémicas que se teñen suscitado arredor do alcance e o sentido que puidese ter a democratización cultural, e por isto, o abastecemento público e gratuito de servizos culturais non pode eludir este orde de consideracións sen caer no risco do reducionismo economicista. O sentido da democratización cultural, máis alá da recorrente febleza dos seus logros, non fai más ca mostrar a dificultade do desafío pendente. Malia todo, se unha virtualidade ten esa proxección utópica é a de facer imaxinábel esa mesma posibilidade. A de entronizar a exixencia de incluíla na axenda. Se desde a constitución mexicana de 1917, pasando pola española de 1931 até o seu actual e espallado recoñecemento (T. H. Marshall: *Ciudadanía y clase social*) o dereito á cultura seguiu un camiño progresivo, é grazas á tensión permanente que desde a sociedade civil se mantivo respecto dessa demanda.

Outro dos envites da prepotencia do mercado fronte á cultura ten sido aquel que poderíamos definir coma "falacia fiscal". Inspirados nunha interpretación rigorista da relación entre economía e cultura, algúns políticos conservadores chegaron a propor en Estados Unidos o cuestionamento do gasto en cultura con argumentos de carácter populista e democratista. En base ao recoñecemento da dificultade existente para acadar unha democratización do acceso á cultura e ante a constatación de que o goce das actividades culturais de promoción pública adoitan ser un privilexio preferente dalgúns sectores das clases medias, estes "reformistas" propuñan a conveniencia de non financiar a cultura con recursos públicos para evitar a inxustiza fiscal de utilizar o diñeiro de todos para favorecer os sectores máis cultivados das clases medias.

Esa postura coidaba preferibel deixar que o sector privado fose quen financiase segundo o seu criterio ese tipo de actividades culturais e artísticas. O que non se dicía era, primeiro: que as empresas privadas finanziaban as actividades culturais e artísticas ao transverso de exencións fiscais que eran

detráidas tamén ao erario público, e segundo, que a experiencia demostraba que a tendencia destas entidades e fundacións era a de introducir sesgos áinda moito más marcados na orientación das actividades cara a públicos que con moita frecuencia se atopaban lonxe de ser os menos atendidos. Estes públicos, en troques de establecerse cuns criterios de selección marcados por un obxectivo de desenvolvemento cultural, adoitaban reflectir aqueles *tarjets* eventualmente priorizados pola propia entidade mercantil. O que si provocaba a medida era unha privatización do campo cultural restándolle aos seus axentes a liberdade inherente ao ámbito da función pública ao poñelos ao servizo de lóxicas características do mercado e a empresa.

Un último risco, antes de concluír. O da proclividade oportunista dos sectores más especuladores do mercado e a política a deglutar calquera forma susceptíbel de ser capitalizada. Concretamente, por exemplo, o risco dun uso pretextual da cultura e a súa capacidade reactivadora de tipo económico sobre un contorno. De risco é mesturar o trigo co xoio cando ao querer lexitimar un proxecto de mausoleo ou unha grande promoción inmobiliaria se lle pon o nome de cultura a ese proxecto ventando ao seu transverso vantages inimaxinables derivábeis de tal emprendemento. Cando a cultura serve, entre a frivolidade e a irresponsabilidade, para xustificar un gran negocio estase a burlar o cometido que late en moitas das propostas, en tantos aspectos positivos dos obxectivos extrínsecos. 

Damián Eiras
Grafitte



Índice dos 11 números da revista *interea visual*

interea visual 00 decembro 2002

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial	Carlos Enrique López Crespo	Editorial	3
chaves	Felipe-Senén López Gómez	A xestión cultural de espazos con memoria: Coñecer para querer	4 – 6
	Isaac Pérez Vicente	Arte e concellos	7
	Manuel Vilar César Llana	Concellos e Patrimonio Cultural	8 – 9
	José Luís González Fernández	As cidades e as vilas como impulsoras de novas alfabetizacións e como estimuladoras de formación permanente na cidadanía	10 – 11
	Santiago Páramo Aller	Educación e desenvolvemento: unha parella a reconciliar	12
	José Ramón Rey Couselo	Os Consellos da Xuventude: un instrumento de participación eficaz, especial referencia aos concellos locais	14 – 15
	Xan Xove	Músicas e municipio	16
	Carlos Varela	<i>interea</i> , unha iniciativa a prol da mellora da xestión da cultura, do deporte e das políticas de xuventude na provincia da Coruña	16 – 17
artistas visuais	Xacobe Meléndrez Fassbender	Fotografía	0 – 1
	Maribel Longueira	Fotografía	13
	Beatriz García Trillo	Pintura e collage	23
	Carlos Sarandeses	Pintura	
	Vítor R. Barca	Fotografía	
	Maribel Longueira	Fotografía	
boas prácticas	Alfonso Filgueira López	A cultura como vehículo dinamizador e transversalizador do traballo comunitario	18 – 19
	Asociación cultural A. A. C. Canle de Lira	Xornadas de cultura tradicional en Lira - Carnota	20 – 21
	Xosé Marla Varela Martínez	O couto das letras das artes e da vida	22
buzón	Elvira Varela	En agradecemento ós Espíritos Landrover	24
	Manuel P. Rúa	Técnicos de cultura, chapa e pintura	25
	Xavier Sánchez Alonso Fernando R. Lavandeira	Reflexión arredor da acción cultural (Documento interno)	26 – 27
artes	Santi Prego	O teatro galego como xénero	28 – 29
	Lino Braxe	Verémonos en Filipos (unha visión da animación ao teatro nos nosos Concellos)	28 – 29
referentes	Manuel Julio Sánchez Senn	Europa ao alcance da súa man	30 – 31
	Carlos Vales	O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia: unha iniciativa ambiental ao servizo dos concellos	30 – 31
xestión	Juan Rivas	As formas de xestión deportiva	32 – 33
	Ramón Villanustre Ordóñez	O feito deportivo local: unha visión particular?	34 – 35
recursos			36 – 37

interea visual 01 "Creación e innovación" novembro 2003

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial	Equipo interea	Editorial	1
tema			
	Xron	Creación escénica e innovación en Galicia: as liñas más tortas da política cultural	4 – 6
	Manuel Vilar	O lugar da escultura	8 – 10
	Valentín Carrera	A industria audiovisual coma instrumento de desenvolvemento local ou como dinamizar unha pequena rexión	12 – 14
	Sofía Tarela	Da regueira ó estilo libre: novas tendencias musicais galegas que chegan "cagando duro"	18 – 20
creadores visuais			
	Héctor Francesch	Pintura	0
	Vítor E. Rodríguez	Fotografía	7
	Leandro Lamas	Pintura	11
	Peter Schneider	Fotografía	15
	Manel Cráneo	Banda deseñada	17
	Elba Fernández	Ilustración	37
	Manuel P. Rúa	Fotografía	16
colaboracións literarias			
	Sofía Tarela	Planetas novos	16
	Cristina Martínez	Buzón	48
experiencias e iniciativas			
	Manuel Olveira	Hangar, centro de producción de artes visuais multimedia	21 – 25
	Artur Trillo	Animación teatral: unha conversa connigo mesmo	26 – 27
chaves			
	Pedro Armas	Cultura e Ocio, como Negocio	28 – 30
	Baldo Matínez Ana Isabel Noguera	Promoción musical de base e acción municipal	31 – 33
	Héctor M. Pose	Creatividade e cidadanía, binomio fantástico	34 – 36
	Camilo Franco	A Cultura do descafeinado	38 – 39
conversa con...			
	Antón Vaamonde		40 – 42
investigación e formación			
	Santi Martínez Carme Soler	Os Proxectos de acción cultural coma instrumentos de diagnóstico e reflexión estratégica: a experiencia desde o CERC	43 – 45
	Carlos M. Varela	A acción cultural desde a Deputación da Coruña	46 – 47
referentes			
	José Luís Cabo	CGAI. Un referente no eido audiovisual e fotográfico en Galicia	49 – 51
	Vicente Peña	Museo Pedagógico de Galicia: O futuro da memoria educativa actualizada do país	50 – 52
recursos			
			53

interea visual 02 "deporte e dimensóns do lecer" xullo 2004

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial	Equipo interea	Editorial	1
tema			
	Oleguer Camerino	O deporte recreativo: un recurso para o lecer dos cidadáns	4 – 5

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
	José Mª Pazos	Escolas Deportivas Municipais: ¿Poden satisfacer as necesidades e demandas dos veciños no referente á motricidade e desenvolvemento persoal?	6 – 8
	Francisco M. Veiga	Os xogos populares galegos máis alá do deporte, un chanzo imprescindible na procura da identidade local e nacional	9 – 12
	Lara Varela	Corpo e expresión: de espectadores a creadores	14 – 15
	Álvaro Illobre	O deporte adaptado. Escolas deportivas para Eivados	16 – 17
artistas visuais			
	Martín Pena	Artista visual	0
	Vanessa Lodeiro	Pintura	13
	Jano	Banda deseñada	23
	Roberto Aguete	Fotografía	35
	Nolo Suárez	Pintura	52
experiencias e iniciativas			
	Juan A. Armental	Os problemas do fútbol modesto. ¿Teñen solución?	18 – 20
	Dina Asensio Alejandra Mª Pérez	Servicio de asesoramiento físico e deportivo ó veciño: actividade física para a saúde no Concello de Oleiros	21 – 22
	Martín Alemparte	Deporte, desenvolvemento e promoción turística no Cauel	24 – 27
	Eduardo Iglesias	A Dona: algo más que unha embarcación	24 – 30
	Susana V. Fraguela	A controversia entre a oferta pública e a privada nas actividades físicas e deportivas	31 – 32
chaves			
	Fco. Javier Rodríguez Laura Cedrón	O tratamento da actividade motriz na intervención multidisciplinar durante o tempo de ocio infantil	33 – 34
	Raúl Fraguela	O deporte como ocupación do lecer	36 – 38
	Xosé Lois Martínez	O papel estructurante dos equipamentos na construcción do espacio público	39 – 42
conversa con...			
	Eduardo Blanco		43 – 45
investigación e formación			
	Domingo Comas	Os programas de Lecer Alternativo Nocturno: ¿prevención ou participación?	46 – 47
	Celestino Pozas	<i>interesa</i> , nova edición	48 – 49
referentes			
	Asoc. Galega do Deporte para Todos	Asoc. Galega do Deporte para Todos	50 – 51
	Federación de Deportes de Minusválidos Físicos	Federación de Deportes de Minusválidos Físicos	53 – 54
	Asoc. Galega do Xogo Popular Tradicional	Asoc. Galega do Xogo Popular Tradicional	55
separata			
		Axenda 21 da cultura	
recursos			56

interesa visual 03 "educación en cultura" decembro 2004

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial			
	Salvador Fernández M.	Editorial	1
tema			
	Xavier Úcar Martínez	Cultivar o propio medio: Educación e Cultura no ámbito local	8 – 11

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
	Aranzazu Vera Beltrán	As escolas municipais de música ou como democratizar a música dende fóra dos Conservatorios	12 – 13
	Iria Belén Fabeiro Vigo	A industria audiovisual galega: entre o desenvolvemento municipal e unha nova cultura	15 – 17
	Manuel Mosquera Cobián	A divulgación nos museos, unha peza clave para a transmisión do patrimonio	18 – 19
	Manuel Rico Verea	O poder educativo e emocional do cantor galego de tradición oral infantil	20 – 21
artistas visuais			
	Beatriz García Trillo	Collage	0
	Esperanza Merino	Fotografía	7
	Vicente Roura	Pintura	14
	Patricia Sampedro Sanz	Escultura	25
	Ana Pillado	Pintura	30
	Sonia Valero	Pintura	33
	Gochi	Banda deseñada	39
	Maria Martínez	Pintura	44
	Xoán Piñón	Fotografía	
experiencias e iniciativas			
	Xavier Seco	O papel dos Concellos na promoción do galego e na normalización lingüística: Ciberlingua, unha experiencia "plurimunicipal" utilizando as novas tecnoloxías	22 – 24
	Santiago Veloso	A experiencia de posta en valor do patrimonio inmaterial Galego – Portugués: Ponte... nas ondas!	26 – 27
	Xosé Lois Romero	Foro das Artes: educar para crear	28 – 29
chaves			
	Eduardo Terrén	O local e o global: A diversidade cultural das cidades nun mundo globalizado	31 – 32
	Jorge Morais Miranda	O poder da interpretación como estratexia de comunicación	34 – 36
	Carmen G-Rodeja Arribé Nancy Pérez Rey	E logo como foi? O poder das palabras na reconstrucción das Hitorias	37 – 38
conversa entre...			
	Alberto González – Alegre Iván Prado		40 – 42
colaboración literaria			
	María Pilar García Negro	Manuel María: combate contra o silencio	43
investigación e formación			
	Araceli Serantes Dolores Canedo	A divulgación dunha cultura ambiental na Galiza: análise e reflexións sobre o papel dos equipamentos para a educación ambiental na provincia da Coruña	45 – 48
colaboracións			
	Celestino Poza	Iniciativas Culturais da Deputación da Coruña	4 – 6
referentes			
	Museo do Pobo Galego	Museo do Pobo Galego	49
	Xesús R. Jares	Educadores/-as pola Paz - Nova Escola Galega	50 – 51
recursos			
			52 – 53

interea visual 04 “patrimonio e xestión cultural” xaneiro 2005

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial			
	Salvador Fernández Moreda	Editorial	1

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
tema			
	Celestino García Braña	A conservación do patrimonio industrial	4 – 7
	Roxelio P. Moreira	Valores do patrimonio natural e paisaxístico	8 – 9
	Dionisio Pereira	O patrimonio marítimo: un recurso a desenvolver	11 – 12
	Rodrigo Romani	Onde se deposita a memoria?	13 – 15
	Xulia Álvarez Carlos Díaz	A visión a pé de obra	16 – 19
	Meibel Domínguez	O Camiño de Santiago como Patrimonio Cultural: o labor da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	20 – 22
	Isaac Díaz Pardo	Sargadelos, un patrimonio transmitido	23 – 24
	Xosé Manuel Lens	O patrimonio e o camaleón	25 – 27
artistas visuais			
	Miguelanxo Prado	Ilustración	0
	Xurxo Martíño	Pintura	10
	José Manuel Castro	Escultura	52
	Enrique Lista	Fotografía	
	Rachel Whiteread	Fotografía	
	Peter Schneider	Fotografía	
chaves			
	Felipe-Senén López	Defender o patrimonio cultural: defender esquemas de fracaso	28 – 31
	Marcelino Abuín	Patrimonio: outro modo de xestión	32 – 35
	Manuel F. Vieites	O teatro como patrimonio: Camiño dunha lectura republicana	36 – 40
colaboración literaria			
	Eva Veiga	A outra paisaxe	41 – 42
	Lupe Gómez	Santa María de Fisterra	64 – 65
conversa con...			
	Xerardo Estévez		43 – 47
investigación e formación			
	Héctor M. Pose María Salcines	Por unha educación patrimonial dende o municipio	48 – 51
	Antonio García Pedro Armas	MARDELIRA: mariñeiros con Proxecto	53 – 56
	Vítor R. Barca	A Dawson City Arts Society ou a cultura como motor económico	57 – 59
	Antonio Díaz Otero Xosé Manuel Rosales Noves	Proxecto terra: unha aposta pola educación	60 – 63
	Héctor M. Pose María Salcines	Coas Oleiras: Buño na procura de anovados camiños	66 – 69
	Miguel Tejido Sotelo	O patrimonio como recurso de desenvolvemento. A experiencia de EuroEume	70 – 72
	Carlos Ferrás	Patrimonio Cultural e Novas Tecnoloxías en Galicia versus Brión. Unha oportunidade?	73 – 75
referentes			
	Felipe Criado	O laboratorio de arqueoloxía da paisaxe do IEGPS	76 – 78
	Henrique Monteagudo	O Consello da Cultura Galega	79 – 80
recursos			
			81

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial	Salvador Fernández Moreda	Editorial	1
tema			
	Marcelo Martín	Patrimonio e sociedade.	7 – 11
	Ricardo de Castro	Comunicar a cultura da sustentabilidade	12 – 15
	Michèle Sato	Horizontes narrativos da Educación Ambiental	16 – 20
	Francisco X. Fernández Naval	Retrospección	22 – 25
	Augusto Pérez Alberti	Da paisaxe como escenario á paisaxe como recurso	26 – 28
colaboracións literarias	Estevo Creus	Poesía	0
artistas visuais			
	Jorge Peteiro	Pintura	Portada
	Carlos Silvar	Ilustración	6
	Xavier García López	Fotografía	21
	Fernanda Castro Coba	Pintura	34
	María Meseguer Alcain	Fotografía	53
	Emma María Ríos Maneiro	Banda deseñada	64
chaves			
	Luísa María Gómez	Medio ambiente, cultura e accesibilidade: facilitar o aproveitamento ás persoas con discapacidade	29 – 33
	Joaquim Ramos Pinto	A Participación Social: chave para a sustentabilidade local	35 – 40
conversa con...			
	Francisco Díaz-Fierros, Carlos Vales, José Antonio Caride		41 – 52
investigación e formación			
	Pablo Meira Cartea, Araceli Serantes Pazos	Sobre cultura e cultura ambiental: os "centros de interpretación" invaden Galiza	54 – 60
experiencias			
	José Valtierra Pérez	A Aula Municipal de Etnografía de Vigo: percorrido histórico a través da cultura tradicional do pan	61 – 63
	Lois Pardo	Centro de Interpretación do Xogo Popular "O Palao"	65 – 67
lexislación			
		Lexislación galega sobre Educación Ambiental	68 – 69
referentes			
	Cidadanía S. Coop	A Axenda 21 Local das Cidades do Eixo Atlántico: Unha Estratexia de Corresponsabilización Cidadá na Sustentabilidade	70 – 73
		Consello Regulador da Agricultura Ecolólica de Galicia	74
	Ramsés Pérez Rodríguez	Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza ADEGA	75 – 78
recursos			
			79 – 80

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial	Salvador Fernández Moreda	Editorial	1
tema	Jesús Vilar	A visión dende a Formación: Ética e estética do quefacer socioeducativo municipal	4 – 6
	Alexandre Leis	A visión dende a Política: Apuntamentos para a intervención socioeducativa nun concello galego de localización periurbana	8 – 12
	Margarida Corral	Accións a prol da igualdade en contextos galegos	13 – 14
	María Jesús Roca	Visión dende a Profesión: Educación familiar como experiencia profesional	16 – 18
	Pedro Rial	Acción socioeducativa no ámbito da inserción sociolaboral	19 – 22
	José Ramón Núñez	Acción socioeducativa: a educación de rúa	23 – 24
	José Luís González	Ensinar o alfabeto da cidade: As accións socioeducativas de Eibar	25 – 29
Colaboracións literarias	Inma López Silva	Carta a Rémi Martinot atopada polos seus tataranetos	15
	Alberto Piñeiro	Tamén hoxe estou sentado	59
	Iria Gestoso	A rosa	59
artistas visuais	Álvaro de la Vega	Escultura	0
	Victoriano Fernández	Pintura	7
	Miguel Riopa	Fotografía	30 – 31
	Jorge Couceiro	Fotografía e escultura	36
	Manuel Silva	Fotografía	59
	Elena Corredoira	Pintura	
	Héctor Francesch	Pintura	
	Sebas Anxo	Pintura	
	Vari Camarés	Fotografía	
	Daniela Rivero	Pintura	
	Alberto Marci	Pintura	
	Juan José Serrano Caballero	Pintura	
	Anxo Cuba	Fotografía	
chaves	José Antonio Caride	Entre o público e o privado: un difícil equilibrio no quefacer socioeducativo e cultural	32 – 35
	Alfonso Filgueira	Quo vadis Narón? Vinte anos de modelo integral. Alea jacta est...	37 – 40
	José Luís González Fernández	Que pode achegar o municipio á educación nos niveis non universitarios?	41 – 44
	Celestino Poza	Dos actuais e dos novos proxectos de <i>interea</i>	49 – 51
conversa con...	Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez		
boas prácticas	Vanesa Freixa	A cultura e a arte como ferramenta para a transformación social. A cidade de Granollers	52 – 58
	Xoán Manuel Estévez	Imaxina Sons: Alternativa de Jazz con raíces	60 – 61
	María Salcines	As escolas infantís municipais: <i>Galeducere</i> como proxecto e <i>As landras</i> como experiencia	62 – 66
referentes	Pedro G. Galilea	Fundación CIEC. Un referente internacional do gravado	67 – 69
	Fundación Paideia	Paideia Galiza Fundación	70 – 72

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
	Teatro del Andamio	Tres Andamios... dous Andamios... Un Andamio	73 – 74
lexislación	Emilio Álvarez	A FEMP ante a LOE	75 – 80
colaboracións	Genaro García	O labor socioeducativo dun centro de ensino	81
	Antonio Picallo Quique Rodríguez	Banda deseñada e bibliotecas públicas: cubriendo espazos de reacción cultural	82 – 83
separata		Convención sobre a protección e a promoción da diversidade das expresións culturais	
recursos			84 – 85

interea visual 07 "comunicar en cultura" xullo 2006

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial	Salvador Fernández Moreda	Editorial	1
tema	Manuel Bragado	A literacidade electrónica: un novo paradigma comunicacional	4 – 9
	Rosa Aneiros	Os públicos e a mensaxe	10 – 14
	Ana Belén Fernández	Os blogs como ferramentas comunicativas	16 – 19
	Barro Salgado Santana	Sempre en Rianxo: un proxecto de innovación e comunicación cultural a ceo aberto	21 – 23
	Pere Báscones	A cultura dixital, cara a un modelo de comunicación descentralizado e distribuído	24 – 27
		Breves apuntamentos de comunicación cultural	29
artistas visuais	Vari Caramés	Fotografía	0
	Moïse Dikoff	Pintura e escultura	15
	Daniel Montero	Ilustración e banda deseñada	28
	Roi Paz Collazo	Banda deseñada	34
	Yolanda Martínez Dorda	Pintura	52
	Andrea Costas	Fotografía	57
	Xosé Cobas	Ilustración	64
	Grupo RAVAR	Gravado	73 – 74
	Branda	Pintura	
	Stéphane Lutier	Fotografía	
	Maruxa Fernández Llamazares	Fotografía	
opinión	Julián Hernández	Cultura, comunicación e castración	30 – 32
	Xulio L. Valcárcel	Manexados	33
chaves	Mª Pilar López	As políticas culturais na administración local gallega: a situación dos municipios da Comarca da Mariña Central	35 – 41
	Marcos Lorenzo	A xente non quere teatro: unha breve reflexión sobre como estimular a asistencia de público aos espectáculos	43 – 46
colaboracións literarias	Maruxa Fernández Llamazares	Poesía	42

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
	Anxo Sumai	Familia	53
conversa entre...			
	Diego Seixo Luís Álvarez Pousa Daniel Romero José Luís Estévez		47 – 51
referentes			
	Fundación Pedro Barrié de la Maza	Fundación Pedro Barrié de la Maza	54 – 56
	Xesús Ron	A NASA: unha aproximación ás salas alternativas	58 – 60
	Antonio Montero	Piares básicos para o funcionamento da FWFF	61 – 63
boas prácticas			
	Carlos Pereira	Comunicación e patrimonio histórico: unhas liñas de actuación no concello de Culleredo	65 – 68
	Celestino Poza	A Deputación da Coruña cos creadores locais	69 – 71
	Benito Losada	A Casa da Xuventude de Ourense, unha xestión compartida	72 – 73
	Ana Judel Laura Cedrán Alberto Míguez	As rutas urbanas animadas	76 – 78
colaboracións			
	Pablo Bouza	As escolas culturais de Culleredo: da democracia cultural á transformación social	79 – 81
recursos			
			82 – 84

interea visual 08 "participación social" novembro 2006

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial			
	Salvador Fernández Moreda	Editorial	1
	José A. Caride Gómez	De vós, con vós	1
tema			
	Ricardo García Mira	A participación social na política ambiental. Unha aproximación psicosocial	4 – 8
	Pablo Montero Souto	De que participación falamos cando falamos de participación cidadá na vida municipal?	10 – 15
	Andrés García Vilariño	O asociacionismo laical na Igrexa Católica	17 – 19
	Germán Vargas	A dimensión ética, pedagógica e práctica da participación social no ámbito local	20 – 23
	Luis Fco. Herrero	Participación cidadá para o urbanismo do século XXI	26 – 27
	Carmen Morán	Comunidades escolares, participativas?	28 – 31
	Marcos Lorenzo	O proceso de participación para a definición dos usos e contidos da Cidade da Cultura de Galicia: notas para unha avaliación interna	32 – 36
	Joel Martí	A promoción da participación cidadá desde os gobiernos locais. Unha aproximación	38 – 40
artistas visuais			
	Mauro Trastoy	Ilustración	
	Diego S. Seixo	Diseño gráfico	0
	Luís Iglesias Diz + Luís Iglesias Fernández	Pintura	9
	Jano Muñoz	Pintura	16
	Luis López "Gabú"	Fotografía e pintura	37
	Stéphane Lutier	Fotografía	44
	Remiseiro	Escultura	48
	Mónica Trastoy	Fotografía	55
	Angel Souto	Diseño gráfico	70

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
	Mercedes Morales Cabana	Escultura e gravado	83
	Peter Schneider	Fotografía	
colaboracións literarias			
	Antón Ribeiro Coello	A Habana Múltiple	24 – 25
	Xosé Manuel G. Trigo	Un Carballo máis no Lume	41
opinión			
	Víctor F. Freixanes	Maiores de idade	42 – 43
	Evencio Ferreiro	Un vieiro de participación	42 – 43
chaves			
	Daniel Romero Sara Rodríguez	A páxina web como espazo de comunicación, participación, creación e difusión cultural	45 – 47
conversa entre...			
	Mercedes F. Gestido Kike Benlloch Marcos Couso	Un novo asociacionismo	49 – 54
referentes			
	Silvia Longueira	Fundación Luís Seoane	56 – 57
	Consellería de Cultura Xunta de Galicia	Novo Proxecto da Unidade de Danza do IGAEM	58 – 59
	Mr.Misto Films	Mr Misto Films	60 – 61
boas prácticas			
	Pepe Barro	O cortexo cívico dos veciños da Cidade Vella da Coruña	62 – 65
	Alberto Piñeiro	A. C. BARBANTIA, dous anos despois	66 – 69
colaboracións			
	Jorge Rivera F. Javier Sánchez Javier Couto Francisco Rivera Alberto García	Unha visión estratégica sobre Xestión Cultural e Participación	71 – 77
	Antonio González	Semana do Humor en Silleda	78 – 79
	Alexandra Caínzos Loli Fraga	ARTXOVE Breve historia dunha Mostra. Pontedeume 1996 – 2006	81 – 82
	Mercedes Gestido	Salasóns Musicalidade, outro son	84 – 85
recursos			
separata		Regulamento de participación cidadá da FEMP	86 – 88

interea visual 09 “servizos de lectura” maio 2007

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
editorial			
	Salvador Fernández Moreda	Editorial	1
tema			
	Xosé A. Neira Cruz	Ler e animar a ler: retos á paixón	4 – 6
	Andrés Sobrino	Ler como sexa	7 – 9
	Santiago Yubero	O valor da lectura: ler por ler	12 – 15
	Daniel Buján	O sistema galego de bibliotecas: as bibliotecas públicas onte e hoxe	16 – 21
	Isabel Blanco	Bibliotecas municipais da Coruña: dezaseis anos de conquistas (1990 – 2007)	23 – 28

Apartados temáticos	Autor/a	Título	Páxinas
	Teresa Mañá Mónica Baró	A colaboración de bibliotecas públicas e bibliotecas escolares. Relación, cooperación ou integración?	29 – 34
	Xosé Manuel Rosales Noves Carlos Muñoz Fontenla	Biblioteca e mediateca. Espazos para o coñecemento	36 – 39
artistas visuais			
	Mauro Trastoy	Ilustración	0
	Pilar Alonso	Pintura e escultura	10 – 11
	Pedro Bueno	Pintura	22
	Ana Carina Lema Astray	Pintura	35
	Miguel Harguindey	Fotografía	40
	Gabriel Tizón	Fotografía	48 – 49
	Miguel Porto	Ilustración	82
	Natalia García	Fotografía	87
	Patricia Castelao	Ilustración	
	Javier Fernández	Fotografía	
	Aarón Sánchez	Fotografía e debuxo	
opinión			
	Diego Ameixeiras	Escritores descoñecidos para relación estable	41 - 42
colaboración literaria			
	Rebeca Baceiredo	Comunidade, liberdade e razóns	42 – 43
	Ignacio Castro Rey	América	59 – 60
	Daniel Salgado	Vidas tristes	61
chaves			
	Susana García Cristina Martínez	Algunhas iniciativas para achegar a ciencia á cidadanía	44 – 47
axentes			
	Museo de Arte Contemporáneo de Vigo	Museo de Arte Contemporáneo de Vigo	50 – 51
	Compañía Trinke-Trinke	Compañía do Trinke-Trinke. Animación á lectura mediante o teatro	52 – 53
	Carlota Pérez	Experimenta Danza	54 – 55
	Asoc. Galega de Artesáns	Asociación Galega de Artesáns. A ferramenta imprescindible	56 – 58
conversa entre...			
	Mª Cruz Sabio Xoán Pastor	Responsables políticos locais do ámbito da cultura	62 – 67
boas prácticas			
	Mª Luz Corral	A aventura da lectura. As bibliotecas públicas municipais de Oleiros e a promoción da lectura	68 – 72
	Alfonso Filgueira Daniel Cánovas Ainoa González	Do Bibloespazo ao Biblobrente, unha aposta pola reformulación continua das bibliotecas	73 – 75
	Ana Méndez	Compartindo Lecturas Educando en Valores. Dinamización lectora no medio rural	76 – 79
	Soledad Ríos	A Lonxa Literaria, unha experiencia propia	80 – 81
colaboracións			
	Nolo Suárez	Breves apuntamentos do activismo artístico na vella Compostela: do colectivo artístico "Anakos" á exposición "Memoria-Pinturas"	83 – 85
	José Luís Alonso Alejandro Antelo Patricia Lesta	Campaña de animación á lectura 2007 para a Educación Primaria no Concello de Arteixo	86
	Celestino Poza	interesa 2007: de proxecto a firme realidade	88 – 90
recursos			
			91 – 93

Apartados temáticos	Autor	Título	Páxinas
editorial	Salvador Fernández Moreda	Editorial	0
tema	Xavier Campos Fran Pérez Lorenzo Víctor J. Ventosa Pérez Lluís San Martín Fernando R. Lavandeira	Do espectacular ao relacional Cultura de redes, multimedia e segundas vidas Animación sociocultural e traballo na rede en Iberoamérica Tranversal... Rede de actividades culturais Novas artes para a faena cultural?	4 – 7 10 – 13 14 – 22 24 – 27 28 – 30
artistas visuais	Marcos Couso Manuel Lariño Santi Jiménez David Rubín Lola Beade Anne Heyvaert Damián Eiras Mónica Rivas	Ilustración, deseño e graffite Ilustración Ilustración Banda deseñada Pintura e debuxo Gravado Pintura e graffite Pintura	0 8 – 9 23 31 – 32 47 64
opinión	Lois Rodríguez	Rede, a nosa!	34 – 36
colaboracións literarias	Manuel Veiga	O Leopardo	37
chaves	Xan Bouzada Antonio Javier González Rueda Pedro Puy	Das bondades e riscos inherentes aos obxectivos extrínsecos da acción cultural A avaliación institucional Federalismo, nacionalismo e racionalidade	38 – 40 41 – 45 48 – 51
conversa con...	Xosé Luís Barreiro Rivas		52 – 57
boas prácticas	Marta Maciel Manuel P. Rúa	Amimoula 35 Milímetros, 36 fotos, 25 anos de Fotocracia en Ourense	58 – 61 62 – 63
colaboracións		A Tóhu, os beneficios dun organismo sen ánimo de lucro Disonanacias. Novos territorios para a Arte	65 – 67 68 - 71
axentes		CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea O Ecomuseo do Forno do Forte e-burbulla Nova Xestión Cultural	72 – 75 76 – 77 78 – 79 80 - 81
recursos separata		Índice dos 11 números	82 – 85

A avaliación institucional.

Unha ferramenta necesaria para as políticas culturais municipais

Antonio Javier González Rueda

*Director do Servizo de Actividades Culturais
da Universidade de Cádiz*

"Hay tiempos: de tristeza, alegría, de que todo te sale bien, mal...el único tiempo que te va a acompañar hasta la muerte es el del aprendizaje"

César Luis Menotti a propósito do futbolista Leo Messi

Teño un bo amigo, Luís Ben Andrés, que sostén que se os políticos, técnicos e axentes da cultura seguimos gastando a palabra *avaliación* para logo esquecermos do que implica, o máis oportuno sería borrala do dicionario. Non vai desencamiñado. Aproveitaremos a ocasión que facilita a xente do proxecto *interea* para, polo menos intentar, que a fuga do dicionario se retarde algo. Só iso.

A avaliación institucional é un proceso de avaliación, formativo e participativo, que persegue a mellora da calidade da institución obxecto de estudo. Para Villar (1998:165), aplicado a avaliación institucional de universidades, permite visualizar os seguintes beneficios:

- Racionalización do funcionamento da institución
- Optimización de recursos humanos e materiais
- Repartición racional de recursos
- Minimización das indecisións
- Estímulo persoal
- Incremento da financiamento exterior
- Credibilidade e confianza

Sobre teoría da avaliación institucional

A xuízo de Rodríguez Espinar (1998:32) "a investigación sobre avaliación institucional estivo asociada ao campo disciplinar coñecido como *Institutional Research* e moi ligada ao interese das institucións públicas norteamericanas de mellorar a súa práctica diaria".



En Europa este campo da investigación chega con bastante atraso: arredor do final da década dos setenta e nace co obxectivo de avaliar para mellorar o día a día. Pero *avaliar* non é máis que o resultado de confrontar o que se fai (realidade) co que se querería facer (obxectivos). A avaliação non sempre ten unha localización cronolóxica final, senón que ás veces permite corrixir ou reaxustar o desenvolvemento dun proxecto. A avaliação mostra en que sentido pódese progresar, cales foron os errores cometidos.

Para algúns autores a avaliação pode ter dúas acepcións complementarias:

- Exercicio de medición que nos permite determinar a eficacia dos servizos prestados.
- Verificación do grao de cobertura dunha necesidade.

Ao meu xuízo a avaliação pode traer algúns problemas de interese:

- Fálase moito de avaliar pero practicase pouco.
- Ao non formularse correctamente os obxectivos non se pode avaliar.
- A avaliação nunha administración pública é difícil posto que estamos ante corporacións burocráticas nas que os procesos alárganse moito e as responsabilidades dilúense.
- Falta de homoxeneización nos indicadores que nos permitan comparar resultados con outras cidades ou entidades.
- O excesivo peso dos criterios económicos na avaliação de servizos culturais:

Os medidores son plurais. Téndese a excluír aos nosos usuarios como suxeitos activos da avaliação.

Modalidades de avaliação

Quizais o máis frustrante deste achegamento teórico a este complexo mundo da avaliação é a constatación da confusión existente sobre os tipos de avaliação. Esta confusión a xuízo de Alvira (1991:72) é sobre todo de carácter terminolóxico. Para este autor o primeiro é aclarar que queremos dicir ao falar de:

Acreditación: Se concede se o obxecto de estudio acredita uns criterios mínimos prefixados.

Avaliación formativa ou sumativa: A primeira é aquela que ten como finalidade axudar á posta en marcha, mellora ou modificación dun programa ou institución e a Sumativa xulga un



Mar Vicente
Interior de una ventana, 2006
Esmalte sobre madeira melaminada e fotografía dixital, 45x30x30 cm.

iso, os indicadores adoitan estar en función do tempo no que se aplican. Para o control da xestión (tarefa diaria) os indicadores non deben ser demasiado precisos. Para a planificación estratégica son necesarios indicadores precisos e elaborados. Para medir o impacto social dun proxecto ou servizo débese deixar un tempo de decantación para que reste o efecto inducido pola proximidade.

Antes de continuar gustaríanos aclarar dous conceptos que, habitualmente, adoitan ser confundidos:

Eficiencia: É o método que relaciona a cantidad de servizo producido cos recursos que foron necesarios para a súa producción. Recoméndase medir a eficiencia no día a día para evitar situacions críticas.

Eficacia: Indicanos a correspondencia entre o servizo prestado e as finalidades e obxectivos perseguidos.

Contamos con tres tipos de indicadores:

Indicadores de proceso: Miden a eficiencia do proceso de xestión e avalían os medios (humanos, económicos e técnicos) utilizados pola organización para alcanzar os obxectivos. Os indicadores de proceso deben ser claros e cuantitativos.

Indicadores de resultado: Miden a eficacia dos servizos con respecto aos obxectivos estratégicos e operativos elixidos. Polo tanto, miden a actividade realizada e os servizos prestados. Os indicadores de resultados contan co *hándicap* de que, cando programamos, os obxectivos non adoitan expresarse de forma clara e mensurable. Cando os obxectivos estratégicos son imprecisos (que o pobo se divirta) é moi difícil avaliar porque non contamos con medidores que mensuren o inconcreto. Noutras ocasions os obxectivos explicitados non coinciden cos reais da organización. Por outra banda, os obxectivos varían no tempo e a avaliación estará totalmente condicionada por este feito. Os indicadores de resultado adoitan cuantificar a actividade, o número de usuarios e o seu segmentación social, a calidade do produto (grafo de adaptación á demanda detectada/ opinión dos especialistas/enquisas de público), o grafo de satisfacción do usuario (duración / horario / barreiras / prezo).

Indicadores de impacto: Avalán a consecución das finalidades a partir do impacto da actividade realizada, é dicir, axúdannos a medir os efectos que o servizo ou o proxecto teñen sobre a sociedade. Sen dúbida, estes son os indicadores más difíciles posto que o impacto social dun proxecto non se obtén a curto prazo.

Todo indicador que utilicemos para avaliar un programa cultural debe ser operativo e para iso recoméndase: obxectividade, imputabilidade clara a un programa, intelixibilidade, representatividade, auditabilidade, inalterabilidade,

indivisibilidade. Para Sabino (1992: 105) existen outro tipo de indicadores que el clasifica en:

Indicadores de entrada: Achegan información sobre o que xustifica a existencia do centro. Informan sobre o usuario para o que se presta o servizo.

Indicadores de recursos: Fan referencia á dotación de recursos para afrontar o desenvolvemento do servizo. Débense establecer comparacións con outros servizos de características similares.

Indicadores de funcións: Informan sobre os pasos intermedios necesarios para chegar aos resultados.

Indicadores de resultados: Informan sobre os resultados obtidos polo servizo (en función dos obxectivos previstos).

Avaliación e planificación estratégica da cidade

Recorremos a Pascual (2002) para botar algo de luz sobre o que supón a xestión estratégica da cidade. Pascual (2002:83) sostén que "a xestión estratégica, ao contrario da xestión directiva regular nas empresas e as administracións públicas, non se preocupa en facer ben ou mellor o que se ten que facer senón que xestion a cambio de posicionamento da empresa ou a institución nas relacións interinstitucionais, económicas, sociais, políticas e culturais do seu entorno".

Visualmente trataríase más de facer as cousas correctas que de facer correctamente as cousas. Para iso, a xestión estratégica:

- Mira cara a fóra intentando medir o valor do que está facendo.
- Mira cara a dentro para saber que medios teñen para xerar o cambio.

Para este autor, quizais de forma algo hiperbólica, a xestión estratégica non só mira cara ao futuro senón que crea futuro. Trátase sobre todo de dar unha dirección á cidade. Para algúns autores, nesta situación os responsables políticos pasan a ser estrategos más que xestores.

Segundo as opiniós de Pascual (2002:115) podemos incluir o seguinte cadro que ilustra moi ben o proceso a seguir para elaborar un plan estratégico:

1. Organización

- Identificación dos obxectivos xenerais do proceso
- Deseño organizativo e metodolóxico
- Constitución de órganos de planificación e de estruturas de apoio

magnífica para que eles mesmos nos fosen dando o pulso do proxecto. Por iso a todos estes grupos de análises foron sometidos á técnica DAFO de detección de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades xa que consideramos que, a pesar de ser demasiada estática como técnica, mostrábase como unha ferramenta moi útil de sistematización das ideas que fluían dos grupos de análise e porque o referente era un período de vinte e cinco de anos de historia da política cultural. Sen o menor xénero de dúbida, esta fase foi a más gratificante a nivel persoal e científico xa que, a implicación de tantas persoas de forma desinteresada e a ocasión de sentar nunha mesma mesa, por primeira vez en moitos casos, a persoas que ata agora non o fixeron, supuxo un verdadeiro motivo de satisfacción.


* Comparación (comparación do diagnóstico con outras realidades): Coa fase de validación o diagnóstico podía ser contrastado polas persoas implicadas na realidade da política cultural pero detectamos que sería importante que o diagnóstico resultante fose comparado co doutras poboacións similares (avaliación externa) doutros ámbitos xeográficos. Consideramos que a fase de comparación debese ter dous momentos: a) un de Comparación cunha realidade xeográfica de tamaño, situación socioeconómica e contexto similar e b) outro de *benchmarking* (comparación con alguém ou algo que o está facendo ben). Optamos por un municipio coruñés, Narón.

• Accións de mellora (redacción dos obxectivos e accións de mellora): Unha vez que contabamos cun diagnóstico contrastado dentro (validación) e fose (comparación), chegaba o momento de pasar ao concreto e, en función do anterior, redactar un bloque de accións de mellora que suxerisen ao Concello un camiño que seguir unha vez finalizado o traballo de avaliação. Este traballo de síntese e concreción baseouse, fundamentalmente, nas diferentes DAFOs xurdidas ao longo de todo o proceso. Pensamos que o mellor era realizar un traballo cos seguintes pasos:

- Recolección de todas as DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) emergidas das diferentes fases da avaliação
- Síntese e contraste destas DAFO
- Elaboración dun decálogo DAFO
- Elaboración e prelación dun pentálogo DAFO
- Obtención do posicionamento estratégico

A partir do posicionamento estratégico, redactábase as accións de mellora oportunas, o mapa ideal de espazos e os obxectivos da política cultural ou de mocidade que se estivese estudiando.

Santi Jimenez
Fuera de cobertura, 2007
Mixta sobre papel, 60x50cm.



O que achega este modelo teórico ao contexto práctico

Este modelo teórico construído desde o Vicerreitorado de Extensión Universitaria da Universidade de Cádiz achega ao meu xuízo o seguinte:

- Un modelo real e aplicable para, desde o ámbito da avaliación institucional, avaliar unha política sectorial pública nun período amplo de tempo.
- Un modelo que entrelaza instrumentos de investigación cualitativos e cuantitativos nas súas diferentes fases.
- Un modelo que ao nacer desde un departamento universitario dedicado á xestión cultural (Vicerrectorado de Extensión Universitaria¹) non se sesga cara a un determinado Departamento Universitario ou área de coñecemento concreto. Os recursos universitarios e non universitarios póñense ao servizo da xestión cultural.
- Un modelo que garante a participación dos axentes intervenientes na política en dous momentos: grupos de validación e seminario de posicionamiento estratégico.
- Un modelo que, polo menos, propón unha mitoloxía (aínda que discutible): a da DAFO para pasar do todo ao máis importante do todo (cruce da matriz DAFO) e non do todo a un resumo do todo.
- Un modelo que adianta ao municipio avaliado unhas liñas de melloras concretas que ben estruturadas poden ser o punto inicial da posta en marcha dun plan estratégico ou plan de mellora.
- Un modelo que introduce a posibilidade de saber que están a facer os demás para compararnos (técnicas de comparación e benchmarking). 

Bibliografía

- ALVIRA MARTÍN, Francisco (1991): *Metodología de la evaluación de programas*. Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, 1991.
- PASCUAL ESTEVE, Josep María (2002): *La gestión estratégica de las ciudades. Un instrumento para gobernar las ciudades en la era info-global*. Sevilla, Junta de Andalucía, 2002.
- RODRÍGUEZ ESPINAR, Sebastián (1998): "La investigación en evaluación institucional". Cuadernos I.R.C. Barcelona, IRC Consultoría, 1998. Páx. 31-43.
- SABINO, Carlos (1992): *La investigación científica*. Caracas, Panapo, 1992.
- VILLAR, R. (1998): "Algunas reflexiones de un Rector de Universidad". *Experiencias y consecuencias de la evaluación universitaria*. Madrid, Fundación Universidad y Empresa, 1998. Páx. 163-172.

Notas

¹ A traxectoria do Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidad de Cádiz pode ser consultada na url:
<http://www2.uca.es/orgobierno/extencion/25anosdeextensionuniversitaria.pdf>

Lola Beade



lolabeade@terra.es

Federalismo, nacionalismo e racionalidade

Pedro Puy

*Profesor de Economía Política e Facenda Pública
Universidade de Santiago*

Mar Vicente
½ Escalera, 2007
(detalle de Escalera de pared, 2007)
Acrílico sobre madeira enteada, 90x100x70 cm.



Albert Breton, un teórico canadense e francófono do federalismo fiscal, argumentou, hai xa tempo, que as organizacións políticas que descentralizan o poder son unha boa forma de compatibilizar a racionalidade no reparto competencial e de funcións entre os distintos niveis de goberno, e a satisfacción das demandas políticas dos individuos con ideoloxía nacionalista nas entidades políticas subestatais. De acordo con Breton, por tanto, a forma política federal permitiría conciliar os esforzos racionalizadores implícitos en toda forma de organización política (entendida esta como mecanismo institucional encargado de financiar e producir bens públicos) e as demandas de autogoberno vinculadas aos movementos nacionalistas dentro dos estados.

Un dos tópicos retóricos de maior uso no debate político é, con toda probabilidade, o federal. Como en todo tópico, o seu uso retórico apela a un ideal case mítico altamente atractivo, que no

caso do federalismo está relacionado coas teses contractualistas do estado: a federación como froito dun pacto entre grupos iguais que se obrigan mutua e lealmente nun obxectivo común. Un uso tópico presente xa nas *Etimoloxías* de Isidoro de Sevilla, quen atopaba no termo "federal" unha referencia ao "femento" cheiro producido polos porcos sacrificados e queimados cos que os pobos da antigüidade selaban as súas alianzas; fedor que servía para despertar á atención dos deuses, convocados así a ser testemuñas e á vez garantes dun pacto entre partes do que xurdía unha nova entidade política¹.

Así como en termos de tópica retórica o concepto de "federalismo" ten un claro significado, resulta moito máis complexo definir o termo desde a perspectiva normativa (institucións e regras constitucionais que definen o que é un "estado federal"), e moito máis desde unha perspectiva empírica (análise do funcionamento real das institucións políticas dos estados federais). Co termo "federalismo" aludimos, en liñas xerais, a un goberno múltiple que combina elementos de goberno común e de goberno autónomo; e que, se fundamenta, por tanto, no "presunto valor e validez de combinar unidade e diversidade, aceptando, preservando e fomentando diferentes identidades dentro dunha unión política más ampla"². Deste xeito, os sistemas federais, sexa cal sexa a súa etioloxía, diferéncianse á vez das formas políticas unitarias (un só goberno asume a prestación de todos os servizos públicos nun territorio) e das fórmulas de corte confederal, caracterizadas polo feito de que a unidade de goberno superior (a Confederación) non pode tomar decisións directamente aplicables aos cidadáns de cada un dos territorios que a integran de non mediar o consentimento expreso do goberno lexítimo dese nivel territorial inferior.

II

A existencia de gobernos superpostos, a atribución de competencias a cada nivel de goberno, e os mecanismos que rexen as relacións entre eses niveis de goberno fan que a realidade empírica dos estados federais sexa ben heteroxénea. Unha heteroxeneidade que xorde como consecuencia das distintas respuestas coas que os grupos sociais que integran unha federación tratan de solucionar a problemática xerada pola existencia dunha estrutura de goberno multinivel. Problemas que, sen ánimo exhaustivo, se centran fundamentalmente en dúas cuestiós:

En primeiro lugar, o problema dos custos de transacción: o número de suxeitos políticos que interveñen na adopción das decisións públicas é maior, ao igual que os intereses en conflito. Como consecuencia, os procedementos para a adopción de decisións colectivas son máis complexos. Obviamente, os custos de transacción relacionados coa adopción de decisións políticas crecen de forma parella ao número de actores intervénientes no espazo público, pero sobre todo en función da heteroxeneidade ideolóxica ou cultural dos grupos que conforman a federación.

En segundo lugar, o problema do reparto do dividendo común xerado pola existencia mesma da federación. A desaparición das fronteiras e aduanas entre os estados federados xera un mercado único do que xorden a súa vez un conxunto de beneficios comúns, que adoitan, ademais, estar asimetricamente distribuídos. Por iso a existencia de políticas de cohesión e solidariedade (atribuídas ao poder central) son tipicamente federais, mesmo son elementos esenciais seus, xunto cos principios de unidade, diversidade, democracia e igualdade³.

Deste xeito, e como consecuencia, é posible atopar dentro dos sistemas federais e áñda que as solucións dadas en cada un deles diverxan, unha serie de elementos comúns:

A existencia de garantías constitucionais para a elección democrática dos líderes de cada nivel de goberno (que, por exemplo, nas confederacións se fai de forma indirecta).

A existencia de garantías constitucionais do autogoberno e para o exercicio das competencias que cada nivel de goberno ten atribuídas, reparto competencial que non pode ser coartado de xeito unilateral polo goberno federal.

Xeralmente, a existencia dunha institución constitucional que actúa para resolver os conflitos intergubernamentais, particularmente os relacionados co exercicio das propias competencias por cada nivel de goberno.

A existencia de procedementos e institucións que facilitan a participación dos gobernos federados nas decisións federais (xeralmente, unha segunda cámara lexislativa de representación territorial) e para a cooperación intergubernamental nas áreas nas que as competencias son compartidas, ou nas que as actuacións dun goberno deben ser coordinadas coas doutro.

O recoñecemento da igualdade formal dos estados membros da federación.

III

Tanto nas súas orixes (pacto constitucional), como no seu desenvolvemento (xeneralización do feito autonómico), o estado das autonomías pode verse como un intento de racionalización da distribución do poder político e á vez de integración nun proxecto compartido dos individuos e grupos que teñen preferencias de carácter nacionalista. Tras 25 anos de proceso de descentralización política e económica, o Estado español é unha realidade "cuasifederal", na que apenas quedarián por desenvolver, dos cinco elementos antes citados, os relacionados coa posta en marcha dunha cámara de representación territorial e coa institucionalización efectiva de mecanismos de cooperación intergubernamental (á Conferencia de Presidentes quedalle moito camiño por percorrer).

De feito, o actual presidente do goberno de España (por usar a expresión que ultimamente o goberno central fixo súa propia) iniciou o seu mandato dando pasos inequívocos cara á federalización do Estado español: significativamente unha das primeiras decisións que adoptou en relación coa reforma da organización territorial de España foi a de encargar ao Consello de Estado un ditame para a reforma da Constitución no que se demandaba especificamente opinión sobre a posibilidade de enumerar nella ás 17 comunidades autónomas (que pasarían así a ser, desde unha perspectiva "federal", os 17 suxeitos titulares dun dereito á autonomía exercitado en pé de igualdade); e sobre como abordar a reforma do Senado para convertelo nunha cámara de representación territorial.

Presentado o ditame polo Consello de Estado (xaneiro de 2006), este acollía favorablemente estas propostas, e mesmo reforzaba a federalización do estado propoñendo outras modificacións conexas, como a relativa á atribución con carácter xenérico ás CCAA de todas as competencias non explicitamente atribuídas ao estado (xusto ao contrario do que agora dispón o art. 149.3, que deixa en mans do estado todas aquelas competencias que non estean atribuídas expresamente ás CCAA nos seus estatutos). Ao longo da lexislatura, condicionado pola necesidade de manter a estabilidade parlamentaria que lle garantía a continuidade no goberno, foise abandonando a filosofía federalista inicial, e mesmo se bendiciu a viabilidade política dunha reforma estatutaria (a catalá) que esencialmente contradí as recomendacións federalizantes do Consello de Estado e introduce (a expensas do que no seu día dite o Tribunal Constitucional) no noso sistema político diversos elementos más ben propios dun réxime confederal: a bilateralidade, a limitación do exercicio das súas competencias polo estado, o condicionamento do financiamento dos servizos e as infraestruturas públicas estatais, e límites ao exercicio das competencias estatais de representación e contracción de obrigas no terreo internacional.

Parellamente, a lexislatura remata cunha insólita crise na institución chamada a arbitrar nos conflitos de competencias intergubernamentais; e os procesos de traspaso competencial, characteristicamente racionalizadores da configuración do poder político (a asignación a cada nivel de goberno dunhas ou outras competencias faríase exclusivamente en función de que ese nivel sexa o máis eficiente para a prestación do servizo público ós cidadáns) son substituídos por demandas que só se xustifican co argumento de que incrementar o autogoberno contribúe a reforzar o proxecto de construcción nacional.

Síntomas, en definitiva, de que estamos a substituír a racionalización política polo enfrentamento paixonal e, en boa medida, irracional entre individuos e forzas políticas que se enfrentan pola(s) nación(s). Afastándonos, por iso, do que podería ser punto de encontro e compromiso entre a razón e a nación: a institucionalización definitiva dun estado de corte federal.



Notas

¹ Cita San Isidoro a Virxilio: "et caessa iungebant foedera porca" (e os porcos sacrificados xungúan as federacións), Eneida, 8, 461

² Ronald L. Watts, *Sistemas federales comparados*, Marcial Pons, Madrid, 2006, pág. 97

³ Esther Seijas, "Estudio introductorio" a Ronald L. Watts, *Sistemas federales comparados*, cit., pág. 63



Mar Vicente
1/4 Escalera, 2007
(detalle de Escalera de pared, 2007)
Acrílico sobre madeira enteada
90x100x70 cm.

Xosé Luís Barreiro Rivas

Manuel P. Rúa

Texto e fotos



Hai case vinte anos que Xosé Luís Barreiro Rivas baixou da moto, abandonou a estrada e a Cidade da Política onde fora vicepresidente da Xunta de Galicia para se incorporar á docencia universitaria. De político a politólogo, ameno, crítico e científico, en libro ou columna xornalística, algúns dos seus textos e reflexións forman parte da antoloxía do pensamento contemporáneo que ten de fondo a sociedade civil democrática e a súa renovación.

Manuel P. Rúa [M.P.R.]- Que significa ser columnista de prensa en 2007 en Galicia?

Xosé L. Barreiro [X.L.B.]- A miña experiencia, e o que me contan outros columnistas, é, que o columnista en Galicia pode actuar con liberdade, que hai medios onde opinar e que non ten un especial custo fronte á acción do poder, ao que sempre se lle atribúe unha intención de controlar. Ao mesmo tempo, constato, por opinión doutros colegas, que a liberdade coa que eu escribo, non se lle dá a todo o mundo.

M.P.R.- Acabou por coller a medida da columna?

X.L.B.- Non teño especial dificultade. Coido moito o estilo, non molesto persoalmente a ninguén, son razonable nas miñas argumentacións..., formas que valen para un columnista ou un vendedor de zapatos, e estou realmente satisfeito, aínda que supoño que os resultados dunha actividade deste tipo, son..., son malos sempre.

M.P.R.- E que significa ser intelectual hoxe en Galicia?

X.L.B.- Sempre tiven certa prevención fronte a esta cualificación e pretendo non ser cualificado de intelectual. É máis, na medida en que me cheira unha actitude a iso, desasoségame, non me gusta. Aquí inventouse esa figura como se houbese unha sociedade inmatura e alguém lle servise de faro nese camiño. Eu non creo niso.

O que se lle deberá esixir hoxe á intelectualidade é certa congruencia moral, as cousas razoadas e explicadas con honradez intelectual. Para opinar, tes que ter uns coñecementos fundamentais, non estás inventando a realidade, senón que a estás tratando e interpretando para que a xente poída entrar nela cando, ao mellor, non lle era tan fácil e tan posible. Creo que esa é a función do intelectual hoxe en Galicia. A outra, a da tutela social, que aínda subsiste en grupos con saudades de tempos pasados, creo que é lamentable.

M.P. R.- Unha posible caricatura dos columnistas e intelectuais en Galicia dividiríanos en monologistas ou monotemáticos e, por outra banda, xeralistas. Dos dous grupos, un 10% din cousas interesantes con enxeño e un 90% son todólogos, especialistas en todo...

X.L.B.- Hai abundancia do que lle chamamos pensamento correcto, e tamén unha técnica nos escriidores *todólogos*: combinar unha mínima cantidade de frases socialmente aceptadas e sacar, en función do contexto, resultados case inapelables, aínda que non avancen nada e dean voltas en espiral. Fórmulas como "hai que estar unidos fronte a ETA", "non se pode

ceder absolutamente nada", "hai que cumplir integralmente as penas" etc., pase o que pase, mételas nun artigo e non te poñen ante ningún tipo de dificultade nin problema. Parécenme de papagaios, dunha falta de honradez enorme e perfectamente inútil para a función que cumple a opinión pública nun sistema democrático.

M.P.R.- Este tipo de opinión, non imita un modelo de tertulia que chega a ser como os vellos lavadoiros?

X.L.B.- É así, pero non tiña porque ser. As tertulias acabáronse facéndose homoxéneas, de tal xeito que a tertulia dunha cadea constrúe o pensamento da cadea. Nas cadeas nacionais, en vez de coller elementos múltiples, intelectual e informativamente brillantes, acabaron optando polos seus e reafirmándose constantemente a si mesmos.

A tertulia ten tamén unha estraña combinación co xornal: o que un non se atreve a escribir porque o intúe ou porque o sabe sen probas ou suficientes fundamentos, nunha tertulia, con aquilo de *escoitei, dixéronme, parece ser que...*, introducícese de tal forma que realimenta a columna: o columnista cita a tertulia e estamos montando un palleiro sen información, sobre unha apariencia de verdade.

M.P.R.- Hai quen se queixa dela. Existe censura en Galicia?

X.L.B.- Non teño a experiencia recente diso.

M.P.R.- Vostede non recibiu presións do poder?

XLB.- Na época Fraga, el fixo intentos, pero non o acadou e o meu xornal seguiume apoando e publicando.

O poder confunde a boa información coa favorable, e ten outra idea moi curiosa: a opinión é un enredo e podes facer o que queiras. Se un conselleiro ou un presidente fai un discurso péssimo no Parlamento, pensan que ti podes facer o artigo dicindo que estivo xenial. Un columnista non é crible, nin querido polo público, se escribe ao contrario da evidencia. Cando un comentarista é totalmente fiel e fai o que o poder espera que faga, non vale para nada e acábano desprezando. Pódesele facer un favor puntual a un poderoso, ou a un amigo, case todos o facemos algunha vez, aínda que o columnista honrado deixa ver que *hoxe estou a botarlle unha man*, pero ten desgaste. O poder analízase desde a crítica e non desde a apoloxyía, e cando ti es neutral falas moitas más veces mal que ben, somos incómodos.

M.P.R.- Pódese opinar con rigor pero tamén con ironía, sarcasmo e humor?

X.L.B.- Procuro utilizar a ironía, a comparación ou a parábola e así xa hai sempre humor. Facer comparación entre a chegada de Bush a España e a señora da túa aldea que ía ás verzas, alixeira o texto e non lle quita rigor á cuestión. O motivo polo que hoxe non prima a crónica áxil e lixeira é a preocupación pola linguaxe correcta. Cando usas a ironía estás, no fondo, utilizando un instrumento difícil de medir ou valorar como a vai interpretar o ciudadán e por iso ao columnista lle resulta más rendible a frase feita -"ao mellor non acerto, pero polo menos non me equivoco"- que a flexibilidade na expresión. Hoxe na política, nos negocios e na opinión, acertar é unha cuestión de segunda importancia: a prioridade absoluta é non equivocarse.

M.P.R.- De paráboas. Nun conto de Manuel Rivas hai un saxofonista de orquestra que segue a tocar pese a que no adro da festa entrou a neboleira e non ve se hai ou non xente a bailar. O columnista sabe se ten ou non público para quen escribir?

X.L.B.- Todo columnista sabe para quen toca. A maior parte tocan para o xornal ou para o poder, hai moi poucos columnistas que tocan para o público, porque o público do xornal é a cousa máis diversa que pode haber. Creo que hai poucas persoas que din: eu voume facer querer polo meu xornal e facerme respectar do poder, a través de gañar o público. O público do xornal non está clasificado e estante lendo, ao mesmo tempo, o reitor da universidade, especialistas no tema de que estás falando, de urbanismo, economía ou dereito, e tamén alguén que non entende nin sequera as palabras básicas do asunto, os do PP, do PSOE e do BNG e os que non teñen interese na política...

Só se pode ser bo columnista se consegues ser interesante para o especialista e entendible para o que é a primeira vez que le algo dese tema, por iso a linguaxe do columnista é tan difícil e hai profesores extraordinarios, autores de grandes tratados, que como columnistas non son lidos por ninguén, escriben só para o seu colega universitario do gabinete do lado.

M.P.R.- Falando da universidade, din que é localista manter tres universidades, que hai endogamia no acceso e consolidación da carreira docente...

X.L.B.- Algo de certo teñen, pero non estou de acordo con ningunha das dúas afirmacións.

M.P.R.- A ver, tres universidades...

X.L.B.- Galicia era quen de manter tres universidades, non pasaría absolutamente nada. Onde estivo o fallo foi que para facer as tres, desmembramos a de Santiago, que

fora creando unha enorme masa crítica, recursos físicos, intelectuais etc., e quitámoslle Arquitectura para A Coruña e as enxeñarías para Vigo. Cando naceron as outras universidades, o modelo galego estaba facendo vasos comunicantes: perdimos unha das mellores universidades de España para aumentar as universidades. Deberíamos ter feito tres universidades sen afectar a Santiago. Ao mesmo tempo, as tres universidades deberon nacer especializándose nas respectivas titulacións e non emprendendo unha aloucada carreira polo número de titulacións, por ter todas as carreiras, por ser universidades completas. Esta obsesión é unha loucura e os títulos universitarios que manexamos son auténticas fraudes que xa as empresas están revisando: cando chega unha persoa buscando traballo e ves que ten tres ou catro títulos, xa sabes que podes estar ante un especialista en currículos.

M.P.R.- Endogamia.

X.L.B.- Non son as universidades as causantes, senón os grupos de poder que se moven no interior delas: a corrupción está aí e non noutro lado. A reforma do profesorado que se fixo no tempo do PP tivo resultados moiísimamente peores e más corruptos que o sistema anterior e moito temo que o que veña a substituílo sexa moi peor que o de agora.

O sistema de preparación do profesorado é moi longo: a realización da tese de doutoramento leva cinco anos, despois vén a visita a distintas universidades, a práctica universitaria docente, onde un foi axudante de aulas ou tivo encomendada durante catro, cinco ou sete anos, unha materia. Non é lóxico de todo que, cando vayas facer unha oposición final, non teñas modelo para compensar ese proceso de formación: vas examinar, para ver se pode dar unha materia, a quen a leva dándola durante moitos anos. É moi difícil dicirle que non está capacitado a quen leva dando a materia oito anos. Polo tanto, ou se establece un mecanismo que permita compensar os longos, inestables e nada retribuídos procesos de formación do profesorado ou senón dá certa sensación de endogamia, porque lle recoñeces na práctica o que non lle podes recoñecer en sistema formal.

M.P.R.- Que percepción social hai sobre un politólogo?

X.L.B.- Hai moi pouco coñecemento dessa profesión. Creo que algo fixen pola profesión. A mesma idea de que a xente que me coñecía, distingua entre cando eu facía política, era político, e agora que falo de política ou ensino política e son político, creo que axuda a ter unha idea relativamente clara, pero estamos aínda nos

fundamentos, en parte porque temos dificultade en explicar a diferenza entre politoloxía e política. No fondo, polítólogos e políticos lévanse mal. O polítólogo tende a desprezar o político, porque pensa que non sabe nada, e o político despreza o polítólogo porque pensa que ten teoría pero na práctica fracasa. Sería como se nun hospital o cirurxián (que sería o político) crese que el é o que salva o enfermo e que a parte previa (o diagnóstico ou a análise), non teñen nada que ver. Hoxe o cirurxián xa aprendeu que el é a parte final dun proceso complexo e, en cambio, aínda non o aprendeu o político.

Pola nosa banda, cando facemos estratexias, previsión de resultados etc. e, ás veces, non acertamos, os polítólogos temos unha especial calidade para dicir que no fondo nós acertaramos pero o cidadán non reparou no fondo do que nós lle dixeramos.

M.P.R.- Pedagogía, socioloxía, políticas, filosofía etc., semellan aínda carreiras menores fronte a outras percibidas socialmente como más científicas e acreditadas. Segue a existir a vella división ciencias-letras?

XLB.- No fondo seguimos a vella división ciencias e letras pero a aparición doutras titulacións dificultou esa división. Por iso hoxe falamos de ciencias duras, que teñen a expresión en fórmulas e ciencias brandas, que ao non teren a expresión en fórmulas, dan a sensación de ser conclusións menos apodípticas, contundentes ou demostrables. Se ves os gabinetes de asesoría da Xunta, a maioría son xornalistas, porque o político está máis convencido do éxito de contar ben a realidade -aínda que sexa mala- que de facelo ben. Preocúpalle máis o que sae no xornal que o que fai, pero o día que lle preocupe facelo ben e estea convencido de que no xornal non vai saír que fixo moitas cousas se non as fixo, empezará a haber polítólogos nos gabinetes. Ao mellor, en 15-20 anos teremos a profesión identificada como hoxe imos ao fisioterapeuta e hai 20-25 anos non sabiamos o que era.

M.P.R.- Sobre profesións descoñecidas, o mundo dos xestores culturais ten unha formación de procedencia ampla como un bazar chinés, encontrou un nicho no mercado institucional e continúa nunha indefinición permanente da profesión e a función. Que é a acción cultural institucional?

XLB.- A acción cultural creo que está nunha etapa de crise positiva, ese punto en que o de antes xa non serve e o novo aínda non se sabe de todo, unha certa sensación de caos e improvisación, unha situación normal nunha etapa de gran cambio, ao que lle chamaban na aldea, con respecto aos cativos, as medras.



Como lle pasa a todo novo rico (que é o que somos neste momento en España e en Galicia), pasamos de ser un país inculto, sen aprecio polo patrimonio cultural (se algo valorabamos o arquitectónico da igrexa románica estragabamos o contorno, os arquivos das igrexas etc.), e de oferta cultural mínima, exactamente ao contrario: toda vila quere ter unha aula de cultura, un festival-de-non-sei-que, un teatro, poñer en valor o patrimonio tanxible e intanxible etc.

Ao mesmo tempo, na idea de que a "gran cultura" é para privilexiados, e unha sinfonía de Beethoven é algo que só mobiliza a catro tollos, estamos nun momento en que áinda pensamos na cultura como subministración e os xestores de cultura como administradores de calquera outra cousa: canto diñeiro teño para facer cultura nun concello e canta xente podo mover con este orzamento en actividades consideradas de cultura? E por iso, no fondo, é o mesmo unha sardiñada que unha ópera. Esa é a etapa do cambio e creo que imos comenzar a diferenciar o que é cultura do que non. Ou o que é cultura que as institucións deben ofrecer do que é a cultura en que o cidadán ten que ter e asociarse pola súa conta.

M.P.R.- Pero houbo grandes cambios sociais, económicos e culturais, que...

X.L.B.- Imaxino o que pensaría hai moitos anos un paisano galego vendo unha película de suspense, cando o heroe coñece a moza porque ela vai ler á biblioteca polas tardes: el vai alí, fala con ela, e a bibliotecaria (con cara de señorita Rottenmeyer) pide silencio e repréndeos porque molestan os outros lectores. A escena era natural dunha vila en que unha persoa fai uso dos recursos materiais da cultura. Nós non estamos nese camiño porque estamos áínda na cultura espectáculo e movemento de xente. A cultura non é só música ou literatura. E festas, claro, que é o que é hoxe cultura na práctica. Creo que o novo xestor cultural terá que ser o que produza esta transformación, buscar novos recursos e, por outra parte, terá que desprezar outras cousas que non deben estar servidas e sostidas polo patrimonio público.

M.P.R.- De que cambio falariamos daquela?

X.L.B.- A transformación é diferenza entre escutar a banda de música na festa, coas atraccións soando de fondo, a tómbola vendendo boletos e a xente falando entre si, e un concerto nun lugar en silencio. Non sabiamos o que era cultura e agora sabemos que é indispensable para a formación das persoas, comezamos a ter recursos..., fáltanos a parte final, un proceso selectivo. E isto afecta non só ao que vale e ao que non vale culturalmente, senón tamén ao que valendo non ten por que ser servido polas institucións públicas. Entendo

que aí terá que estar a función dos novos xestores culturais dos concellos.

M.P. R.- Onde se fai o xestor cultural?

X.L.B.- Se fixésemos unha titulación universitaria para eles, probablemente fracasariamos. Non creo que se fagan na universidade, algún día se farán, cando concellos e organismos públicos teñan esa figura homologada, e esas persoas comecen a ter revistas, publicacións, congresos, intercambio de experiencias etc. Hoxe en día sería imposible entender a formación dun médico sen a asistencia a congresos. Necesitas un proceso de formación dura, pero despois necesitas a reciclaxe de coñecementos, o intercambio de experiencias ou a apertura de novos horizontes que, ás veces, ti produces e, outras, apréndelo doutras experiencias.

M.P.R.- Non hai excesiva demagogoxia coa Cidade da Cultura?

X.L.B.- Eu non estaría en contra dunha cidade da cultura que fixese un corte e dixese: hai unha cultura de excelencia que se vai centralizar e unha cultura popular que se vai descentralizar porque a cultura de excelencia non é para a disgrigar: podemos ter un Pazo de Ópera, pero non se hai, ao mesmo tempo, tres quioscos de opereta que funcionan facendo ópera, que é o que hai neste momento. Eu entendería unha orquestra magnífica nun único sitio con cabida suficiente para que os afeccionados de Galicia se abonen. Pero iso está loitando contra o localismo. Se viñese alguén que dixese: eu non lle digo á cidade de arriba e a de abaixo que non poden facer ópera ou orquestras, dígolle que as paguen pola súa conta, pero o que queira ver ópera de verdade vai a vela nun Pazo da ópera, con entradas relativamente caras, pero unha ópera subvencionada, como en todas partes.

M.P.R.- É fácil estar contra a Cidade da Cultura...

X.L.B.- Non estou en contra dunha Cidade da Cultura, senón desta Cidade da Cultura que ninguén é quen de dicir que é e que vai custar, despois de case dez anos de traxecto. A Cidade da Cultura é unha trapallada -hai que empezar a reivindicar a palabra trapallada como concepto politolóxico- que vai construíndo obra e obra e obra e de momento estamos fascinados pola desmesura. O que asoma no horizonte é como o rei nu, ninguén se atreve a dicilo e moi temo que cando se inaugure teñamos que facer como os americanos: isto ten 50.000 toneladas de non-sei-que, 890 ventás, caberían as catedrais de Colonia, O Vaticano e Santiago todas xuntas, se fixésemos misa nela xuntaría a cen mil peregrinos a un tempo..., porque o resto non está claro.

M.P.R.- Unha frivolidade, pero cuantificada: temos tres universidades, tres aeroportos e -de momento- dous portos exteriores..., non se resolvería a polémica da Cidade da Cultura se se constrúen outras dúas, empezando pola Coruña...?

X.L.B.- Case seguro que si. Pero apareceu unha con tal volume de investimento que para facer dúas comparables, non hai recursos, e se non se fan comparables non remata o debate. Non teño dúbida de que se fose un modelo máis pequeno, a Xunta diría: non se preocupen A Coruña e Vigo que lles fago un par delas máis e unha parte importante do debate acabaría. Coas autoestradas do mar estámonos xogando máis que coa Cidade da Cultura e non hai debate.

M.P.R.- O porto exterior de Coruña -invisible para o debate público- non é volver repetir a historia?

X.L.B.- Claro. A Cidade da Cultura de que vimos de falar é un símbolo do problema xeral de Galicia, que pasa tamén cos portos: hai varios, todos son exteriores, todos xorden con intención de amolar os demais e converterse no único porto exterior. Ái está o erro. Non pasaría nada se tivésemos un porto exterior para contedores, coches e pedra e fixésemos outro na Coruña especializado en petróleo, carbón, grans etc. O problema é que ningún sabe como se vai manter en activo, como xerar investimentos de renovación, frigoríficos, clasificación, aduanas etc.

M.P.R.- Case vinte anos despois, sempre que vostede vai a un acto público, áinda lle preguntan se vai volver ou por que non volve á política activa. É que era moi bo ou porque non lle queren ben?

X.L.B.- Creo que hai un sentimento xeral -propiedade de ninguén pero común en Galicia- de que a min se me botou dunha forma impropia. De todo o que fixen na política, eu -que fixen cousas ben e tamén mal- escollería a miña saída como o mellor que fixen. Cometín algunas equivocacións, pero o día que decidín marchar porque nun balance razonable estaba perdendo máis tempo en me xustificar que en facer, a partir de aí non hai intermedios. Desmentindo todo o que se dixo sobre min: "é un ambicioso", "quere o poder", "non ten onde ir", "non serve para outra cousa", "nunca será capaz de marchar da política"..., funme da Cidade da Política nunha decisión que está moi ben descrita na Biblia: saes da cidade, sacodes o po das sandalias e non levas nada.

M.P.R.- Vai facer vostede algo por volver á política?

X.L.B.- Imaxine que a política é un libro e que só lle falta pasar unha folla...

M.P.R.- Imaxine unha foliada de aire -cousas do cambio climático/político- e pasa esa folla...

X.L.B.- Vale. Pero se depende de que eu molle o dedo e faga un aceno, non pasará esa folla.



AMIMUOLA

amigos do museu de olaria

Marta Maciel

Responsable polo SEA do Museo de Olaría de Barcelos (Portugal)

Amigos dos Museos | Diálogos a tres

A AMIMUOLA (Asociación Dinamizadora do Museo de Olaría) existe desde 2004 e está constituída, maioritariamente, por mozos con menos de 30 anos, que teñen en común o gusto polo patrimonio e o interese pola cultura. Naceu por proposta do servizo educativo e de animación do museo de olaría que, no ámbito das súas iniciativas de aproximación do museo aos diferentes públicos, suxeriu a un grupo de mozos, asiduos nas actividades do museo, a creación dunha Asociación de Amigos do Museo.

O apoio á constitución de Asociacións de Amigos dos Museos é unha directriz patente no artigo 47º da Lei 47/2004 de 19 de agosto, que apoia a Lei marco dos Museos Portugueses e que determina textualmente que as institucións museolóxicas deben "estimular a constitución de asociacións de amigos dos museos, de grupos de interese especializado, de voluntariado ou de outras formas de colaboración sistemática da comunidade e dos públicos".

O Museo de Olaría é un espazo cultural que preserva e divulga unha identidade colectiva, que é patrimonio, ligada ás formas e usos da olaría e ao afectivo nacional.

Para entender mellor como xurde unha Asociación de Amigos do Museo, comezaremos por coñecer a propia institución.

1. Museo de olaría | E do barro faise o home

O Museo de Olaría (MO) existe en Barcelos desde 1963, por mor da doazón dunha colección de figurado á Cámara Municipal de Barcelos, en 1952, polo etnógrafo Joaquim Selles Paes de Vilas Boas.

Na altura, dado o valor patrimonial da colección, foi creado o museo que, inicialmente, foi denominado Museo Regional de Cerâmica. Posteriormente, adoptaría a designación de Museo de Cerâmica Regional Portuguesa. Con todo, debido ao aumento



das súas coleccións á olaría nacional, é hoxe denominado Museo de Olaría.

Sitúase en pleno centro histórico da cidade de Barcelos, nun edificio datado de fins do s. XVIII, que foi residencia da familia Arriscados Mendanha. Ten anexa a Capela de S. Sebastião, separada de Barcelinhos para este local, en 1736. En 1994, este espazo foi remodelado pola Cámara Municipal de Barcelos abrindo ao público como Museo de Olaría a 29 de Xullo de 1995.

O acervo do MO, nun total de 8600 pezas, é esencialmente constituído por coleccións de olaría nacional ?louza vermella escura, louza preta, louza vidrada, figurado, artefactos asociados á produción, faiança e azulexos? procedentes de case tódolos centros produtores portugueses ealgúns países de expresión portuguesa, así como de países estranxeiros. Así, o MO posúe como principal vocación estudar, documentar, conservar e divulgar as coleccións de olaría que ten, ben como apoiar e colaborar na salvagarda, estudo e divulgación do patrimonio oleico nacional, pertencente a particulares ou a outras institucións.

2. O servizo educativo e de animación | Habitar a Imaxinación

O Museo de Olaría posúe varios servizos con funcións específicas. Estes servizos do museo buscan desenvolver un traballo que se pretende, cada vez máis, que sexa de calidade. É importante destacar, neste contexto, o Servizo Educativo e de Animación (SEA) que ten como funcións a "programación, organización e acompañamento das diferentes actividades organizadas polo museo e que esixen o contacto persoal cos diferentes públicos que visitan a institución" (artigo 9º do Regulamento do Museo de Olaría). Foi no ámbito das actividades desenvolvidas polo SEA que xurdiu a Asociación Xuvenil AMIMUOLA.

No seu programa, e considerando que o Museo debe desenvolver actividades para todos os públicos, o SEA veu a presentar propostas que permitan unha maior e mellor

articulación coa comunidade e cos diferentes públicos, polo que ofrece programas para institucións educativas, para grupos organizados, para nenos, xoves, adultos, familias e maiores.

De acordo coa Lei marco dos museos portugueses, Lei nº 47/2004, artigo 47º, os museos deben estimular a "constitución de asociacións de amigos dos museos, de grupos de interese especializado (...)" debendo neste ámbito facultar "espazos para a instalación de estructuras asociativas (...) que teñan por fin o cooperado para o desempeño das funcións do museo".

No seguimento dos programas desenvolvidos coas escolas, foi emerxendo o interese en afondar nos coñecementos e habilidades na área da olaría por parte de moitos cativos, polo que o SEA, comezou desde 2000 a desenvolver e a ofrecer programas de fin de semana e pausas escolares para públicos non organizados, que privilexian, o contacto coa materia prima que tanto fascina aos cativos ?o barro. Nace, así, o Clube dos Amiguiños do Museo, constituído por cativos e rapaces que desexen, participar nas diferentes oficinas ?modelación, pintura en azulexo, pintura de pezas, roda de oleiro, bixutería, monicreques etc ? no seu tempo libre.

En 2004, este club, organizado de modo informal, contaba xa con cerca de 500 cativos inscritos, na maioría con menos de 14 anos. Neste mesmo ano, en articulación cos mozos que participaban no Programa OTL (Ocupación de Tempos Libres), do Instituto Portugués da Xuventude, xurde a idea de crear unha asociación xuvenil, legalmente constituída, que contaría coa participación de mozos entre os 16 e os 30 anos (cerca de 70% terá que ter idade inferior a 30 anos).

AMIMUOLA - Amigos do Museo de Olaría | Visións xuvenís do patrimonio

Estamos certos de que a perspectiva da realidade do MO, por parte de quen nel desenvolve a súa acción e organización non é necesariamente coincidente coa daqueles que a penas gozan dese espazo como visitantes. Estes últimos, pola forza das circunstancias, non poderán ter unha visión global e que abarca a totalidade da institución. Sendo así, para quen dinamiza unha

BOAS PRÁCTICAS

institución cultural, como un museo, é fundamental ter a noción da percepción que o visitante ten dese espazo e cales serían na óptica do(s) visitante(s) os puntos de interese dun espazo como un museo, normalmente encarado como un espazo monótono, estático, un almacén de cousas antigas. Neste sentido, ter a posibilidade de apoiar unha asociación de mozos que integra o museo, e que, pode percibilo doutra forma e ter unha participación activa no deseño dos programas, sobre todo os que se dirixen aos máis novos, é, sen dúbida, unha relación privilexiada de diálogo permanente co público.

É neste sentido que se presenta como fundamental a existencia de asociacións de amigos dos museos: posto que ten, non só, unha maior percepción dos propios intereses como contribúen para unha mellor articulación entre as perspectivas do(s) público(s) e os obxectivos do museo de olaría.

En última instancia, o gran obxectivo desta sociedade é, sen dúbida, encontrar estratexias para dar a coñecer o museo e permitir o uso e exploración dos seus contidos, como patrimonio de todos.

Así, a AMIMUOLA (Asociación Dinamizadora do Museo de Olaría) constitúise legalmente en decembro de 2004, e hoxe conta con preto de 70 asociados (para os máis de cerca de 600 amiguiños do museo, que existen como asociados novos). Se atopa inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións Xuvenís (RNAJ) o que lle confire a posibilidade de presentar proxectos para financiamento, tendo visto algúns dos seus proxectos aprobados en 2006 e 2007.

Cando da presentación do proxecto da creación da asociación, os mozos realizaran varias reunións para definir o nome da asociación, os obxectivos e os estatutos. Tales obxectivos, que se relacionan cos do propio MO, están inscritos no artigo 2º dos estatutos, son os seguintes:

- a) Promover a defensa e a divulgación do patrimonio natural e cultural.
- b) Promover e desenvolver actividades lúdicas, culturais, recreativas, sociais e deportivas.
- c) Promover o emprendemento de actividades e defensa da cultura e do patrimonio portugués en estreita colaboración co Museo de Olaría.
- d) Divulgar o gremio artesán.
- e) Sensibilizar para a preservación do patrimonio cultural.
- f) Valorizar e enriquecer o contido do Museo de Olaría.

A primeira dirección, composta por 11 persoas, foi electa en 2004, cun mandato de 2 anos. Actualmente, exerce as funcións a segunda dirección, electa en 2006, composta, tamén, por 11 elementos, na súa gran maioría mozos fundadores, con menos

de 30 anos. De acordo co previsto no regulamento, no inicio do mandato presentan un plano de actividades, delineado en articulación co Servizo Educativo e de Animación do MO, e presentado aos socios para aprobación. Durante o mandato, deben pór en práctica o plano de actividades, sendo os mozos responsables de todas as áreas, desde o financiamento, pasando pola planificación, organización, divulgación, realización e avaliación das actividades.

No que di respecto ao financiamento dos máis variados proxectos, até a data, este provén das seguintes fontes:

- Presentación de proxectos para financiamento ao Instituto Portugués da Xuventude
- Realización de protocolos de colaboración coa Cámara Municipal de Barcelos
- Realización de sociedade con outras asociacións culturais do concello
- Captación de socios
- Creación de pezas en barro para a venda

Son varias as actividades que se realizan no MO pola AMIMUOLA, permitindo que un elevado número de persoas visite por primeira vez o MO, a pretexto dun concerto, unha conferencia ou dun workshop. Pola capacidade que a AMIMUOLA ten presentado en reunir diferentes públicos á volta das súas iniciativas, destacamos as actividades que máis marcaran os 3 anos de existencia da asociación:

- Concertos con diferentes grupos musicais.
- Sesións de poesía integradas nas visitas ás exposicións do MO.
- Workshops/cursos de olaría, pintura en azulexo e modelaxe.
- Baile de Antroido con representación das personaxes integradas na exposición "Figurado: unha visión do mundo".
- Presentación de actividades nas conmemoracións do Día Internacional dos Museos e Noite Europea dos Museos.
- Edición dun xornal –Joramimuola– para a promoción das actividades da asociación e do MO e para divulgación dos artesáns do concello.
- Intercambio con outros museos nacionais.

- Promoción de espazos patrimoniais mediante a realización de concertos, en sociidades con outras asociacións do concello de Barcelos.
- Participación na Feira das Asociacións.
- Realización de conferencias -diálogos entre especialistas de diferentes áreas e a xuventude.
- Creación e dinamización dunha cafetería no MO.

Temos a percepción de que a existencia da Asociación de Amigos do Museo, facilita, por riba de todo, o diálogo co público novo, porque presenta unha linguaxe máis próxima e dilúe barreiras conceptuais que, consciente ou inconscientemente, existen relativamente a ideas como museo e patrimonio.

Esta sociedade deu beneficios varios para os diferentes actores: para os novos da AMIMUOLA (dirixentes e socios), porque teñen un espazo que os aproxima ao patrimonio e lles facilita a presentación de proxectos que aumentan a súa consciencia de cidadáns activos e intervenientes no contexto cultural en que viven; para o MO, porque consegue chegar a un público que vive esencialmente no presente, proyectando o futuro, mais evidenciando algunas resistencias no contacto coas memorias do pasado histórico; para o público que ten gozado de excelentes actividades culturais nas más variadas áreas e, ao mesmo tempo, de forma lúdica e descontraída, vai adquirindo a consciencia de que o valor cultural do patrimonio é parte da propia historia individual e colectiva.

Acreditamos que a xestación e dinamización dun espazo cultural, como o MO, faise para o(s) público(s) e co(s) público(s), sendo indispensable a comunicación e o diálogo permanentes, de forma que todos os cidadáns poidan participar na dinámica cultural dos espazos e do medio onde viven o seu día a día. Acreditamos, en fin, que a cultura faise do, no e polo intercambio entre diferentes visións.




Rúa Cónego Joaquim Gaiolas
4750-306 Barcelos | Portugal
Teléfono: +351.253824741
Fax: +351.253809661

Amimuola: amimuola@gmail.com
Museu Olaria: museuolaria@cm-barcelos.pt

Amimuola: www.amimuola.maisbarcelos.pt
Museu Olaria: www.museuolaria.org





Juan Ramón Martín Catoira
Sen título

35 Milímetros, 36 fotos, 25 anos de fotocracia en Ourense

Manuel P. Rúa

En 1983 dicir fotografía era pensar nun bolso -pesado e cheo de obxectivos- e unha cámara que debías abrir ata as entrañas, introducir un *carrete* de película tan sensible que se podía *velar* coa luz natural, pechar aquel aparello negro, pegalo aos ollos, *disparar*, e ir pasando, unha a unha, ata 36 veces, 36 exposicións que correspondían a 36 *negativos* de base plástica e formato 24x36 mm.

Este alarde de enxeñería mecánica, electrónica e química, aínda debía agardar un proceso fundamental para que o misterio da

imaxe –sairá ou non?- se desvelara un tempo despois. O labor continuaba no laboratorio propio ou na tenda comercial, unha vez aberto e *revelado* aquel pequeno bote de negativos gardados en espiral na escuridade, dando lugar a 36 fotografías positivadas por medio dun aparello chamado ampliadora.

O Outono Fotográfico de Ourense, dende ese mesmo ano 1983, foi a primeira pegada de importancia en canto ao concepto de democracia fotográfica en Galicia, e aínda que é certo que competiu coa Bienal Fotográfica de Vigo (a outra

proposta estable de peso na fotografía no noso país neses anos), a cita de Ourense seguiu ampliando fronteiras e propostas mentres a viguesa desapareceu.

A Casa da Xuventude foi o eixe do milagre que permitiu a conversión de Ourense en capital da fotocracia, con polo menos tres características salientables:

a) Crear unha *romaxe anual de peregrinos da república fotográfica* que se espallaban por galerías, bares, librarías e calquera recanto que puidese contar cunha exposición.

b) Ser a *primeira experiencia sistemática e importante de actividade fotográfica en rede*: o Outono Fotográfico foise espallando cada ano a moitos concellos da provincia de Ourense e doutras partes de Galicia.

c) Ser quen de permitir, a un tempo, ver as obras de quen tiña a fotografía como *unha actividade amadora* (ao xeito das vellas costureiras) e *tamén de profesionais* que ollaron e axudaron a cambiar a lectura da fotografía: quen quixo expoñer en Ourense pudo compartir galería ou catálogo con Doisneau, Cartier Bresson, Virxilio Viéitez ou Sebastiao Salgado.

Cada mes de novembro, Ourense celebra a fotografía e convida ao mundo nunha cidade que en 1983 aínda permitía ver e fotografar a festa dos mortos de novembro, o magosto das lumieiras e a castaña, o casino e o casco histórico, e hoxe esténdese polas novas e multiplicadas salas de exposicións e os pubs onde foi chegando unha nova cultura fotográfica da man doutros artistas e outras disciplinas dialogantes coa fotografía como Sophie Calle, Sergio Belinchón ou Salvador Cidrás.

As medras do Outono Fotográfico están impresas nos catálogos anuais que recollen imaxes, obradoiros, debates, textos e publicacións de interese, a fotografía como memoria (e viceversa), o fotoxornalismo, a reflexión científica e literaria e outras materias que poidan complementar ou enriquecer a fotografía e o debate sobre a dialéctica entre a fotografía con outras lecturas ou soportes.

A postal máis lucida, a mellor mercadotecnia cultural de Ourense hoxe é o Outono Fotográfico, despois de 25 edicións ininterrompidas dun outono farto e dourado -dixera Otero Pedrayo- en luces e imaxes compartidas, este álbum da memoria da actividade fotográfica que hoxe se realiza con cámaras dixitais lixeiras de peso, algunas de peto que non precisan pegar o ollo ao visor nin pensar como quedará unha imaxe que ollamos desde o seu nacemento e só precisa, se acaso, dun pequeno software na pantalla dos ordenadores e os programas informáticos que remataron con mitos analóxicos como Leica, Nikon ou Hasselblad e tamén coa maior parte dos comercios fotográficos e laboratorios.


Desterrado pois o *negativo*, suprimida a incógnita e o medo ás fotografías *veladas* e cando o *fotoshopeado* é o abc da cousa fotográfica, longa vida a Benito Losada, Jean Yves Bregand e á hoxe minguada *seita do carrete*, soportes fundamentais na maior parte desta travesía pola luz dende a cidade do Miño.




Konrad Gös
Steg

Chema Madoz
Sen título, 1994





anne heyvaert



anneheyvaert@hotmail.com



Alain Laforest

A Tohu, os beneficios dun organismo sen ánimo de lucro

Vítor R. Barca

Fotóxornalista

Que é a Tohu?

A Tohu, ou cidade das artes do circo, é un organismo sen ánimo de lucro que ten como misión principal a difusión a nivel local, nacional e internacional das artes do circo. A idea xurdiu no 1999 como unha iniciativa de tres actores, a Escola Nacional das Artes do Circo do Canadá, o Cirque du Soleil, e o organismo de promoción do circo En Piste, aos que logo se sumou o apoio decisivo da vila de Montreal e de outras institucións públicas e privadas.

colaboracións

O seu obxectivo principal é o de facer de Montreal, que xa en aquel momento albergaba a Escola Nacional de Circo e a sede permanente do Cirque du Soleil, un dos centros de referencia a nivel mundial no que se refire ás artes escénicas e do circo.

Este obxectivo está complementado por outros dous, vinculados coa ubicación física do proxecto, como son a recuperación medioambiental do antigo vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Saint-Michel –que con 192 hectáreas é un dos máis grandes de América do Norte- e a revitalización do barrio do mesmo nome, un dos máis deprimidos da illa de Montreal.

Os actores

Nacida en 1981, a Escola Nacional de Circo é a única institución en América do Norte que oferta un ciclo completo de formación profesional post-secundaria en Artes do Circo¹, unha titulación que conta co mesmo rango que a das Ecolas Superiores de Música, Danza ou Teatro. Na actualidade é un referente mundial tanto pola calidade da súa formación como pola orixinalidade das propostas que nacen dentro dos seus muros. Das súas aulas saíron un grande número de artistas que hoxe forman parte de *troupes* tan recoñecidas como o Cirque du Soleil ou o Cirque Éloize.

O Cirque du Soleil é unha das compañías que máis contribuíron nos últimos anos ao renacer do circo a escala mundial. Formado a mediados dos anos 1980 por un grupo de artistas de rúa, na actualidade emprega a máis de 3.800 persoas –unhas 1400 só na súa sede internacional de Montreal- e conta con quince espectáculos simultáneos repartidos por todo o mundo.

En Piste é unha asociación profesional que agrupa aos diferentes actores da esceña circense de Quebec e do Canadá, entre os que ademáis de artistas inclúese adestradores, promotores, escolas ou deseñadores.

Nacemento e evolución da idea

A finais do 1999, os tres actores principais urdiron a idea de construir en Montreal un centro que agrupase todos os estamentos da industria do circo, coa finalidade de unificar iniciativas e centralizar os seus recursos. No ano 2000 comezaba, co apoio decidido da Vila de Montreal, a construcción da coñecida como Cidade das Artes do Circo, coa edificación da sede internacional do Cirque du Soleil. No 2003 créaronse unha residencia con capacidade para 113 artistas e a sede da Escola Nacional de Circo. E no 2004 inaugurouse o pavillón central da Tohu.

Nese intervalo, os tres principais promotores foron sumando apoios tanto de autoridades locais e provinciais como dun importante grupo financeiro privado, ata investir na creación da

Tohu uns 73 millóns de dólares canadienses (case 52 millóns de euros) e converterse deste xeito nun dos actores económicos máis importantes da zona.

Como contrapartida aos apoios da Vila de Montreal e de varios ministerios do Quebec, a Tohu comprometeuse a desenvolver un ambicioso plan de revitalización do distrito Villeray-Saint Michel-Parc Extension que presenta numerosas ramificacións medio ambientais, socio-culturais e económicas.

Por unha banda, as súas instalacións aséntase en terreos do Complexo Medioambiental de Saint-Michel, que tamén acolle o centro de reciclaxe da vila de Montreal, a compañía Gazmont –que produce enerxía eléctrica a partídos gases que xenera a descomposición dos materiais do vertedoiro- e un *Eco-quartier*, un centro de recursos en materia de reciclaxe que da servizo á comunidade na que se sitúa.

O edificio central da Tohu, ademais de servir de modelo de arquitectura sostible, xa que tanto para a súa construcción como para a súa xestión diaria se empregan enerxías limpas e materiais reciclados, cumple coa función de ser o centro de acollida para os visitantes do Complexo Medioambiental. Ao tempo, o equipo da Tohu é o encargado de deseñar e poñer en práctica o programa educativo e didáctico do Complexo Medio Ambiental de Saint Michel.

Polo que respecta á súa tarefa comunitaria e cultural, o centro fai as veces de centro sociocultural da zona e colabora coa Vila de Montreal na elaboración das propostas culturais para o rueiro. Entre outros beneficios para a zona, está o emprego das infraestruturas e dos recursos da Tohu para o desenvolvemento de actividades municipais. Entre outros, podemos destacar o uso público do seu auditorio central, con capacidade para 840 espectadores e que conta cunha programación estable de actividades musicais, teatrais e circenses de categoría mundial, ou a celebración de numerosos cursos e actividades de formación destinadas aos veciños.

Como última mostra da involucración da Tohu no proxecto de rexeneración económica e social do distrito, está previsto que este mesmo ano comece a construcción dun novo pavillón que albergará as oficinas dos organismos socio-comunitarios e de economía social que operan na zona. As características sociais e económicas deste distrito fan que conte cunha elevada densidade de organismos de participación cidadá e de integración de grupos desfavorecidos. Unha das demandas más persistentes por parte destes grupos é a de conseguir unificar os recursos nun lugar común, que facilite a súa xestión e evite duplicidades.

No que respecta aos beneficios económicos, o nacemento da Cidade das Artes do Circo supuxo a creación de máis de 1500 empregos directos nunha das áreas máis deprimidas da rexión de Montreal. Este feito supón que o sector cultural e de

espectáculos se sitúe como un dos motores económicos máis importantes da zona, onde o conxunto de empregos procede das grandes industrias de manufacturas e do sector servicios.

Segundo datos do *Chantier de l'économie sociale*, un organismo especializado en economía social, os organismos sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor en Quebec no ámbito da cultura dan emprego a máis de 8.000 persoas e xeran unha cifra de negocios que supera os 112 millóns de euros anuais.

Radiografía socio-económica do distrito Villeray-Saint-Michel-Parc-Extension

O distrito sobre o que se asenta a Tohu, Villeray-Saint-Michel-Parc-Extension, é o que presenta a maior variedade étnica de todos os da illa de Montreal. Conta con máis de 145.000 habitantes –o que o convierte no segundo barrio más populoso da cidade, cunha densidade de poboación de 9134 habitantes por quilómetro cadrado- que proceden de 75 comunidades étnicas diferentes.

En Saint Michel, a taxa de paro ronda o 18%, unha cifra que prácticamente dobra á da illa de Montreal, cunha media do 9.2% de desempregados. Ao mesmo tempo, os ingresos medios por familia son case un 30% inferiores aos da media. Polo que respecta á idade, o 26% da poboación ten menos de 19 anos, unha das más xoves en todo Montreal.

O francés, idioma oficial do Quebec, é a primeira lingua únicamente no 51% dos fogares. Entre as línguas más faladas están o español, vietnamita, o árabe, e o crioulo, grazas á existencia dunha importante comunidade de orixe haitiana. 

Enlaces

Escola Nacional de Circo: www.enc.qc.ca

Cirque du Soleil: www.cirquedesoleil.com

La Tohu: www.tohu.ca

En Piste: www.enpiste.com

Chantier de l'économie sociale: www.chantier.qc.ca


Notas

¹ O sistema educativo do Quebec establece un ciclo de formación profesional obligatorio para mozos e mozas de 17-18 anos que queren acceder aos estudos universitarios, e tamén ciclos de estudos profesionais superiores cunha duración de 3 anos.



Alain Laforest

DISONANCIAS



DISONANCIAS é unha plataforma de mediación e impulso das relacións entre empresas, centros de investigación ou entidades públicas, e artistas, para estimular a innovación en todas as súas vertentes, e transmitir á sociedade a importancia de desenvolver contornas creativas.

Parte da premisa que os artistas son por definición investigadores, que poden contribuír a propor novas e diferentes vías de innovación, introducindo desviacións e disonancias nos procesos habituais de pensamento e actuación, achegando creatividade e metodoloxías de traballo, e servindo de catalizador aos membros dun equipo. En consecuencia, o artista pasou de desempeñar o rol que habitualmente se lle atribúe socialmente -crear arte-, a cumplir máis ben a función dun colaborador externo que se incorpora a un equipo de traballo, cumprindo o rol de *experto en creatividade*, converténdose así nun profesional experto especializado. Deste xeito, a partir da


experiencia e o intercambio xerado pola relación con artistas, DISONANCIAS pretende diversificar os procesos de innovación no mundo da empresa, entendendo a innovación non como un fin en si mesmo, senón como unha ferramenta para cambiar formas de actuar, actitudes e valores.

Doutra banda, as organizacións empresariais necesitan responder, cada vez con maior velocidade, a un maior grao de esixencia da cidadanía, a novas necesidades sociais, ou a vellas necesidades plasmadas en demandas diferentes e en marcos distintos. Ante a sobresaturación de produtos, servizos e mensaxes, a atención centrarse, ademais de no seu contido, sobre todo noutras cuestiós diferenciais, integrando factores intanxibles e valores como a creatividade, a contextualización cultural, a sustentabilidade, o deseño, a responsabilidade social, a interactividade, a participación e, especialmente, a capacidade de ofrecer experiencias novas, personalizadas e memorables.

Novos territorios para a Arte.

Roberto Gómez de la Iglesia

*Director de DISONANCIAS
Conseilero delegado do Grupo Xabide,
Xestión Cultural e Comunicación Global*



O mundo das artes e o mundo da empresa, necesitan, polo tanto, novos nutrientes, en contidos e formas, que lles axuden a crear contornas fértiles onde xerar novas propostas sociais e novos significados compartidos coa ciudanía.

Tanto no marco de DIVERXENTES 2005 como no DISONANCIAS 2006/07, desenvolvéronse un total de 20 proxectos de colaboración entre empresas localizadas no País Vasco e artistas internacionais. O éxito destas dúas edicións propiciou que DISONANCIAS convértase nunha plataforma en desenvolvemento constante para fomentar investigacións conxuntas sobre conceptos, produtos / servizos ou procesos, a partir de dous tipos de desenvolvimentos: un marco práctico onde se posibilitan colaboracións entre artistas e entidades como a edición DISONANCIAS 2007/08 e a iniciativa activa DISONANCIAS; e un marco conceptual sobre prácticas e metodoloxías de colaboración e sobre o vínculo entre arte e

innovación, dentro do cal desenvólvense investigacións que permiten reaxustar os programas organizados.

Non só existe unha real demanda tanto por parte das empresas -necesitan creatividade-, como por parte dos artistas- queren interactuar con ámbitos más amplos que o estritamente artístico-, senón que o intercambio é realmente beneficioso para ambas partes, e por extensión para a sociedade. Así, os resultados dos proxectos DISONANTES deben aspirar ir máis aló do seu éxito no mercado ou a súa aceptación por parte do público, para contribuír á construción dunha sociedade orientada cara a valores de diversidade, equilibrio, sustentabilidade, flexibilidade e espírito de risco. En palabras da colaboradora do programa Cecilia Andersson, "Mentres palabras como *creatividade* e *innovación* podan soar frívolas polo manidas, e quizais actúen máis como frase con gancho que como definición deste proxecto, a idea que impulsa

DISONANCIAS é facilitar unha plataforma para un compromiso serio baseado nos valores que inflúen e impulsan poderosamente tantos aspectos da sociedade actual. Por creatividade e innovación aquí referímonos a procesos activos, un continuum de experimentación, de negociación, argumentación e comparación. A creatividade abarca todo o devandito; a mellor innovación é a que resulta de tal proceso".

Edición 2007/08

Na que será a terceira edición de DISONANCIAS, nove entidades con sede no País Vasco establecerán procesos de colaboración con artistas nacionais e internacionais. A partir de novembro de 2007 e durante un período de nove meses, cada unha das entidades acollerá e colaborará co artista ou colectivo de artistas seleccionado.

Pídese aos artistas desenvolver un prototipo, procedemento ou idea a partir do marco definido de antemán por unha das nove entidades accoledoras. A maior parte das entidades que participan na edición poden entenderse como dedicadas principalmente a dous tipos de actividades. Un deles estaría vinculado ás relacións sociais, como as redes, servizos e estruturas de apoio mediante as cales as empresas proporcionan medios e actúan como guías de iniciativas e novos negócios que puidesen necesitar estratexias e tácticas comunicativas para porse en marcha e adquirir relevancia. Estas organizacións están representadas por TECNALIA, LANTEGI BATUAK e POLO GARAIA. O outro ámbito de actividade empresarial fundaméntase no desenvolvemento de servizos, tecnoloxías ou produtos relacionados coa arquitectura, o urbanismo e a construcción. Este grupo de organizacións está representado por LANIK, DORLET, IMAR, FUNDACIÓN IKERTIA e GRUPO SARKIS / LAGUNKETA. Un ano máis, EiTB, o principal grupo de comunicación do País Vasco, participa colaborando cun artista na investigación do formato documental a partir da realización dun documental sobre o conxunto dos proxectos.

Os artistas que tomarán parte no proxecto están aínda por ser escollidos, xa que a convocatoria para presentar as solicitudes pechouse o 3 de outubro de 2007. Agora, un xurado integrado por Cecilia Andersson (comisaria e directora de Werk LTD., Axencia de comisariado de Estocolmo), Bronac Ferran (investigadora, escritora, e produtora especializada en proxectos interdisciplinares do Arts Council England e membro de artsactive.net), Jose Pérez de Lama (arquitecto e profesor asociado na Escola Técnica de Superior de Arquitectura da Universidade de Sevilla) e Juan Mari Uzkudun (exdirector de innovación e desenvolvemento de MCC), seleccionará varias propostas por entidade accoladora, para presentalos á entidade correspondente quen tomará a decisión final. Comunicarse a resolución a finais de novembro de 2007.

DISONANCIAS privilexia a participación de artistas interesados en traballar na interacción entre distintos sistemas sociais e

culturais, e en proxectos que favorecen o traballo colectivo; e que utilizan a ciencia ou a tecnoloxía como soporte do seu traballo, ou que reflexionan sobre ela. Búscase a todos aqueles artistas que estean dispostos a implicarse e a priorizar o proceso tanto ou máis que un resultado. Interesan os artistas que se guían polas ideas e a curiosidade e que pensen que poderían gozar da próxima relación e o duro traballo que leva este tipo de colaboración. Ao mesmo tempo, DISONANCIAS brinda o privilexio e o estímulo que supón o intercambio de ideas e o establecemento dunha continuada relación interdisciplinar con persoas e culturas ás que, doutra forma, quizais non se accedeu. Esta é unha iniciativa que permite gran liberdade e espazo para desenvolverse. Convócase a artistas que traballan con calquera tipo de soporte e dentro de calquera disciplina, de xeito individual ou colectiva.

Partindo de novembro de 2007 e durante os 9 meses seguintes, as empresas accoledoras e os artistas seleccionados colaborarán no desenvolvemento dun proxecto de investigación. Trátase de favorecer intercambios creativos e de coñecementos na procura dun resultado non tipicamente artístico, senón de innovación produtiva. Os resultados desta cooperación poden materializarse libremente en todo tipo de formas e soportes, que dependerán únicamente das propostas e disposición dos socios implicados.


Ademais, durante o desenvolvemento do proceso celebraranse diferentes reunións coas empresas e artistas participantes sobre metodoloxías e seguimento das investigacións, contando nesta edición coa colaboración de Cecilia Andersson e François Deck, artista consultor, e profesor na Escola Superior de Arte de Grenoble.

Rede internacional artsactive.net

DISONANCIAS esforzouse nos últimos anos en afianzar relacións con expertos e programas internacionais relacionados principalmente en fomentar a interacción entre o campo da ciencia, da innovación e das artes e todos os seus profesionais involucrados. Tanto é así, que se converteu na sede de artsactive.net, unha rede internacional de programas de colaboración entre artistas e unidades de investigación en ciencia e industria, que se creou no 2005.

Na actualidade, conta entre os seus membros con organizadores de programas como ANAT (Australia), ArtistsinLabs (Zúric), ArtsCatalyst (Londres), The Arts and Genomic Center (Amsterdam), Arts Council England, Disonancias, ITEM (Liverpool), Montalvo Arts Center (Saratoga, California) CADRE Laboratory for New Media (San José, California); con organizadores de apoio como Leonardo/ISAST e Leonardo/OLATS; e colaboradores que estudan ou apoian este tipo de programas como Samuelle Carlson, Bronac Ferran, James Leach (Kings College, Cambridge), Emmanuel Mahé (France Télécom R&D).


O programa DISONANCIAS está patrocinado pola SPRI/Goberno Vasco (Departamento de Industria, Comercio e Turismo), a Deputación Foral de Álava (Departamento de Promoción económica e xestión da innovación) e a Deputación Foral de Gipuzkoa (Departamento para a innovación e a Sociedade do coñecemento). Conta con colaboradores como Arteleku, Ministerio de Cultura e Naider, e está promovido por Grupo Xabide.



D|SONANC|AS

Enlaces

www.disonancias.com
www.artsactive.net
www.grupoxabide.es



CGAC

CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

Centros

Tras a hiperactividade do verán con obradoiros, cine e performances, o CGAC encara o outono promovendo a primeira convocatoria de bolsas de arte contemporánea e coorganizando o Máster de Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas da Universidade de Santiago de Compostela. Dírixido por Manuel Olveira, quen cumpre dous anos no cargo en novembro, o CGAC reafirma a súa vontade de traballar co contexto, sexa co que atinxo a aqueles artistas de *trinta e tantos* na exposición Cuestión xeracional ou co dunha década tan produtiva e axitada como os 70 no caso da mostra A batalla dos xéneros. Tamén traballando en rede; para mostrar o Proxecto-Edición, unha iniciativa a tres bandas –CGAC, Marco e Fundación Luís Seoane- no seo da que se inaugura a comezos de novembro a exposición *Informacióncontrainformación*.

O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) inaugurouse en 1993 en Santiago de Compostela nun momento en que se conformaba a primeira remesa de museos e centros de arte contemporánea no Estado español.

Normalizábanse, xa que logo, unha serie de carencias culturais comezando polas infraestruturas de exposición e visibilidade. A idea era a de ser capaz de ofrecer unha plataforma de visibilidade para artistas galegos e, ao mesmo tempo, xerar unha estrutura de traballo que permitise dinamizar a arte contemporánea quer desde o punto de vista da producción quer da comprensión da arte. Tamén, entre estes primeiros obxectivos, hai que apuntar unha vontade decidida de amosar estilemas fundamentais da arte actual (minimal, povera, pop etc.) e interesantes artistas que marcaban pauta na escena internacional (Félix Gónzalez-Torres, Ana Mendieta, Vito Acconci, Dan Graham, Rebbecca Horn, etc.)

Sen dúbida, o primeiro activo que ten o CGAC é a súa arquitectura – converteuno en centro de peregrinación para profesionais deste ámbito de todo o mundo- deseñada por Álvaro Siza, nunha coidada conxunción de respecto exterior cara ao contorno e un sentido case místico no interior, con contrastes intensos entre os planos limpos e os

efectos dunha luz sempre indirecta. Os espazos creados provocan que se estableza sempre un diálogo ás veces cómplice e, outras veces tenso, entre os artistas e o arquitecto. Un diálogo moi propio da arte contemporánea, de cuxas solucións sempre sae beneficiado o espectador, que asiste á resolución final do encontro e intúe os puntos e momentos de auténtica tensión creativa. Exemplo disto é o Doble Espazo do CGAC, destinado á creación *site specific* para artistas galegos e internacionais.

A colección CGAC é un dos piares do centro desde os seus inicios –tamén acolle en depósito a colección da Fundación Arco, a Colección Xunta de Galicia e a Colección Areán. Na actualidade, vertébrase ao redor da arte galega, española, portuguesa e iberoamericana desde os anos oitenta. Non é unha colección de obras, senón de traxectorias, o que determina que, xeralmente, conta con tres ou máis obras de cada artista, en especial, considerando aquelas que conforman un diálogo co contexto de referencia.



Investigación e diálogo

Neste momento, entre os obxectivos do CGAC cómpre mencionar a apostxa por unha rede de diálogos, de colaboracións e de intercambios, como no caso do mestrado da Universidade de Santiago de Compostela; a potenciación da actividade produtiva, a comunicación con amplos sectores do público a través dunha serie de actividades concretas e diversificadas que permitan construír unha audiencia esixente e crítica e, en definitiva, afondar no rigor da investigación e na capacidade de achegamento en diferentes facetas do mundo contemporáneo.

A convocatoria de oito bolsas de investigación en arte contemporánea en Galicia –unha posibilidade recollida no regulamento do centro mais nunca desenvolvida- responde á vocación de formar novos profesionais. Os oito seleccionados desenvolverán a súa actividade no CGAC durante dous anos. Trátase dunha oportunidade a través da que poderán participar e coñecer o proceso de xestación e producción de proxectos: polo de pronto, tras Informacioncontrainformación e antes de que remate o ano, dúas mostras arredor de Lodeiro e Susan Philipsz, respectivamente. 



CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Rúa Valle Inclán s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 619
Fax: 981 546 625
Enderezo electrónico: cgac@xunta.es

HORARIO

De martes a domingo: de 11.00 a 20.00 h
Luns cerrado
Entrada gratuita

SERVIZOS

Biblioteca: na biblioteca do CGAC, alén de acceder a un completo catálogo de fondos relacionados co mundo da arte contemporánea, pódense consultar publicacións periódicas e suplementos de arte de todo o mundo. O horario da biblioteca é de 11.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h, de martes a venres.

Tenda-librería: co mesmo horario que o CGAC, na súa tenda-librería pódense achar, ademais das numerosas publicacións do centro, todas as novedades editoriais relacionadas co mundo da arte contemporánea.

Cafetaría-restaurante: a visita ao CGAC complétase co servizo de cafetaría-restaurante.





O Ecomuseo do Forno do Forte

O Ecomuseo de Forno do Forte é o resultado da recuperación dos edificios dun conxunto etnográfico para a súa musealización. A constante colaboración entre o Concello de Malpica e a Excma. Deputación de A Coruña permitiu finalmente acadar a meta marcada, un centro no que se poida coñecer de primeira man a olería de Buño, un lugar que resulte agradable e de interese para o visitante e un punto de referencia para os oleiros do centro alfareiro máis importante de Galicia.

A iniciativa de crear un Ecomuseo partiu do departamento de cultura da Excma. Deputación de A Coruña, encabezado por Felipe Senén. O proxecto foi secundado con gran acerto polo servizo de Arquitectura dirixido por Fernando Cebrián e José Yañez. Os traballos de etnoarqueoloxía foron dirixidos por José Francisco Doval Galán. Este equipo, cando deseñou o proxecto para a recuperación das antigas vivendas de oleiros no Forno do Forte en Buño, tivo moi presente que no proceso de musealización do conxunto non se podía quedar no concepto de museo convencional. A recuperación das estruturas e a promisión de fondos tiña que ir máis aló dunha mera exposición. Forno do Forte debía estar integrado no seu entorno, servir de centro de estudos e investigación da olería e do seu contexto, debía impulsar o coñecemento e conservación das técnicas tradicionais, potenciar o entorno e servir de promotor dun dos oficios máis antigos. Todo isto

debía facerse contando coa participación dos profesionais da olería, tanto dos retirados como dos que permanecen en activo, e executalo de xeito que a poboación se sentise identificada co Ecomuseo.

Os edificios que componen o conxunto de Forno do Forte son un total de once. Oito destes edificios foron vivendas de oleiros ou de xornaleiros. Ademais dispoñemos dun forno tradicional para cocer cerámica, un cabanote (alpendre de grandes dimensións) e un hórreo. Na actualidade, hai dúas vivendas de oleiros reproducidas tal cal eran, amosando a vida cotiá dunha familia oleira. Unha é o obradoiro do conxunto, lugar no que traballa o oleiro tal e como se facía antigamente, e a outra recolle a exposición do proceso de preparación do barro. O mobiliario e fondos están centrados nos anos 50 do século pasado, momento álxido desta actividade. Polo tanto, unha das finalidades principais da creación deste Ecomuseo estase a cumplir con éxito, isto é, reproducése a vida tradicional dun oleiro mantendo a actividade no seu interior. Permanentemente hai un oleiro traballando e os visitantes que o desexen poden participar no traballo sentándose no torno e facendo unha peza.

A exposición sobre olería complétase con varias salas onde se expoñen pezas antigas de barro. Por último, na vida dos oleiros tamén estaba presente o traballo agrícola. Esta era un labor secundario,

mais fundamental nunha economía de autosubsistencia. Por iso existen dúas sas de exposición onde se recollen pezas antigas de labranza procedentes de Buño e o seu contorno. Amósanse outras actividades propias de Malpica como son a agricultura e o mar. O Ecomuseo, como escaparate do concello, recolle varios dos aspectos más significativos da súa entidade.

Servizos que oferta

O resultado desta experiencia está a ser moi positivo. O traballo cotiá esta a permitir a recuperación de pezas antigas tanto por medios etnográficos como arqueolóxicos. Este labor é de gran interese para poder elaborar un catálogo completo da producción de Buño. Existe unha importante colección de pezas tradicionais, mais se reduce á memoria da xente que, como tal, é limitada. A aplicación de técnicas e estudos arqueolóxicos e etnográficos estanos a permitir recuperar formas, acabados e decoracións xa esquecidas, pero tan tradicionais como as que xa se recuperaron por medio da memoria popular. Por outra banda, tamén se está a recoller documentación escrita, procedente de herdanzas e contratos. Estes textos están achegamento información de notable interese para coñecer o funcionamento social e económico dos oleiros de Buño.



Xunto cos traballos de investigación, outro dos labores fundamentais dun museo é a función educativa. Esta estase a cumplir en varios aspectos. Ademais doutras labores, as principais son por unha banda amosar aos visitantes o xeito de vida tradicional dunha familia oleira coa reprodución das vivendas, por outra, as salas de exposición recollen pezas únicas da producción de Buño e, para complementar o anterior, o visitante pode sentarse no torno. O oleiro, dedica boa parte do seu tempo a amosar ao visitante que o deseñe, como se traballa nun torno. O tempo dedicado é o suficiente como para que a persoa que se senta na roda elabore unha peza sinxela. Esta experiencia resulta moi gratificante, xa que a meirande parte da xente non imaxina a dificultade e o esforzo que supón tornear. Despois de facer unha peza, a idea sobre o traballo dun oleiro cambia, comprendendo a súa dificultade.

Boa parte do esforzo de difusión e educación do Ecomuseo oriéntase aos colexios. Para isto, realizamos un envío de correo a tódolos colexios da provincia da Coruña con folletos, vídeo e textos nos que se lles informa sobre as características do Ecomuseo e as actividades que alí se poden desenvolver. Con esta mesma finalidade, así como para quen o deseñe, estase a rematar a páxina web do museo dentro da páxina do Concello de Malpica de Bergantiños. Para os colexios dispoñemos dunha guía didáctica que axuda a comprender o Ecomuseo e a vida tradicional dun oleiro. Os rapaces que pola súa estatura poden sentarse no torno, elaboran unha peza, para os más pequenos, durante a visita, prepáraselles un obradoiro de barro para que moldeen a man asistidos polo persoal do museo. Os colexios do contorno inmediato xa pasaron polas instalacións, sendo moi positiva a experiencia. Tanto para os colexios como para os grupos débese pedir cita, reservando día e hora. Deste xeito, a atención aos visitantes é a máis correcta.

Como Ecomuseo, temos produción propia, elaborando únicamente pezas tradicionais e reproducións de pezas que xa non se fan. Unha das facetas más destacadas da elaboración de pezas son as coceduras. Estas as realizamos no forno do Ecomuseo

e son unha reproducción exacta das que se fixeron no pasado. Isto é así porque as persoas que a fan son os oleiros, enfornadores, tizadores e a señora dos fumes que, aínda que están xubilados, voluntariamente colaboran nesta actividade e o fan do xeito tradicional. Este ano, o 14 de agosto, levamos a cabo a IX Cocedura Tradicional. Para os nenos, no Nadal faise unha cocedura específica, adaptada ás súas características. Loxicamente, os nenos non son capaces de cocer nun forno tradicional, pero si poden aprender o funcionamento básico dun forno. Este Nadal levarase a cabo a II Cocedura do Nadal que se fai en colaboración cos colexios do entorno.

Para rematar, amosamos o noso agradecemento ao pobo de Buño, en especial aos oleiros, pola boa acollida ao Ecomuseo. Tamén é de agradecer a forte aposta realizada pola Excmo. Deputación da Coruña e o Concello de Malpica para sacar adiante unha iniciativa destas características. O bo facer destas institucións, creando un museo coas dotacións necesarias para que o seu funcionamento sexa o axeitado estase a reflectir nuns bos resultados nas investigacións e na aceptación do público. Superar os 5.000 visitantes o primeiro ano e ter superada esta cifra este segundo ano, fala por si só.



Horario:

De martes a domingo:
Mañás: 11:00 h. a 14:00 h.
Tardes: 16:00 h. a 19:00 h.
Os luns está pechado.

Ecomuseo Forno do Forte
Forno Novo s/n - C.P. 15111
Buño - Malpica de Bergantiños
ecomuseo.fornodoforte@malpica.dicoruna.es




Cabina Virtual

Recreación 3D dos prototipos creados para o Museo "Cáceres Virtual"



Recreación 3D dunha sala do Museo de Aldea Moret (Cáceres)



Recreación 3D da maqueta da igrexa Museo de San Salvador de Palat del Rey (León)

e-burbulla

Marcos Lorenzo

Economista e antropólogo.
Director de e-burbulla S.A.

En maio de 2007 naceu a empresa e-burbulla S.A., participada pola compañía eCultura Net S.A, e os empresarios locais Vítor Belho e Pazo de Pin. O obxecto social de e-burbulla é a ideación de novas oportunidades para o desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia, a partir da imaxinación, con proxectos culturais alternativos e innovadores.

Partindo desta misión, en e-burbulla ofrecemos aos nosos clientes:

"ideas que solucionan"

No ámbito das industrias culturais, posta en valor do patrimonio, innovación turística, desenvolvemento local, moda e ocio creativo.

"ideas que comunican"

Vías de proxección á sociedade do valor de espacios culturais. Creación de imaxe corporativa e elaboración de produtos e accións promocionais.

"ideas que atraen, ensinan e divirten"

Espacios para a difusión do patrimonio cultural e natural, que transmiten coñecementos e emocións aos visitantes.

"ideas que movilizan"

Actividades que posibilitan a explotación dos recursos culturais, garantindo a súa sustentabilidade futura, así como a súa máxima rendibilidade social e económica.

"ideas que impresionan"

Innovación ao servizo da creatividade e a imaxinación no campo das novas tecnoloxías para o desenvolvemento de: deseños arquitectónicos e de interiores, deseño de mobiliario, equipamentos e recursos expositivos..

"ideas que unen e integran"

Uso de metodoloxías participativas ao servizo do deseño de políticas culturais ricas, plurais e integradoras, que xeran cohesión social e intercambios creativos, e que tenden "pontes" entre os diversos axentes que conflúen no campo da cultura (artistas, terceiro sector, mercado, administracións públicas).

Interior do Museo do Hospital Mineiro (Almadén, Ciudad Real)



Centro de Interpretación de Auga do Encoro de Proserpina (Mérida)



As nosa propostas e servicios van dirixidos preferentemente a:

- Administracións Públicas.
- Agrupacións de Desenvolvemento Local.
- Asociacións e organismos que operan nos campos da cultura e o turismo.
- Empresas que incorporan a cultura, a comunicación, o turismo e/ou a innovación como fundamento na súa estratexia de marketing.
- Empresas con departamentos de Responsabilidade Social Corporativa.

Galicia é o noso mercado referencial, e máis específicamente o sector da cultura e a creatividade aplicada ao desenvolvemento.

O sector cultural está experimentando en España e Europa tendencias alcistas que teñen o seu correlato no mercado galego. Así, e segundo o Anuario de Estatísticas Culturais 2006 do Ministerio de Cultura:

- o emprego no sector cultural ascendeu en Galicia entre 2001 e 2006 de 20.100 a 25.100 persoas (do 2 ao 2,3% do emprego total da Comunidade);
- o número de empresas culturais medrou de 2.187 a 2.925 entre os anos 2001 e 2006;
- a Xunta de Galicia ten pasado de gastar en cultura 85.326.000 € no ano 2000 a 133.378.000 € en 2004 (dun 1,33% do gasto líquido total ao 1,57%, para unha media das CC.AA. españolas dun 1,07%);
- o gasto medio por persoa en bens e servicios culturais elevouse en Galicia desde 133,4 € en 2001 ate 168 € en 2005.

A cultura é hoxe un valor en alza. A incorporación do factor cultural nas estratexias institucionais de valoración dos territorios é cada vez máis notorio. E non só como vehículo de atracción turística ou de visitantes, senón como instrumento de creación de identidade, como elemento de diferenciación nun mundo en que é preciso destacar para ser elixidos pola demanda. Tamén as empresas privadas son a cada paso máis conscientes da potencialidade da cultura na singularización dos seus produtos.

e-burbulla inscribe a súa actividade na denominada Industria Cultural e Creativa, unha industria na que os verdadeiros activos para competir non están baseados só nos recursos naturais, patrimoniais ou infraestructurais dun territorio determinado, senón por riba diso nas capacidades da súa poboación, é dicir, na imaxinación, destrezas, talento e creatividade que atesoura.



e-burbulla®



Recreación virtual
Puebla de Sanabria (Zamora)



Primer Encontro Internacional coa Sociedade da Imaxinación
Palacio de Congresos y Exposiciones (Mérida)



Espacio Móbil para a Creación Moza

www.novaxestioncultural.com

cristina@novaxestioncultural.com

alberto@novaxestioncultural.com


615.455.960

629.776.771

Novax
xestión cultural



ideas e pasión pola cultura



nova xestión cultural ideas e pasión pola cultura

Planificación, participación, profesionalización. As "tres Pes" son as que distinguen a acción cultural dunha nova iniciativa no eido da xestión: Nova Xestión Cultural.

Alberto García e Cristina González son os promotores da mesma e, en pouco tempo, xa están a colaborar con varias entidades públicas e privadas galegas nos seus procesos de deseño, planificación, implantación e avaliación de proxectos e estudos culturais.

O proxecto xorde entre 2006 e 2007 tras un proceso de análise e reflexión da realidade cultural, non só galega senón tamén observando outras formas de facer noutras zonas do planeta e noutros sectores da economía e a sociedade. "A planificación, a participación e a profesionalización son termos que non están o suficientemente desenvolvidos na xestión cultural que nos rodea". Esta é unha das conclusións ás que chegaron Alberto e Cristina, que, aínda con perfís profesionais diferentes (a a xestión cultural pública, por un lado, e a consultoría estratéxica e de negocio, por outro) son necesariamente complementarios .

"Botabamos en falta unha acción cultural más participativa e útil para a vida, que se nutrise da propia cidadanía e das súas demandas. O noso estilo de xestión é ter moi en conta o que xa existe, as dinámicas sociais que realmente definen e fan sostible un sistema cultural", afirma Alberto. "Moitas veces, vemos que existen desequilibrios entre oferta e demanda cultural e pensamos que é por unha falta de adaptación á realidade social e dunha planificación seria e meditada"

"Por outra banda", di Cristina, "tamén pensamos que fai falta unha análise pausada, mais en profundidade e auto-crítica, sobre a forma de traballar no eido cultural. Existen moitas e útiles ferramentas, que son aplicadas noutros sectores da sociedade e da economía que consideramos poderían ser moi aproveitables para o desenvolvemento da cultura galega. Pensamos ¿e se as aplicásemos nós?"

A idea empézase a escotitar e xa están a traballar para diferentes axentes culturais en Galicia, aplicando as súas propias experiencias pero sobre todo, aplicando os coñecementos especializados dun heteroxéneo grupo de colaboradores/as. "pretendemos ser un nexo, unha plataforma que poña no mercado o valioso coñecemento dunha rede de profesionais galegos da cultura".

LIBROS



Pose, H. (coord.) (2007): **As necesidades e demandas formativas dos profesionais da acción cultural pública en Galicia.** Informe. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
Resume da investigación desenvolvida por profesores e investigadores das tres universidades galegas por encargo da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia.



Segura, S. e Cuenca, M. (2007): **El ocio en la Grecia Clásica.** Universidad de Deusto: Bilbao.
Excelentemente editado, este manual repasa dende a antigüedad o devir do lecer e os tempos libres das persoas. De agradable e amena lectura, sen carecer da debida erudición.



Fumaroli, M. (2007): **El Estado cultural (ensayo sobre una religión moderna).** El Acantilado: Barcelona.
Polémico discurso pero necesario. Ven de reeditarse este ensaio que xa xerara múltiples discussóns alá por 1991. De recomendable e sosegada lectura para políticos e técnicos culturais.



Catálogo de novos creadores da Barbanza. Concello de Boiro.
O Proxecto "Leñaverde" medra e velá un novo produto da súa factoría creativa. De excelente feitura, da conta da vizosidade creadora da mocidade daquela bisbarra.



Delgado, P. (2007): **Acolhimento familiar. Conceitos, prácticas e (in)definições.** Profedições: Porto.
Manual xurdido dunha ampla investigación ao redor do acollemento familiar de cativos.



Pascual, J. e Dragojevic, S. (2007): **Guía para la participación ciudadana en el desarrollo de políticas culturales locales para ciudades europeas.** Fundación interarts, Asociación Ecumest, Fundación Europea de la Cultura: Barcelona.
Neste libro, dous nomeados expertos, exploran o marco conceptual e as teorías que están trala participación cidadá no desenvolvemento de políticas culturais locais. Tamén se pode baixar de balde do enderezo: <http://www.ecumest.ro/eng/publications.html>



Gehl, J. (2004): **La humanización del espacio público.** Reverté: Barcelona
Lecturas que se moven nas taxencias da acción cultural, sempre recomendables. Unha visión sociocultural do espazo público dende a arquitectura e o urbanismo.



Cid, X. M. e Rodriguez, X. (coords.) (2007): **A fenda dixital e as súas implicacións educativas.** Santiago: Nova Escola Galega.
Manual que recolle as achegas dun Congreso celebrado na Casa da Cultura de Silleda arredor das actuais tecnoloxías da información e da comunicación.



Prego, C.; Rodríguez, X.; Antelo, M. e Castro, M. (2007): **Análise da rede de centros do Concello das Pontes.** As Pontes: Concello das Pontes e Universidade de Santiago.
Estudo sobre da realidade demográfica e educativa do municipio coruñés das Pontes.



Rodríguez, X. (coord.) (2006): **A elaboración e adaptación dos materiais curriculares.** Santiago: Concello de Santiago de Compostela.
Actas do Congreso co mesmo título desenvolvido na cidade compostelá.



Caride, J.A.; Freitas, O.M., e Vargas, G. (2007): **Educação e Desenvolvimento Comunitário Local: perspectivas pedagógicas e sociais da sustentabilidade.** Profedições, Porto (Portugal).
Unha obra que indaga nos debates acerca da educación, a sustentabilidade e o desenvolvemento comunitario local, coas sugestivas chaves que a Pedagogía Social proporciona para a súa lectura e interpretación.



Cadaval, M. e Caramés, L. (2007): **Os municipios galegos: entre o minifundismo e a ineficiencia.** Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
Problemáticas municipais de sempre son abordadas con propostas organizativas e administrativas innovadoras.



Castro Rey, I. (2007): **Votos de riqueza. La multitud del consumo y el silencio de la existencia.** Editorial Mínimo tránsito: Madrid.
Unha obra que pode conter moitos defectos, mais talvez non o de facilitarse as cousas.



Josep Centelles i Portella: **El buen gobierno de la ciudad.** Plural Editores.
Manual con argumentos e estratexias para xestrar preitias que procuren unha administración ercal relacional.

recursos



Borrazás, X. (2007): **Arte e parte. Dos particulares á arte suicida.** Galaxia: Vigo.

Este ensaio refírese ao lector como usuario de conflicto, como problematización duns conceptos culturais tan asumidos que se converteron en paisaxe.



Andrade de Melo, V. (2007): **A Animação cultural. Conceitos e propostas.** Papirus:Sao Paulo.

Curto pero suixerente libro vido do Brasil da man dun autor que sabe moito da temática que aborda, froito da práctica e da reflexión.



Cid, X.M e Peres, A. (eds.) (2007): **Educación social, Animación sociocultural e Desenvolvimento comunitario.** Actas. Universidade de Vigo, Universidade de Tras-os-Montes. 2 volumes.

Actas do II Congreso Iberoamericano de Pedagogía Social celebradas a cabalo de Allariz e Chaves.



Observatorio da Cultura Galega (2007): **As políticas culturais nas sete principais cidades galegas.** Consello da Cultura Galega: Santiago.

Informe sobre o quefacer cultural das nosas principais cidades coordinado por Xan Bouzada.



Ortega, A. (2007): **La fuerza de los pocos.** Galaxia Gutenberg/Círculo de Lectores: Madrid.

Ensaio que nos achega chaves para entender a sociedade do século XXI dende o ollar dun coñecido sociólogo.

Formato, informa, debate e reflexiona sobre asuntos vinculados á lingua galega.



A Ruta das Pedras (2007)

Recurso didáctico de apoio á exposición do mesmo nome no parque eólico de Sotovento.

Estevan, I. (2007): **El efecto Guggenheim.** Anagrama: Barcelona.

Unha crítica directa ao modelo de implantar costosas e grandilocuentes equipamentos culturais para revitalizar zonas urbanas degradadas.

TONO, J. (2007): **Conceptos y experiencias de la Gestión Cultural.** Madrid: Ministerio de Cultura.

Escrito a modo dun manual básico para xestores culturais de equipamentos de proximidade.

REVISTAS



Revista Longa Lingua.

Publicación galega sobre lingua e sociedade que edita a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia. De atractivo formato, informa, debate e reflexiona sobre asuntos vinculados á lingua galega.



Revista Quorum

Cultura e Desenvolvemento é o tema central do penúltimo número da revista Quórum.

<http://www.revistaquorum.es/quorum-17/index.html>



Revista Periférica

Publicación de interese para o sector, editada polo Universidade de Cádiz e a Fundación Municipal de Cultura de Cádiz, en soporte papel.

<http://www.uca.es/web/actividades/periferica/index.html>



Interarts

O Observatorio interarts, unha axencia privada para o estudo e asesoramento sobre políticas culturais localizado en Barcelona, ven de renovar o seu portal electrónico.

<http://www.interarts.net>



Revista Tecnic

Unha nova revista sobre xestión cultural da Comunidad Valenciana.

<http://www.revistatecnic.net/>

INTERNET



Portal do Observatorio de Políticas Culturais Urbanas de Gales na Universidade de Glasgow (Escocia), de interese para responsables políticos e técnicos das cidades.

<http://www.gla.ac.uk/ccpr>



Práticas de Animação

Número 0 da Revista Práticas de Animación, revista do ámbito da Animación Sociocultural en Portugal.

<http://revistapraticasdeanimacao.googlepages.com>



Empuje

Portal web de contracultura en Galicia.

<http://www.empuje.net>



Das funcións sociais e dos novos espazos profesionais para as artes escénicas en Galicia.

Caride, J.; Gradaílle, R.; Vieites, M. e Pose, H. (coord.): Das funcións sociais e dos novos espazos profesionais para as artes escénicas en Galicia. IGAEM: Santiago de Compostela. Informe dunha investigación sobre as múltiples posibilidades das artes escénicas como recurso de intervención social e das súas diversas potencialidades como xacemento laboral.

<http://www.igaem.xunta.es/documentacion.php?lg=gal>



Art-Signal

Revista dixital de arte.
<http://art-signal.com/es>



Dardo Magazine

Revista cultural dixital de arte.
<http://www.dardomagazine.com/castellano/dardo.html>



Uzzina

Creativa resposta social que procura dinamizar a formación de públicos para a literatura, o teatro e o cine en Porto (Portugal).
<http://www.uzzina.org>



Socialmente Responsable

Portal dedicado a informar e promover iniciativas de Responsabilidad Social Empresarial en España. Actúa como plataforma para aquellas empresas interesadas en aplicar boas prácticas sociais, medioambientais e de goberno corporativo.
[http://www.socialmenterespnsable.com/](http://www.socialmenterespponsable.com/)



Asociación Sociocultural Arrédemo

Un novo portal de comunicación ao servizo da información independente e da dinamización do tecido sociocultural galego da Asociación Sociocultural Arrédemo.

<http://www.arredemo.info>



Educación para a acción crítica

Educación para a acción crítica é unha asociación sen ánimo de lucro que practexa un traballo de acción participativa en rede.

<http://www.edpac.org>

e-cerc

Butlletí de gestió i política cultural do CERC.

Novidade e de suscripción de balde, informa sobre noticias, cursos, publicacións no sector cultural.

<http://www.diba.cat/bulletins>

A Torre do Castro nº1

Primeiro número da revista cultural do Concello de Sandiás (Ourense).

<http://www.sandiás.es>

interea visual. NORMAS PARA A ADMISIÓN DE COLABORACIÓNS

1. A extensión máxima dos artigos presentados para a revista non poderá exceder en 3 páxinas, en DIN A4 numeradas, sobre espazo, en caracteres Times New Roman, incluídos gráficos, cadros ou bibliografía. As imaxes entregaranse por separado indicando con claridade no texto o lugar en que deben ser incluídas. Xunto a unha copia impresa en papel, enviarase outra en disquete de 3,5 pulgadas, preferiblemente no programa WORD para PC. Na presentación do traballo non se utilizarán tabuladores e sangrías, evitando en todo momento, unha maquetación previa deste, responsabilidade dos editores de *interea visual*.

2. Cada traballo debe ir acompañado duna páxina que conteña o título do traballo, nome completo do autor/a ou autores/as, centro de traballo, enderezo completo.

3. Para as referencias bibliográficas, os autores mencionarán en texto o apellido do autor, data e páxina, con remisión a unha bibliografía final das obras citadas, sexan libros (Brook, 1993, 32) ou publicacións periódicas (Pérez Rasilla, 2001, 45).

Brook, P. (1993): There are no secrets, London, Methuen Books.

Pérez Rasilla, E (2001): "¿Somos tan malos os críticos?", Revista Galega de

Teatro 28, Cangas do Morrazo, pp.44-46

4. Os autores/as poden utilizar notas a rodapé en función das necesidades de exposición, pero as referencias bibliográficas seguirán sempre a norma anterior, incluíndo o apellido ou apelidos do autor/a, ano de publicación da obra e páxina ou páxinas se fose o caso. No caso de varios traballos nun mesmo ano, utilizaranse letras para diferenciala (Brook, 1993^a, 1993b). Na bibliografía final tamén se incluirá a mesma letra.

5. As citas, cando sexan curtas, irán incluídas entre comiñas no corpo central do texto, precedidas igualmente da referencia bibliográfica (Brook, 1993, 12-13).

6. Os artigos que non reúnan estes requisitos, serán devoltos aos seus autores/as para a súa adecuación ás normas de edición da revista.

7. Os orixinais recibidos serán sometidos a revisión, cando menos, por dous avaliadores do Consello Científico-Asesor, en función dos seus coñecementos sobre a materia de que trata o traballo, garantíndose o anonimato de todos eles. A aceptación definitiva dos materiais depende do Consello Científico-Asesor de *interea visual*.

8. Os traballos enviaranse ao enderezo da revista: *interea visual*, Facultade de Educación, Despacho PB08, Campus Elviña, 15071 A Coruña. Tel: 981 167 000 ext. 1897.



interea visual
tamén en formato dixital:
www.dicoruna.es/cultura/interea

